36 abril
maio
xunio 1972

GRIAL



R. CARBALLO CALERO: A liña do galego literario.

F. GUMERSINDO PLACER: Un subtema rosaliano. O suicidio.

NICOLÁS TENORIO: La aldea gallega.

M. C. GARCÍA MARTÍNEZ: Encol da organización político-social da *antiga Galicia*.

X. MARIÑAS DEL VALLE: Loucura e morte de Peregrino.

XULIA DÍAZ SIXTO: Leria con Ramón Piñeiro.

XOAN XULIO ALFAYA: Dostoievski e a crise da sociedade patriarcal.

VIGO

GRIAL
REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 36 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1972

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

A liña do galego literario, por RICARDO CARBALLO CALERO 129

Un subtema rosaliano: O suicidio. Comentario encol de "As Torres de Oeste", por FR. GUMERSINDO PLACER 138

La aldea gallega, por NICOLÁS TENORIO 158

Encol da organización político-social da antiga Galicia, por MANUEL CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ 168

ESCOLMA

Loucura e morte de Peregrino, por XENARO MARIÑAS DEL VALLE 179

PENEIRA DOS DÍAS

Leria con Ramón Piñeiro, por XULIA DÍAZ SIXTO 197

A creación da muller no Xénesis: Un estudo feminista, por M.ª TERESA BARROS 202

Dostoievski e a crise da sociedade patriarcal, por XOAN XULIO ALFAYA 207

Prólogo a "O despertar da fe e o seu desenrolo..." de E. Vidal, por A. TORRES QUEIRUGA 213

Un gran dibujante gallego, Alfonso R. Castelao, por JOSÉ FRANCÉS 215

Tolería pra unha desmitificación, por MARÍA XOSÉ QUEIZÁN 219

Historias da miña terra, por MARÍA SILGAR 222

Mostra do libro galego en Cataluña 236

LIBROS, por *X. Landeira, S. Lorenzana, X. L. Fernández Castro, X. M. R. P., X. R. F. O., R. P., A. L. e María-Camiño* 240

O REGO DA CULTURA 251

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

A LIÑA DO GALEGO LITERARIO

I

LINGUA OFICIAL E LINGUA DIALECTAL

Unha lingua que non posee unha forma canonizada administrativamente, vive sempre nun estado de fluidez máis ou menos dialectal. É o dereito, é decir, a norma xurídica, dotada de coercibilidade, a que en definitiva calla o feitío da fala nunha versión oficial. É o poder político o que en definitiva fixa a norma lingüística. Pouco importa que a modalidade triunfante teña outido prestixio por razóns culturáis, como é o caso do toscano. Se o toscano é hoxe o italiano, débese non só á sona atinxida polo dialecto en que escribiron os grandes florentinos do trescentos, senón tamén á aceptación daquel dialecto como espresión oficial da administración pública. Este reconocimento oficial confire a unha forma lingüística a condición de non dialectal, mentras que calquer outro tipo de fixación, aínda fundado nunha autoridade social, como é o caso do catalán moderno, está esposto a toda clase de contestacións e proídos heterodosos. O dominio do social é por natureza incerto, porque a norma social non é esixibre coactivamente; a norma xurídica é precisamente unha norma social que ten acadado a protección do poder político, que se caracteriza pola súa capacidade de garantizar o comprimento da mesma norma.

Naturalmente, este cadro é esquemático. Pode ocurrir que o poder político practique verbo da lingua unha política liberal, é decir, que non interveña na vida do idioma. Serviráse, entón, da fala utilizándoa no estado dialectal en que se atope, mesmo sin ningunha vontade de coerencia. Pero tal postura é inestábel. O poder político é un elemento ordenador, e pola súa natureza tenderá á poñer orde na lingua en que se esprese. Xurde así unha lingua chancelaresca, que, sin ser de primeiras obrigatoria máis que para a administración pública,

acaba por convertirse en lingua padrón de toda a sociedade, porque é a lingua empregada nas esferas que representan a soberanía política. Nos Estados modernos, cada vez máis intervencionistas, é inconcebíbel unha neutralidade idiomática. A masa dos cidadáns, que non pode permitirse o luxo de poseer ideas lingüísticas propias, acepta como lingua padrón a lingua oficial, xeralmente custodiada por un organismo académico creado polo Estado, e considera dialectal toda manifestación lingüística diverxente, que non está protexida pola autoridade do goberno.

II

GALEGO ESCRITO E GALEGO FALADO

O galego, ate o século XVI, foi en Galicia a lingua da administración pública, nun momento en que o Estado máis ben tomaba a lingua da sociedade, que trataba de fornecer á sociedade unha lingua. Os derradeiros documentos notariáis en galego son da época de Carlos I. Desde aquela, o galego deixa de ser non só lingua oficial, senón mesmo lingua escrita. Agás casos pouco sinificativos, aínda que moi interesantes para o filólogo, non podemos falar de lingua escrita ate o século XIX. En realidade, unha literatura estábel non calla en Galicia antes de mediados dese século, e mesmo a lingua escrita é entón somente unha lingua literaria. Como lingua coloquial, o galego non se escribe. Hoxe mesmo, o labrador, que ordinariamente fala en galego, escribe as súas cartas en castelán, porque en castelán foi alfabetizado.

De todos xeitos, actualmente esisten en galego os dous rexistros normáis de toda lingua moderna: o coloquial e o literario. A distancia antre eses dous rexistros é, naturalmente, variábel, a consecuencia das vicisitudes da tradición cultural en cada país. Hai unha distancia másima, que pode comprometer a intelixibilidade polos falantes vulgares dun testo na lingua literal. É o caso de moitas linguas orientáis, como o xaponés, e mesmo o árabe. E hai unha distancia mínima, que se dá nôs comenzos literarios, cando a lingua literaria non pode ser outra cousa que a plasmación gráfica da lingua falada.

Vexamos cál ten sido a situación do galego polo que a este particular se refire.

III

O GALEGO ANTIGO

Na época medieval o galego aparez para nós esclusivamente como unha lingua escrita, primeiramente baixo a forma de galego-portugués; máis adiante, como unha forma arcaica do galego actual, ben que, en realidade, as diferencias que Leite de Vasconcelos e outros autores teñen rexistrado an-

tre esa lingua e o portugués son de validez dubidosa, pois como di Huber, e dantes del Diez, as palabras que nos documentos de Lugo incluidos na "España Sagrada" poideran ser rexistrados como algo especial ("el" por "ele", "puge" por "puz", "fezo" por "fez") ousérvanse tamén en documentos e leis puramente portugueses. Somente a diversidade de destino político puido co tempo formalizar unhas diferencias que foran denantes formas preferenciáis simplemente.

Aínda que non conozamos o galego falado senón ao traveso dos testos escritos, podemos afirmar que había unha grande prosimidade antre a lingua coloquial e a literaria na Edade Media, especialmente se consideramos a lingua da prosa galega serodia. No idioma trovadoresco esistían provenzalismos e galicismos lésicos e sintácticos que nunca penetraron na fala popular, e que non se perpetuaron na literatura, unha vez estinta a tradición occitanizante: así "sen" 'senso', "drudo" 'amante', "fiz" 'seguro', "folía" 'tolemia' (pero temos "foliada" 'diversión animada'); e distintos xiros e construccións.

Polo que se refire á lingua dos poetas da escola galego-castelá, non hai dúbida que difería moito da fala coloquial dos galegos da época, pois é, en certo modo, unha lingua creoula, é decir, unha lingua de colonización, ben que literaria, que se desenrola fora da base xeográfica onde se formóu, e se destina a xentes non galegas. O público desta poesía era o cortesano dos Trastámara, e a maior parte dos poetas non eran galegos. Os casteláns trovaban en galego como noutrora trovaran en provenzal [1]. Era a moda. Pero este galego literario era, en realidade, un galego-castelán, que se aprendía nos escritos e non de viva voz. Era, pois, unha lingua escrita e non falada no círculo do seu cultivo. Xa se ten insistido no carácter híbrido e convencional desa lingua [2]. Debe considerarse superada a postura de Lang, que se empeñóu en correxir castelanismos que creía erros de copia. Este galego da lírica serodia é un galego para casteláns, como o francés dos xograres épicos do norde de Italia é un francés para italiáns. Non só o lésico é misto, senón que a estructura fonética do galego está modificada. Ate onde podemos xulgar polas palabras rima, o sistema vocálico non é o do galego, senón o do castelán. Mesmo poetas galegos, como Macías, aceptan interferencias do idioma de Castela na súa propia lingua. Desde un punto de vista galego, a lingua de Villasandino é unha fala marxinal, provinciana, mesturada coa lingua que falan os que escriben nese galego.

IV

O GALEGO MODERNO: PRIMEIRA FASE

Pasemos ao galego moderno. Hai unha etapa, antre Renacimento e Renacimento, desde o século XV ao século XIX, na

que o galego sofre unha grande transformación. Afástase definitivamente o galego do portugués. O galego perde case totalmente a nasalidade vocálica fonolóxica. Perde tamén as consoantes sonoras *-z-* e *ž;* interdentaliza en parte do dominio a africada alveolar, que se convirte nunha fricativa xorda. Conserva en troques a africada palatal xorda *š*, e mantén sin palatalización o *s* implosivo. As vogáis átonas non acusan a estrema relaxación que se ouserva no portugués quiñentista. En fin, a fonética galega aprosímase á castelá, lingua ésta derradeira que presiona cada vez máis no lésico, na morfoloxía e na sintase sobre o galego. Polo que ao lésico se refire, ao cesar prácticamente o galego de ser lingua escrita, tanto literaria como tabeliónica, perde todo o seitor relativo ao campo do dereito público, que é ocubado pola lingua oficial. Persiste o vocabulario galego que fai referencia á vida máis elemental, máis encostada na natureza; pero as realidades novas non promoven novas espresións galegas Os neoloxismos do galego son castelanismos. O galego é unha lingua atuada que conserva no fundamental a súa estructura, pero cuio lésico empobrécese ou encórase. Non xermola xa en gromos de primavera. A renovación inevitábel maniféstase en inxertos continuos do castelán.

Apenas podemos falar de distancia maior ou menor, nesta época, antre lingua coloquial e lingua literaria. Ésta non esiste realmente. A lingua escrita dos galegos é agora o castelán. Cando esporádicamente se escribe o galego, escríbese como se fala. A conciencia dunha lingua literaria galega como algo distinto da lingua coloquial tense perdido totalmente, e non vai ser recuperada ate os tempos de Pondal.

V

O GALEGO MODERNO: SEGUNDA FASE

A esta primeira fase do galego moderno —séculos XVI, XVII e XVIII—, caracterizada pola desaparición da lingua literaria, segue unha segunda que se caracteriza pola restauración da mesma. Hai agora de novo unha literatura galega. Hai unha conciencia de que o galego pode ser unha lingua literaria. A posición dos escritores do século XIX frente ao idioma é moi distinta da que adoutaron os escritores do século XVII. Para éstes, escribir en galego era unha curiosidade. Tanto na poesía humorística —a máis abondante— como na seria, o celme, o engado estaba no esceicional do emprego do galego. Os escritores do Renacimento propugnan un cultivo normal do galego; e esta normalidade houbera destruido o efecto pintoresco percurado nos séculos anteriores.

VI

A CONFIGURACIÓN DA LINGUA LITERARIA

Pero os restauradores da lingua literaria no século XIX teñen prantexado o problema da configuración da lingua literaria, problema que interesa moito en canto ás relacións antre lingua falada e lingua escrita nas que vimos nos ocupando.

Aínda que os distintos individuos teñen resolto ou orientado o problema da propia lingua literaria segundo particulares criterios, de xeito que hai opinións progresivas e opinións regresivas, prescindindo de posturas —sempre esceicionáis— anticipatorias ou reaccionarias, podemos distinguir dous momentos na restauración da lingua literaria en Galicia, empresa encetada, como dixemos, no Renacimento romántico.

No primeiro momento, os escritores limítanse a poñer por escrito a fala da súa localidade. Carecen de modelos literarios. Son primitivos. Teñen que comenzar por escribir o galego que se fala. E como o galego que se fala, é decir, o galego dialectal, é, por definición, variábel, deciden aterse á norma que lles é máis conocida, ou sexa, a norma da propia fala local. Esta práctica chegóu a ser formulada teóricamente na forma en que acabamos de espoñela —canto aos conceitos, senón canto ás palabras— por Xesús Rodríguez López, o popular escritor lugués, autor de "O chufón", "A cruz de salgueiro" e "O bico". A postura, pois, dos escritores deste momento non difire da dos cultivadores do galego nos séculos anteriores, a partir do XVI, verbo da lingua empregada. A diferencia está na mentalidade con que esa lingua se emprega. Pedro Vázquez de Neira, ou Martín Torrado, ou o mesmo Diego Cernadas de Castro tiñan a gala e bizarría escribir de cando en cando en galego, pero non se pode decir que tivesen conciencia dunha nivelación literaria do galego co castelán. En troques, os autores que figuran no "Album de la Caridad", máis que escribiran nunha lingua tan dialectal como a dos poetas das "Exequias de la Reina Margarita" e as "Fiestas Minervales", estaban animados por un propósito de reivindicación do idioma. Tiñan, pois, unha política cultural, unha política idiomática, e esta política consistía mesmamente na desdialectalización do galego, aínda que de momento utilizaran un galego dialectalizado.

Os poetas das "Exequias" e das "Minervales", e o mesmo Cura de Fruime, non soñaban con devolver ao galego o rango literario que poseera noutros tempos. Aqueles escritores mesmo ignoraban que o galego houbera atinxido tal rango endexamáis. Pero os escritores do século XIX profesaban o rexio-

nalismo idiomático, tiñan unha idea, máis ou menos confusa, dun pasado grorioso do galego, moitas veces mitificado. Utilizaron ao principio a fala dialectal porque non dispuñan dunha tradición literaria positiva; pero xa en Pintos se manifesta espresamente, non só a conciencia da unidade do galego, senón a da necesidade dunha política lingüística de unificación. Con Pondal pódese considerar encetado o segundo momento da fase de restauración da lingua literaria: o momento en que se pretende escribir non nunha lingua dialectal, senón nunha lingua común; non nunha lingua espontánea, senón nunha lingua dirixida. Agora comenza a agrandarse a distancia antre galego coloquial e galego literario, que dantes era nula pola utilización como galego literario do galego coloquial. Pero desque unha lingua se escribe, iníciase a separación da lingua escrita da lingua coloquial. Estaba na deriva do fenómeno a superación do carácter dialectal da lingua escrita. Ésta tende á fixación, á uniformidade, frente á liberdade da fala. Non amparada na coerción ou o prestixio da condición de lingua administrativa, o proceso de formación e unificación do galego literario moderno non pode precipitarse. Tampouco houbo durante moito tempo un desequilibrio no cultivo das modalidades xeográficas que inclinara decididamente a balanza en favor dunha delas. Pero todo está cambiando rápidamente na actualidade. Hoxe maniféstase craramente a constitución dunha *koiné* literaria que se nos presenta como un compromiso antre as dúas formas máis estendidas do idioma: o galego "lucense" e o galego "iriense" [5]. A aportación do primeiro é máis ben fonética; a do segundo, máis ben morfolóxica. Proscríbense o seseo [4] e a gheada [6]; acéptase a solución *-an* do sufixo nominal -ANU e o grupo *-ns* no plural [6]. As razóns que históricamente xustifican estas solucións son dunha parte a tradición, se cadra moderna, segundo a cal o seseo, e sobre todo a gheada, eran fenómenos fonéticos fortemente vulgares e ruráis, especialmente o segundo, que además se consideraba desnaturalización ocasionada polo adstrato ou superestrato castelán; de outra parte o feito de que, xa nos nosos tempos, a morfoloxía do galego "iriense" adquiríu superior prestixio literario porque é a utilizada, en termos xeráis, por unha suma tan importante de escritores como a representada por Rosalía de Castro, Marcial Valladares, Antonio López Ferreiro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Alfonso Rodríguez Castelao, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio Pérez Sánchez e moitos outros. As "normas" da Academia Galega aceptaron esta morfoloxía. De xeito que semella consolidada como canónica, dentro das previsións razonabeis. Menos seguro é o porvir de outras solucións que tenden a imporse no

galego literario, como a restitución do -L- ante o morfema de plural *-es* [7]. En todo caso, e aínda que moitos aspectos da evolución da lingua literaria son imprevisibeis, é indudábel que hoxe, por primeira vez, se perfilan con suficiente craridade as liñas maestras dun galego común.

RICARDO CARBALLO CALERO
Santiago

NOTAS

[1] A máis antiga poesía lírica cortesana escrita por un castelán da que teñamos noticia, é a daquel Gonzalo Ruiz mencionado por Peire d'Alvernha nel *vers* "Chantarai d'aquestz trovadors". Gonzalo Ruiz, o mesmo que o aragonés Pedro de Monzón e o lombardo Cassidente, trovaban sin dúbida en provenzal, como o resto dos trovadores cuios nomes figuran no citado testo. Unha escola trovadoresca en castelán non se perfila senón serodiamente, como unha prolongación da decadente escola galego-castelá. Nesta época primitiva os testos líricos en castelán que se poden escolmar, ou son de dubidosa autenticidade, ou presentan carácter paródico, ou ofrécensenos isoladamente; en todo caso non acretan unha tradición. Así, constituida a escola galego-portuguesa, leoneses, castelláns e aragoneses aceitaron a lingua e a técnica da mesma para a propia espresión lírica. O galego, máis semellante aos seus dialeitos nativos que o provenzal, e moi próximo ás falas mozárabes, foi o español literario centro-occidental no que á lírica culta se refire.

[2] Lapesa ten estudado con craro criterio os problemas da lingua da poesía lírica centro-occidental desde Macías a Villasandino.

[3] Empregamos estas denominacións para designar dunha maneira que apunte, anque sin precisión, á xeografía lingüística, dúas formas de galego que contrastan principalmente porque a primeira é "ciceante", é decir, posee os fonemas /ŝ/ e /Ø/, e a segunda é "siseante", ou sexa, posee un só fonema /s/ en troques dos dous citados anteriormente. Moralejo vencellía a división do galego en oriental e occidental coa división eclesiástica de Galicia. O galego oriental estaría determinado polas dióceses de Lugo, Mondoñedo e Ourense, e o galego occidental polas de Iria Flavia (Santiago) e Tui. Tomamos os nomes das dúas dióceses máis importantes para designar as respeitivas modalidades dialéctáis, pero referíndonos sobre todo, como dixemos, ás isoglosas que reflexan as solucións fonéticas indicadas; de xeito que os nosos galegos "lucense e iriense" non coinciden máis que parcialmente cos galegos "oriental" e "occidental".

[4] Coidamos que se debe entender por seseo a situación fonolóxica resultante da desafricación dos fonemas /ŝ/ e /ẑ/, sulesores de *k* palatalizada latina ci ou ti, e subseguinte confusión cos mesmos dos resultados de *s* latina. En Galicia non se sostivo, por insuficiencia do marxe de seguridade, un *ś* apical a carón dun *s* predorsal. O *s* predorsal impúxose, e temos a Galicia "siseante" da zona suroccidental. Pero na maior parte de Galicia, a solución foi outra. Mantivéronse distintos o antigo *s* predorsal e o antigo *ś* apical, non conservando os seus respeitivos puntos de articulación, como no norde de Portugal, senón interdentalizándose o primeiro, convertíndose en "ciceante". É a solución do galego central e oriental, idéntica á do castelán, pero non necesariamente derivada déste, senón seguramente resultado dunha evolución interior paralela. Da zona occidental temos que segregar a parte norde, que desconoce o *s* predorsal suroccidental e emprega tamén o *s* alveolar, porque asimesmo interdentalizóu a antiga africada. No galego noroccidental non hai seseo, pois, se ben o *ś* e o *Ø* se neutralizan en posición implosiva, sendo o arquifonema idéntico á alveolar, o fonema *Ø* aparez noutras posicións. Esta tendencia á neutralización daqueles dous sonidos, en beneficio do *ś*, está dabondo xeneralizada na Galicia "ciceante".

[5] A gheada é un dos fenómenos fonéticos galegos que marcan máis nidiamente zonas dialectáis. Para nós consiste nunha fricativización do fonema /g/ que chega á aspiración. É unha consecuencia da relaxación da articulación, que fai que o sonido que se percibe sexa o producido polo ar que pasa ao través da glotis. Que unha grande parte de Galicia desconoza a gheada, pode esplicarse por razóns de sustrato máis satisfactoriamente que por razóns de superestrato. Un sustrato precelta ou celta e un sustrato astur ou preastur poderían determinar a distinción dialectal, mentras que un superestrato ou adstrato castelán uniforme máis ben determinaría, a igualdade de variantes, unha uniformidade na interpretación do préstamo, o que está

en desacordo cos feitos. Por outra parte, fora de algúns illotes no galego oriental, a gheada maniféstase na zona máis alonxada de Castela. Tería que entrar a influencia por vía marítima. Frente á gheada como fenómeno de sustrato é a gheada como fenómeno de adstrato, temos á interpretación da gheada como fenómeno de estrato; é decir, producido pola mecánica interna da fonética do galego. A gheada sería simplemente unha consoante aspirada que en certas zonas de Galicia fora a realización normal do fonema que noutras se realiza sin aspiración. Na Romanía hai moitas consonantes deste tipo. Pero, desde logo, non hai que saír de España para ouvilas. Nós temos ouvido pronunciar o *g* con aspiración, ás veces combinada con nasalización, a falantes españóis non galegos, por exempro, asturianos e mallorquines. Se falaran galego, eses suxeitos serían considerados falantes do galego de gheada.

Se refugamos a teoría do adstrato, podemos admitir que a gheada é antiga en Galicia. A mención espresa máis antiga das conocidas do fenómeno, como un dialectalismo contrario á norma, é a de don Mariano Cubí, que en 1847 rexistróu o feito. Os que piden testemuñas da súa existencia nos documentos medievais, esquecen que opóndose [*gh*] a [*g*] esclusivamente, un só signo podía representar as dúas realizacións do fonema nas distintas zonas. Creemos ter datado en 1697 o primeiro caso seguro de gheada, rexistrado cun *j* castelán, que xa soaba velar daquela. Non pode suporse moi anterior a incoación do fenómeno polos que o consideran castelanismo, xa que, segundo eles, é ese novo sonido castelán o que, mal imitado, produz a gheada. Pero ningunha palabra que teña *j* en castelán pasóu a galego con *gh*. Os castelanismos do galego presentan [š] por[*j*]: *conexo, partira, manoxo.*

A lingua literaria rexeita en xeral a gheada, que considera vulgarismo e castelanismo. Pero un galego escrito de gheada insinuóuse en Mirás. A escola de Murguía esmagóu esa tendencia popularista. A literatura galega, neste aspecto, optóu decididamente polo galego "oriental".

[6] Consideremos brevemente desde o punto de vista dialectal este dous importantes rasgos de carácter morfolóxico (ou morfofonético).

O máis interesante é o resultado do sufixo etimolóxico -ANU.

A solución máis arcaica, o diptongo *-ão*, como en portugués, anque manténdose máis aberto que neste idioma o timbre da vocal asilábica, áchase no estremo oriental do dominio, no galego de Ancares.

A rentes da fronteira co leonés achamos *-ano*, que como a conservación do -L- intervocálico, é forma lingüística emprestada.

Fora destas singularidades, todo o galego oriental e central presenta *-ao*, debendo ser considerado *-au* como unha mera variante fonética sin independencia fonolóxica.

A solución occidental ou atlántica é *-an*, desnasalizada en *-a* no norde da zona.

O femenino -ANA está representado por *-a* no galego oriental, central e noroccidental, e por *-an* no suroccidental. De xeito que, en xeral hai distinción *-ao/-a* no centro e oriente de Galicia; pero non no occidente, que carez de dimorfismo secsual. Secomasí, hai lugares onde se dan as inflesións *-an/-a, -ao/-an*, encravados en zonas de transición.

Outro rasgo morfolóxico dialectal interesante é a conservación ou desparición do *-n* final na formación dos pluráis.

Aínda que a Acadamela Galega, o Instituto da Lingua e o galego literario máis moderno teñan adoptado a solución que mantén o *-n*, esta solución, que o insino do galego propaga, é dialectalmente minoritaria, esclusiva do galego suroccidental, que tamén conserva o *-n* no sufixo -ANU. Anque se teña por máis vulgar actualmente, a maior parte dos falares galegos eliden o *-n* no plural.

[7] Canto á formación do plural das palabras rematadas en *-l*, as formas dialectáis enxebres son dúas. A máis arcaica, coincidente co portugués, na franxa oriental: *corráis;* e a máis evolucionada, no resto:*corrás*. Pero hoxe estas solucións tradicionáis están moi perturbadas pola influencia do castelán. Na zona centro-occidental persisten na forma xenuína certas verbas herdadas de uso ininterrumpido; pero as formas castelás son as que hoxe teñen verdadeira vitalidade. É decir, que o sufixo productivo é hoxe *-les*. Na zona oriental, a flesión tradicional amósase máis resistente. As formacións de tipo *frols*, que algúns tratadistas consignan, e que se atopan en Rosalía, non son formas auténticas, senón simplemente as castelás pronunciadas con relaxación do *-e* do morfema. Fonolóxicamente non esisten. Son simples realizacións idiolectáis dos pluráis de tipo castelán.

UN SUBTEMA ROSALIANO: O SUICIDIO
COMENTARIO ENCOL DE "AS TORRES DE OESTE"

A poesía de Rosalía de Castro é xenial e intimista; leva esencia e camiños da súa vida, e, canto máis avanzamos na súa leitura, tanto máis arriscado se fai sistematizar o seu pensamento. O que non podemos é esquivar os conflitos que deita, ou que mana, a súa pruma. Por exempro, cada vez que se lée a Rosalía, sexa no verso, ou na prosa, non se pode pechar os ollos cando fala do suicidio. Sería demasiado barato poñer o grito no ceo, ou escandalizarse por dito tema.

É necesario fixar a atención no interés dramático que ela lle concede. Por iso, deixando de lado calquer ideia de esteticismo lírico, imos bucear no seu pensamento. O resultado non pode ser máis craro: Rosalía invoca o suicidio como unha liberación.

Fai casi dez anos, un cura poeta, don Faustino Rey Romero, que acaba de falecer, deu unha conferencia no Ateneo do Ulla, que tivo lugar no Hotel Balneario de Catoira, e, a base de un estudio sobor da poesía *As Torres de Oeste,* formulóu a hipótesis de un intento de suicidio por parte da poetisa. (*Cf.*: *"Faro de Vigo", I agosto* 1962, *p.* 7). Anos máis tarde, María Antonia Nogales de Muñiz, despóis de estudar as circunstancias vitales e sociáis de Rosalía, di: que "nada puede sorprendernos el afirmar que nuestra poetisa posea, en cierta manera, la metafísica de la desesperación, y que, como Goethe, traslade a sus personajes su propia personalidad de suicida". (*Cf.*: *"Irradiación de Rosalía de Castro.—Barcelona,* 1966", *pp.* 107-115). Un ano despóis, Costa Clavell, que fai de Rosalía a musa do desespero, das tebras e da nada, chega a afirmar: "Posiblemente tan solo su admirable ética le impidió a Rosalía ceder a la tentación del suicidio que más de una vez la asaltaría en sus horas negras". (*Rosalía de Castro.—Barcelona,* 1967", *p.* 177).

ANTECEDENTES

Agora non é tempo de contradicer as opinións dos demáis, nin de espoñer as ideias teolóxico-morales de Rosalía, pois xa o fixen eu nunha longa serie de artigos, no xornal DIARIO DE PONTEVEDRA, empezada o 14 de setembro de 1969. Agora o que interesa, dado que o nudo da custión está na poesía *As Torres de Oeste,* é saber si hai pensamento rosaliano anterior a ela. E, non falta. Pra levar algún pran, vamos seguir o cronolóxico. A devandita poesía figura casi ao final de FOLLAS NOVAS, anque poido ser feita en calquer tempo, mesmo diante das novelas en prosa. Agora ben, FOLLAS NOVAS apareceron en 1880, con moito retraso ás novelas, as cuais foron saíndo eisí: LA HIJA DEL MAR, en 1859; FLAVIO, en 1861, e EL CABALLERO DE LAS BOTAS AZULES, en 1867. Si acertamos a probar que nelas hai tex-

tos que acollen, desenrolan e describen o suicidio, podemos deducir: primeiro, que a "negra sombra" do suicidio é un dos seus temas, ou subtemas, literarios; e, segundo, si *As Torres de Oeste* teñen valor autobiográfico, non hai máis remedio que ademitir que a musa padronesa pasóu por un ramo de locura, que a levóu a unha morte frustrada.

No remate de LA HIJA DEL MAR, Esperanza, protagonista da novela, sinte a fadiga de seguir vivindo; non está louca, pero sofre a soedade que a apreixa e afoga; acordándose da súa nai, a quen presume morta, pídelle que se acorde dela diante do trono de Deus; e logo tírase ao mar, en craro suicidio. "Un ¡ay! prolongado y lastimero, último acento que lanza el moribundo al despedirse de este mundo, un ¡ay! desgarrador nacido de las esencias más amargas y de los pesares más intensos, fue a perderse entre el ruido del mar, y al mismo tiempo un cuerpo humano flotó entre las espumas, dejando un círculo sombrío en aquel remolino de aljófares". (*Cf.*: "*Rosalía de Castro. — Obras completas. — Ed. de V. García Martí. — Madrid*, 1955", *p.* 1.368. Citaréi sempre por esta edición).

"Las olas arrojaron a la playa un cadáver", dínos a rengrón seguido; e a praia viña a ser un areal do mar do Rostro, na brava costa de Fisterre. Non no mar, sinón en augas de río, quixo pór fin á súa vida Flavio, o protagonista da novela do seu nome. Flavio, esborrallado polo abandono de Mara, sin ánimo pra erguerse do seu desfalecemento, caíu na desesperación, e, con lóxica de tolo, pidéu perdón a Deus, razoando ser pecado asesinar a outros, pro non quitarse a vida un a sí mesmo. Veleiquí o seu drama, pintado por Rosalía con datos de xeógrafo, detalles de artista, e minuciosidade de policía no refeito de un crime pasional; sin que falten pinceladas de humorismo e de sarcasmo. Flavio "se adelantó hacia la orilla, como cediendo a la fuerza interior que le mandaba vivir... Pero retrocediendo luego de improviso, se arrojó como un loco a merced de la rápida corriente. Su cuerpo apareció momentos después en medio del ancho río, luchando con la muerte... pero por su fortuna, un joven desconocido, lanzándose entonces al río y nadando vigorosamente, logró alcanzarle cuando iba ya a sumergirse para siempre; le agarró por los cabellos, y... le puso en salvo". (*Flavio, pp.* 1.131-1.133).

Outro persoaxe de Rosalía, suicida fracasado, é a linda Mariquita, de *El caballero de las botas azules*, novela pubricada, según dixemos, o ano 1867. Esta rapaza casadeira non estaba dacordo co noivo que lle buscaran seus pais, e levada dun fondo desencanto, desexaba a morte como unha liberación. Vivía preto das sacramentales, nun barrio de Madrid, e adoitaba ire polo cimeterio, acomplexada por ideias de morte, porque a dor minaba por enteiro o seu esprito. Un día que o sepultureiro abría unha cova, esperóu a que se fose, e, nin corta, nin priguiceira: "Fue de ver entonces, como esta criatura presa de un melancólico frenesí, saltó con extraña alegría en el fondo de la sepultura y se tendió allí cuan larga era". (*El caballero, p.* 629). Eisí deitada, a rapaza pensaba nunha morte incerta: "¡Oh, qué bien me encuentro de este modo! Si pudiese ahora dormir, y el señor Blas —(o enterrador)—, creyéndome muerta, me cubriese con la húmeda tierra, ya no volvería a oir los gruñidos de mi tía, ni a ver la triste figura de Melchor... y la pena que siento no me lasti-

maría más el corazón". (*Id., p.* 629). Tampouco niste caso veu a morte, pois, descuberta polo duque da Gloria, veuse obrigada a erguerse, e fuxir avergoñada pra o seu lar.

Inda era xoven Rosalía cando escribéu as novelas devanditas, e amostra xa na súa literatura o motivo angurioso e obsesionante do suicidio, tanto físico, como moral. Dá siñal de se ter fixado nas miserias da vida, e que —o que é pior—, manifesta que ela mesma está de volta dos desenganos do mundo. Veremos tamén, que lle foi mester moito coraxe, e moita fe en Deus, pra sobardar ou vencer as propias coitas.

O SUICIDIO EN "FOLLAS NOVAS"

Nos libros poéticos de Rosalía, salvo nos CANTARES, atopamos contextos afins á ideia do suicidio. Léase en FOLLAS NOVAS a canción: *¿Por qué, Dios piadoso...?;* as cinco estrofas son cinco apelacións á misericordia diviña, en defensa dos tristes; ¿por qué chamar crime ao quitarse a vida, cando ésta cansa?, ¿por qué ha de haber dous infernos, un eiquí, e outro máis alá?; fermosa poesía, ben pensada, millor dita, que fará cismar a xuristas, teólogos e almas xenerosas.

¿Por qué, Dios piadoso,
por qué chaman crime
ir en busca da morte que tarda
cando a un esta vida
lle cansa e lle afrixe? (Páx. 240)

A tristura da soedade calóu a ialma da orfa, que Rosalía canta, ou chora, en *¡Soia!* Xa o tídoo, antre admiracións, arde nun lampo de xenreira. A rapaza andaba soia polo mundo, naide lle daba calor, nin afeuto, nin o mensaxe dunha parola, ¡soia! Eisí foi que, non podendo coa pena, nin cos maos pensamentos que lle roían o corazón, fixo o que non debía:

Tomóu un día lene
camiño do areal...;
como naide a esperaba,
ela non tornóu máis.
O cabo dos tres días
botóuna fora o mar. (241-242)

Os elementos da traxedia fanse máis constantes: muller, soedade, dór, auga, mar. Comparando as dúas poesías, a primeira ten aire doutoral, é máis científica, usa versos sabios, exa i endecasílabos; a segunda non é sinón o relato do que pasóu, simpre narrativa, sin aspaventos, sin comentarios: afogóuse. Catro estrofas en octosílabos, que son os que compren a unha narración.

En *Era no mes de mayo,* do libro terceiro de FOLLAS NOVAS, mes que a poetisa pinta cos máis dondos cores, donde fai o retrato de un alma que non sabía de calma ou sosego, nin de goces ou dozuras, pero sí de crudezas e delores infindos, polo que tratóu de por fin á súa vida. O protagonista volve a estar soio, a ser orfo, a loitar coas ansias da agunía, sin ter consolo nin axuda do anxel da garda. O mozo, tentado de suicidio, achegóuse á beira do mar, e contemprónu con ollar profundo, cal si fose a súa sepultura. A disposición do seu esprito descóbrese nos seguintes versos:

E dixo: —¡Vida, adiós!, ¡adiós, tormento
que con martirio lento
me arrancache hastra os soños da esperanza!
Da desventura miña
vou a crebar o brazo poderoso:
alí dondé non hay dor, nin hay mudanza,
¡e se enterra a inquietude no reposo!
E ti, mala pasión, que en min te cebas
e foches o meu Dios e o meu castigo,
¡xa que me ques matar, morre comigo! (279)

Alí estaba o mar cántabro con atración de abismo, chamándoo con forza estrana:

Calóu o triste: e inmensas, pavorosas,
cas súas crins espumosas,
retorcéronse as ondas pola area,
incitando ao coitado
a dar fin á pelea
que houbera no seu peito encomenzado. (Id.)

A cousa non pasóu a maiores, porque houbo unha intervención sobrenatural, e unha voz musical falóulle eisí:

¡Detente ao pé da orela
da túa vida, cobarde centinela...!

A mesma voz fíxolle consideracións de tipo teolóxico, moral e humán, que chegaron a moverlle o corazón, deixando nil santa paz e doce olvido.

Unha das máis sabidas poesías de Rosalía é a que leva por tídoo: *Los tristes,* e figura no tomo EN LAS ORILLAS DEL SAR; poucas antoloxías da padronesa deixan de recollela. Os tristes de Rosalía son os perseguidos pola inxusticia dos altos, a saña dos pequenos, a ira dos cobardes, a iñorancia dos cativos, e... a vergoña do propio desamparo, que o fai renegar da vida, e buscar a morte.

Cayó por fin en la espumosa y turbia
recia corriente, y descendió al abismo
para no subir más a la serena
y tersa superficie.....

Los tristes non é sinón unha ladaíña de desgracias, propias para asumir os mellores sentimentos, murchar as virtudes, e cansar aos máis variles. A ideia suicida de fuxir aos males, contraposta á fortuna de gozar da dita, informa a estrofa derradeira do poema:

Dichosos mortales a quien la fortuna
fue siempre propia... ¡Silencio!, ¡silencio!,
si veis tantos seres que corren buscando
las negras corrientes del hondo Leteo. (398)

A voz amarga do suicida volve a ouvirse en *¡Ea!, ¡aprisa subamos de la vida!* Trátase de rubir a costa pina da esistencia. En Rosalía non se dan suicidas por amor, por aburrimento, por quebras económicas, por enfermedade; iso é produto dunha sociedade burguesa; os suicidas rosalianos sonno por pobreza, dór familiar, fadiga de vivir. O protagonista do cantar escrama: "Yo ansío de la muerte la soledad terrible", pra engadir máis adiante:

¡Morir! Esto es lo cierto,
y todo lo demás mentira y humo...
Y del abismo inmenso,
un cuerpo sepultóse en lo profundo. (477)

Infeliz chama Rosalía a iste suicida; pro non descarta que pode ser bó o suicidio, si, tras dil, se espera unha vida millor.

"AS TORRES DE OESTE"

Eiquí non se trata senón de facer un lixeiro estudo, ou eséxesis, dista poesía rosaliana; non sin denantes dar a certos leitores algúns datos sobre das Torres. Están situadas nunha pequena illa do río Ulla, preto de Oeste, auntamento de Catoira (Pontevedra). Soio quedan restos do que foi famoso castelo, ergueito por Alfonso V, a comenzos do século XI. Ánxel del Castillo destaca o interés histórico e arqueolóxico das Torres, ca importancia que noutro tempo tiveron. ("*Geografía General del Reino de Galicia.—Barcelona*", pp. 1.009-1.011). As Torres teñen lembranzas personáis de Rosalía dende a súa nenez; elas formaron parte da paisaxe i esceario donde se desenrolóu a vida da súa infancia; paisaxe da que fala no cantar 32: *Como chove miudiño / como miudiño chove.* As Torres xelmirianas estaban á vista das outras Torres de Hermida, en Lestrove, en donde ela viveu. E non deixaría de ollar pra elas, no seu viaxe final, cando pasóu —pra morrer—, dende Carril a Padrón.

A poesía acugula e deita traxedia, de cabo a chicote. Cada verso leva impreso un selo de tristura e malenconía. Tres partes ben craras a compoñen: preparación, desenlace e consideración. A protagonista móvese nun campo de vértigo, vai cega, inda que razoa con falsa filosofía; busca un soio fin: suicidarse. E aquí ven o probrema: ¿de quén fala Rosalía?, ¿fala de sí mesma, ou de persoa allea? Eu non faréi sinón ir comentando as dazaoito sextillas e o cuarteto final.

1

A iauga corría
polo seu camiño,
i eu iba ao pe dela
preto dos Laíños,
sin poder coas penas
que moran comigo.

Polos camiños do verso, Rosalía amosa deseguida un estado de ánimo deprimente, que xa escomenzóu en LA HIJA DEL MAR, en FLAVIO, e en EL CABALLERO DE LAS BOTAS AZULES. *A iauga corría*: sin facer lei, as augas do mar, ou as de río, son pra ela condutos de morte. Non tén a serenidade de Jorge Manrique, cantando a morte de seu pai:

Nuestras vidas son los ríos
que van a dar en la mar,
que es el morir.

A iauga do Ulla tiña feitizo; o mesmo que a do Sar, a quen un día cantóu:

¡Corré serenas ondas cristaíñas,
pasade en calma e maxestosas como
as sombras pasan dos groriosos feitos! (218)

Ao pe delas quería morrer e ocultarse:

> A ninguén digas onde estóu... con frores
> das que eu quería a delatora mancha
> crube... e que nunca co meu corpo acerten
> profanas mans para levarme lexos. (219)

Máis ledo era o recordo que gardaba dun val lucense, por donde corría o Miño:

> Inda, na farta beira
> cuberta de xilmendros
> por onde corre o Miño,
> maxestuoso e lento,
> do vran se oie o máis doce
> sospiro derradeiro. (269)

Frente da corrente das augas, xa era outro o pensamento de Mariquita, de *El caballero...*; Mariquita choraba, encamiñándose ao cimeterio en donde tramóu perder a vida, e choraba por un sofrir fondo e calado, o que move a Rosalía a pensar: "¡Ay, también entonces la dicha se escurre de nuestras manos aprisa y sin sentirla, tal como se escurren las aguas de un río bajo la helada superficie que el sol abrillanta con sus rayos!" (628).

Pode que Rosalía non teña intención determiñada en certa páxina de RUINAS, mais embaixo da anécdota suiace o complexo rosaliano da disgracia, da fuxidura da vida; aparez a morte. É o caso do paraguas de doña Isabel, que llo leva o vento e vai caer no río: "sobre la rápida corriente del río, que lo arrebataba sin sumergirle, parecía darle un adiós... y decirle: No me lloréis, señora mía; yo al fin, tenía que sucumbir, y al menos éste es un fin digno de mí" (913).

A iauga corría / polo seu camiño, facéndose ría, a ría de Padrón; volvemos a ver os ríos como canles de amor e nostalxia; nunca se dixo que o Ulla, salvo riadas invernáis, levase tufos asoballantes; de il poido escribir a súa musa:

> Pasa, pasa, caladiño,
> co teu manso rebulir,
> camiño do mar salado,
> camiño do mar sin fin. (75)

I eu iba ao pe dela, por un carreiro de paso, como aquil que levaba Flavio, en somellante tentación, "...pudiendo tocar casi con su mano el agua fría, sutil y murmuradora" (1125). Non era un camiño abstrato, un camiño calquera; estamos na ribeira dereita do Ulla, *preto dos Laíños,* é dicir, de San Xián (Julián) de Laíño, e de San Xoán (Juan) de Laíño, parroquias do auntamento de Dodro. En Lestrobe, aldea de Dodro, atópase o Pazo ou Torres dos Hermida, emparentados cos Castro de Rosalía, e dende eiquí poido saír a poetisa a facer o seu paseo polas brañas de Dodro e Laíño. De istas brañas que pisaba Rosalía, canta unha triada popular: *Elas de Laíño son,/ collen o xunco na braña,/ vanno a vender a Padrón.*

Iba *preto dos Laíños,* con penas medoñentas, difíciles de solevar: *sin poder coas penas / que moran comigo.* Vai a pe, coa cruz do seu dór. Cando a disgracia e a fatalidade iban marcando a ruta inesorable da presunta morte violenta de Flavio, Rosalía escribéu no capídoo trinta da novela: "No le restaba, pues, más recurso que mo-

rir solo... Nada podía salvarle, y era la única esperanza posible hundirse en el seno de la muerte para dejar de sentir. La existencia como hasta allí le era completamente insoportable. ¡Era verdad que ya nada podía alejarle del abismo!" (1127).

A pruma da novelista vai parexa coas ideias da poetisa; ou a malencónica desesperación da escritora valéirase na vida dos seus persoaxes. Nos "Antecedentes" xa falamos do caso de suicido en *¿Por qué, Dios piadoso?;* a segunda estrofa é a resposta materialista ás penas que traballan a Rosalía, como unha "negra sombra".

Cargado de penas,
¿qué peito resiste?
¿Cál rendido viaxeiro non quere
buscar o descanso
que o corpo lle pide? (241)

Unha e outra vez Rosalía pide a Deus santo que teña piedade dos tristes, das personas en trance de autoeliminación, e si é xenerosa pidindo pra os demáis, nós debemos non deixar de pidir por ela.

2

Con tamaña carga
¿para dónde eu iba?
A Virxen sabraio,
que eu nono sabía;
mais, seica fuxindo
de min mesma iña.

Inda non estaba todo resolto; afroran no seu esprito dúas mentalidades: o ben, e o mal, loitando por escoller camiño. ¿Acordaríase de que escribéu en *El caballero...*, cando fixo dicir ao galán: "...en verdad que la vida es ya para mí una pesada carga... ¡Porque el suicidio es un crimen!... mi llamamiento es el de la desesperación... ¿Pero en dónde se encuentra ese ángel sombrío que cierra tantos ojos que quisieran ver la luz, mientras los míos que la detestan permanecen abiertos?".

¿Para dónde eu iba? Si non vixilamos as raíces da nosa razón, pódenos pasar que demos por crara i evidente calquer deformación mental. Din que o galego, a forza de pensar: morro... morro, acaba por morrer; e Rosalía, ca manía do suicidio, acaba de ir cara a il. Parez que un raio de lus na Providencia alumea a súa mente con aires de esperanza, pero interponse un velo de acedume, e sigue camiño adiante. A nosa padronesa deixóu nunha páxina de FLAVIO ista sentencia: "...el verdadero drama de la vida, lo que es en realidad terrible, es esperar a que la Providencia le llame a uno al seno de la eternidad...".

A Virxe sabraio; ¿qué sabía a Virxe, que ela nono soupese? ¿Qué resposta esperaba, que ela nona poidese dar? Por moi cega que sexa a pasión, sempre queda intauta a voluntade. Podemos sofrir quebras largacías, pro nunca chegar a termo de afundir nosa voluntade de vivir. A carga que levaba, non lle deixaba pensar a dónde iba: *mais seica fuxindo / de min mesma iña.* As augas do río, fabordón da súa dór, bicaban a pranta dos seus pes; podía lembrar o que noutrora dixo:

Inquietas, lamen de mi planta el borde;
lánzanme, airosas, su nevada espuma,
y pienso que me llaman, que me atraen
hacia sus alas húmedas. (445)

Polo demáis, a situación anímica do noso persoaxe, preto das Torres, era, máis ou menos, a de Esperanza, de LA HIJA DEL MAR, cando escramaba: "¿Para qué sufrir, pues, esta fatiga de todas las horas y esta soledad que me rodea y me ahoga? ¡Madre del alma! ¡Esta hora es la más triste de los afligidos, es la hora de la duda y de la desesperación!" (1368). Esperanza acaba por suicidarse, non sin antes rogar á súa nai, a quen supón no Ceo, que pregue a Deus por ela, pra que a perdoe. A nai que invoca Rosalía é a Virxe, pola que sempre tivo moita devoción; apesar do cal, sigue a ribeira dos Laíños, sin adeprender dos albres, que se deitan cando pasa o vendaval.

Fuxindo / de min mesma iña; ¿cómo, de qué, de quénes, de cántos?, ¿do seu mundo interior? Tanto en FOLLAS NOVAS, como en SAR, abondan as tristes lembranzas que magóan o corazón de Rosalía; hai vegada que parez xoguete das olas, e síntese, como Esperanza no mar do Rostro, arrousada polo abismo. Vese no fondo do mar: "...un cuerpo humano flotó entre las espumas, dejando un círculo sombrío en aquel remolino de aljófares" (1368).

3

Por antre os herbales,
profunda e sombrisa,
cal unha serpente
de escamas bruñidas,
brilaba ós meus ollos
dándome cobiza.

A serpente do río, ao darlle cobiza, exercía de tentación, atraguendo o esprito da poetisa, ofrecéndose como un remedio, como un Leteo mitolóxico i esquencedor. O brilo serpenteante das augas era sino de morte. Serpente de vida foi a serpente de bronce de Moisés no deserto, nos versos de Calderón, ou nos pincéis de Rubens e Tiépolo; pero, en Rosalía era serpe sombriza, profunda, afogadora.

Escribindo en 1881, pra *La Ilustración Gallega y Asturiana,* cóntanos ela que, de nena, baixaba pola verde sabán da veiga de Dodro e Laíño, co gallo de ademirar... "la movible y plateada cinta que forma la ría al atravesar en repetidas curvas por entre los juncos y maizales, que reflejan en las ondas sombrías" (*C.E.G.*-1946, *p.* 119).

Auga escorregadiza antre os herbales. Ben a conocía a nosa padronesa; pois, no cantar 21, fai pasear unha moza,

na beiriña mansa
do río que correndo
vai entre as verdes canas. (82)

Si sombriza era a auga, sombrizos eran tamén os seus pensamentos; cal os de Flavio, cando dicía: "...ya que es preciso morir al fin, que depositen mi cuerpo en la húmeda tierra..." (1078). Cuasi ao final da súa vida, volvéu a pintar un suicidio, dándolle un río por cova:

Y el torrente de lecho sombrío
rasgando sus linfas,
y entreabriendo sus húmedos labios
con negra sonrisa
vino a darle un beso de muerte,
cerrando en los suyos el paso a la vida. (468-470)

4

¡Estaba tan soia!
Nin bote, nin lancha,
nin velas, nin remos
a vista alegraban;
e soias as veigas
tamén se quedaron.

Un dos temas de Rosalía é o da soedade. Cando morréu súa nai, soñaba con ela, e, nos sonos da noite, xurdía enloitada ao seu lado:

Allí estaba, sola y triste,
con su enlutado vestido... (492)

A súa soedade, como logo veremos, síntese envolta nas ondas dunha marea viva, ondas de acedume e tristura, que petan na ialma corrosivamente. Non se esquenza que, *¡Soia!*, é o tídoo de unha poesía de FOLLAS NOVAS, na que se toca o tema do suicidio; na que a orfandade, a tristeza e soedade son verbas sinónimas.

O tema da soedade volve a prantearse nos poemas de SAR, con resoancias escatolóxicas, acuguladas de romanticismo. O protagonista de *¡Ea!, ¡aprisa subamos de la vida...!*, queda soio, sin amantes e sin amigos, polo que, avergoñado, berra:

...¡Yo ansío de la muerte
la soledad terrible! (477)

Na liña do seu pensamento, o afogo da vida levóuna camiño das augas, á orela do mar, onde se abismóu, caendo no profundo. Un suicida máis na lista de Rosalía.

Hastra as veigas do Ulla se quedaron soias naquil momento. ¿Pensa o poeta no atardecer, ou tiña os ollos pechados pola tentación? ¿Non andaría por alí algunha moza de Laíño, na faena de coller braña, xunco, ou herba? A soedade das veigas era tamén soedade do río: nin velas, nin botes, nin remeiros. Quedaban lonxe, no seu recordo, as brancas velas do Ulla; sempre gustóu, nos di, de "seguir con envidiosa mirada la lancha que, con la vela al viento, cruzaba la ría hacia el mar" (*La Ilustración...*).

Nas mareas altas, subían de Isorna, e Catoira, ou baixaban de Pontecesures, barcos de distinto velame: pataches, goletas, bergantins... que Rosalía poido contemprar adoito. Oxe non é fácil. Despareceron cuasi por compreto os barcos de vela nos peiraos do Ulla, pra deixar lugar aos motores. Fai anos, que lin nun xornal, coido que de Pontevedra, un adeus poético do ullán Faustino Rey Romero, ás derradeiras velas do seu río natal.

5

¡Qué bonitas eran
noutro tempo as rosas
que naqueles campos
medran e se esfollan!
Mais muchas estonces
se amostraban todas.

Del cuaderno de avances de Mourisca he copiado las notas que siguen para que se forme idea exacta de la forma como hacen las inscripciones: "Casal de Inocencia Boal: la casa de

habitación era prado y demás accesorios, cabida catorce ferrados; linda calle pública y lama común en setenta y cinco ducados —75— un souto a olecera, cabida seis ferrados; linda Francisco Barros y prado de don Francisco Yáñez, veintiocho ducados —28— una viña o cabexe, cabida ocho jornales, linda Francisco Barros y Ramona Rodríguez, doce ducados —12— una cortiña, la de atrás de la casa, cabida cuatro ferrados; linda Sebastián Vidueiro y camino, veinticinco ducados —25— una tierra a Pereira, cabida dos ferrados; linda Francisco Domínguez y camino, dos ducados —2— otra as cintas, cabida cuatro ferrados; linda Juan Antonio Casares, cuatro ducados —4—".

En el asiento que corresponde al casar de don José Villanueva, se lee: "un prado o bol, cabida dos ferrados, linda don Antonio Armada y lama común, en doce ducados —12—. La finca que antecede pasó al casal de don Melchor Courel de Viana". En el de don Francisco Domínguez, al final de todas las inscripciones de este casal se le quitan dos partes y se le agregan al casal de Juan Antonio Casares, diez ducados —10—. Y en el de Pedro Yáñez "se agregan al casar de Pedro Yáñez la riqueza siguiente": continúan unos cuantos asientos de fincas; notándose en otros casares iguales o parecidas alteraciones.

NICOLÁS TENORIO

ENCOL DA ORGANIZACIÓN POLÍTICO-SOCIAL DA ANTIGA GALICIA *

A lembranza de Florentino L. Cuevillas

I

A antiga *Callaecia* pre-román, estendéndose deica o río Douro polo Sul e deica as terras montesías e chairas de Asturias, León e Zamora polo Leste, amósase, no que atinxe á súa cultura como algo uniforme, si ben matizada por peculiaridades, moito máis asiñaladas no ámeto espritoal, social e incruso económico, que no ergolóxico. As amósegas que poseemos sober da faciana espritoal, inanque non abondosas semellan suficientes pra tanxelar a vida e categorías relixiosas dos galegos de hai dous mil anos; outro tanto poderíamos decir do orde económico: as fontes literarias e os achádegos arqueolóxicos proxectan a luz necesaria para enfiar os xeitos económicos de vida da poboación castrexa. En troques no que atinxe á organización social dos distintos *populi* que ocupaban o territorio dito pouco é realmente o que podemos abesullar, xa que pouco é, en principio, o que se ceiba das noticias que os xeógrafos e historiadores gregos e latinos nos transmitiron sober das estructuras políticas da antiga Galicia, pesie a sere, como siñala o sabio alemán Schulten, o país que de toda Hispania conservóu durante a conquista romá a súa característica división, perspectiva coa cal coincide modernamente Caro Baroja pra quen "os pobos do Norde e Nordoeste de España son os que chegan máis tarde mantendo un nivel social e cultural máis "bárbaro" a xuicio de románs, e, sober de todo, de gregos". Pro esto que cecáis poidera constituir un interesante bezo somentes fica —poda que pola falla de información e comprensión— en parcos comentos que pola súa pequenez abranguen a máis outa consideración. E dun xeógrafo, ás vegadas tan miucioso fundamentalmente no que fai ás formas de vida e costumes, coma Estrabón, apenas apreixamos nas súas liñas mencións encol das organizacións suprafamiliares dos *callaeci*. Parella información atopamos en Mela e Plinio. No primeiro é onde temos os millores datos sober da natureza

* Este traballo é parte doutro máis amplo, en preparación, encol das estructuras económico-sociáis da Galicia protohistórica.

étnica dos *populi* galegos. Pola súa banda Plinio oferécenos unha longa lista de nomes de pobos e cidades e o número dos *capita libera* esistente nos tres conventos xurídicos galaicos, faguendo tamén atinadas mencións da proxenie dos distintos pobos que menciona. Derradeiramente Ptolomeo trasmítenos outra longa lista de pobos e cidades con asento nos conventos de Lugo, Braga e Astorga.

En suma, e de xeito xeral, estes son os autores que nos fornecen as millores testemuñas. I en todos se fai fincapé na esistencia de varias xentes, ás vegadas especificando o seu nome, calificándose a unhas de célticas e a outras sin transcribirnos a súa orixe étnica. Pouco ou nada é o que se nos di da súa organización, das súas estructuras políticas e como se rexían, as relacións de veciñanza, etc.

Pra compretar deica o posibre estas imprecisións contamos ca axuda de dúas fontes interesantes: a epigráfica e a arqueolóxica, *estrictu sensu*. Delas, sin dúbida, é a primeira a que nos pon a man máis información sober do tema. Aras votivas, miliarios e laudas sepulcráis fornécennos nomes de pobos e de células suprafamilares que nos afiuzan unha organización senón detallada, comprexa.

En conxunto tales fontes foron reiteradamente estudadas na franxa ocidental da peninsua. Na Galicia os craros i eruditos estudos do inesquencibre Cuevillas adiantaron hipótesis de traballo, as súas lumiosas investigacións abriron profundos sulcos coma rella de arado e situaron o asunto nas coordenadas debidas. Ao par, o profesor Schulten compendiaba as súas opinións encol da etnografía protohistórica do ocidente, ofe-recendo crasificacións de *populi* e de unidades inferiores. Cecáis un vieiro distinto é o seguido por Caro Baroja, profundo etnólogo, que con fina visión sociolóxica foi construindo rigurosamente os alicerces sober dos coales terán de basearse no porvir todas as investigacións que teñan por obxeto a organización social dos pobos do Norde da peninsua.

As concrusións ás que chega o ilustre etnólogo fannos tentar revisar, con moitas limitacións, o estado da custión pra a área galega, incardinada dende logo na área cultural do norde hispánico, pro indubidabremente coas súas peculiaridades. Seguindo a Caro teríamos apreixada a organización social dos pobos do Norde no seguinte esquema:

Unidade de terceiro orde
/
Unidade de segundo orde
/
Unidade de primeiro orde

O que pode ser traducido pra Galicia e nominalmente por:



Vexamos agora a problemática de cada unha destas categorías, no que atinxe ao noso ámeto.

II

Unidade de primeiro orde.—Callaeci. Dendo logo non constitúe unha unidade política, este calificativo defínese millor pola súa situación xeográfica e polas testemuñas escritas dos distintos historiadores antergos que pola comunidade étnica, como moi ben se releixa do periplo fonte de Avieno, no cal temos o primeiro indicio de diversidade, de Estrabon, Mela ou Plinio. A diferenciación xeográfica está dabondo crara en todos os textos o que non sucede coa étnica. Estrabon, o millor coñecedor do ocidente non romanizado, inanque destesta perfectamente os distintos pobos do N.O., incurre no tocante á súa etnografía en estesas xeneralizacións. Após do xeógrafo grego, dende que Galicia ábrese aos ollos esculcadores dos románs —fundamentalmente dende as guerras cántabras— a ideia dos *Callaeci* como grupo compacto afíncase. Asín Plinio califícaos de *gens, Hispania Callaica gens est,* e a inscripción de Santa María de Mixós na que se lee *Bandua Calaicus* cecáis teñamos que entendela do mesmo xeito. Poda que esta tendencia de considerar aos galegos como *gens,* débase a tomar da bipolaridade de toda etnia somentes os riscos diferenciáis que operan cara o esterior. E no intre que estudamos coidamos que non se pode calificar aos *Callaici* en conxunto como unha unidade política, senón máis ben como unha división étnico-xeográfica, na cal e dende o ponto de vista cultural é indubidabre que sob o roupaxe da súa cultura castrexa áchanse categorías culturáis proveñentes ben das xentes megalíticas ou submegalíticas —doadamente aillabres—, dos pobos do Bronce —de detectación máis enfesta—, dos pobos precélticos, cuia chegada habería que datar nas derradeiras fases do Bronce —portadores dos machados i espadas— e aínda dentro do compoñente céltica, *latu senso,* teríamos que distinguir pluralidade de grupos, todo o cal opera como xustificante de diferencias culturáis. (Unha ideia máis ampra de esta complexidade pode verse no traballo do noso ademirado

amigo Dr. Alonso del Real, pubricado nesta mesma Revista). Emporiso as estructuras sociáis teñen por forza que estar condicioadas á maior ou menor supervivencia de aqueles sustratos. En outras verbas, e como algo programático, coidamos que as funcións e características destas estructuras terían de ser distintas asegún o grado, ou incruso a inesistencia, de celtización.

Xeralmente a unidade máis enfesta de determiñar é a de terceiro orde, e as que poseemos con horizonte nidio son aquelas que obedecen ao réxime decimal típico indoeuropeo, como logo ollaremos, que é lícito reducir a áreas celtizadas. Outras posibres unidades, asimilabres, senón propias, de terceiro orde poden obedecer ben ás supervivencias de sustrato ou ser incruso xenuinamente indoeuropeas —non esquenzamos as diferentes ondaxes etno-culturáis de orixe centroeuropeo—. Veleiquí pois unha das dificultades meirandes con que topamos ao tratarmos das estructuras políticas da antiga Galicia. Temos pra nós que asegún as áreas xeográficas señan de predomiño céltico, celtizadas ou non, distinta en teoría sería a súa organización social.

III

Vexamos agora as organizacións estrictamente políticas.

Unidade de segundo orde.—Integran esta categoría os *populi* dos cales apenas sabemos ren máis, como vimos de decir, que o seu nome e ás vegadas a súa filiación étnica. Asín Estrabon fálanos dos *Keltikoi,* parentes dos que viven sober do río Anas no Sul, nas veciñanzas dos *artabroi* aos que lle non engade ningún apelativo de orixe. Plinio denomina célticos aos Nerios e Presamarcos, tendo, polas influencias de Asclepiades de Mirlea aos Helenos e Gravios como saídos dos gregos, e dos restantes non fai ningunha outra referencia. Mela é sin dúbida o máis detallista. Dá como de célticos toda a costa dende o Douro deica os Astures, os Nerios, os Supertamáricos e os Artabros, escruindo aos Gravios.

Fora do dito non poseemos nos escritos dos autores antigos datos cos que poidamos determiñar de xeito craro a súa organización. Da pouca información coa que xogamos conxeturamos a debilidade organizativa da unidade de segundo orde, carecendo ao parecer de unha estructura formalista, pro tendo función de abondo como organización popular. Non eran núcleos políticos homoxéneos, mais asín e todo temos pra nós a ideia dos *populi* actuando como algo compacto senón formal. Da súa importancia como estructura política individualizada e como unidade dotada de certas funcións fálannos os seguintes datos:

En primeiro lugar a esistencia de un área territorial delimitada, que se desprende da mesma distribución de pobos que fan os xeógrafos antigos, presumibremente con lindeiros topográficos naturáis, seguindo os vales dos ríos, as chairas montesías, etc. Hoxe tales áreas son enfestas de percisar pesie aos intentos de Menéndez Pidal cos topónimos en *bre*, de Cuevillas ou Maciñeira. A este respecto son moi de ter en conta as antigas demarcacións ecresiásticas que se nos amosan como saídas directamente dos vellos límites dos *populi*, algunhas das cales aínda conservan os seus nomes, como as de Arros (arrotrebas), Céltigos (célticos) e Postmarcos (postamáricos), que testemuñamos na documentación da Outa Edade Meia e tamén no parroquial suevo onde se mencionan os topónimos, Cavarcos, Bibalos, Teporos, Geurros (Egurros en Ptolomeo), Pesicos, Celenos, Pestemarcos (Postamáricos en Plinio), Coporos (Caporos en Ptolomeo) e Célticos, que se corresponden coas denominacións dos antigos pobos. Elo indúcenos a pensar que as vellas demarcacións poseían nos primeiros tempos da Edade Meia a vitalidade e valor territorial suficientes como pra servire de base ás demarcacións ecresiásticas. Asimade na Francia tamén as antigas fronteiras dos pobos galos superviviron nas diócesis da Francia Meieval.

No que atinxe á filiación dos individuos, en moitos textos epigráficos aparte da pertencia á unidade de terceiro orde —*gentilitas* ou *centuria*— certifícase a adscripción ao *populus* respectivo na que se integra aquela. Asín por vía de exempro, antre outros moitos, *Basus Medami f. Crovus* (*Centuria*) *Verionis*. Como se deduce o nome do pobo vai inmediatamente a continuación do nome persoal e da filiación e inantes da centuria, atal que temos como algo xeral no N.O.:

Centuria (unidade de 3.º orde)

/

populus (unidade de segundo orde)

/

Nome e filiación

De algunhas fontes epigráficas cecáis podamos enfiar a esistencia de certas deidades privativas e comúns aos *populi*, antre elas a procedente do castro de Avelhaes, Portugal, na que se lee *Deo Aerno ordo Zoelarum* (eiquí *ordo* está por pobo) e a atopada en Guitiriz, Lugo, adicada á deusa *Poemana*, que tal como Schulten supuxo é a deusa protectora do dito pobo.

Dentro da antiga organización social galega os mercados xentilicios deberon ter grande importancia. Nas fontes escritas denomínanse *Forum* e van acompañados sempre do nome do *populus* ao que corresponden: Mercado dos Bibalos, mer-

cado dos Gigurros, mercado dos Limicos, mercado dos Narbasos. Seu ámeto pois semella, aparte de tere unha base territorial, o da comunidade xentilicia, encadrando en eles ás distintas organizacións de terceiro orde que integraban o *populus*.

Inanque de xeito neboento podemos abesullar por varios datos a esistencia dentro do pobo de cárregos, senón como espoñentes dunha autoridade central ríxida e xerarquizada, sí como algo provisto de ámeto xeral na unidade de segundo orde. No célebre pauto de hospitalidade, entre varias *gentilitas* do pobo dos Zoelas, realizado en Curunda no ano 27 d. C., topamos cun nome dun *magistratus Zoelarum,* tiduo sin dúbida romanizado pro que a súa esistencia cecáis teña como base un parello cárrego indíxena, a elo nos leva o feito de que na data de renovación do devandito pauto sustitúese, no ano 152 d. C., o maxistrado por dous *duovizi.* Nunha inscripción de Vegadeo aparece o tiduo de *princeps Albionum* (príncipe do pobo dos Albións), que ostenta un tal *Nicer Clutosi* da centuria *Cariaca,* tal tiduo, pra Rodríguez Adrados, equival á esistencia de unha xefatura dos Albións, romanizada sob o termo de príncipe. Cabe pois pensar que inanque o *populus* carecese de unha organización formalista mantiña unha clas de cárregos coma estes cuios atributos e funcións por agora descoñecemos.

Todo o devandito amósanos a esistencia dos *populi* como algo tanxibre e que en definitiva éstes non fosen núcleos políticos homoxéneos, senón, asegún Cuevillas, "conxuntos de comunidades ligadas entre sí por algún vínculo federativo", non quita importancia ao rol que desempeñaba na Galicia antiga, pois incruso sin poderes centráis constituidos e organizados o funcionamento dos pobos como entes individualizados en certos intres é eficaz. A inscripción de Chaves e o moimento de Nocelo da Pena son un exempro siñificativo.

IV

Unidade de terceiro orde.—É cecáis a célula social máis enfesta de destestar, pois de ela ren máis temos que as fontes epigráficas e uns miudos datos que nos fornecen as fontes escritas. Ao parecer, asegún Caro, a súa organización baseábase "en esencia na noción de parentesco uniliñal ao traveso de xeneracións" e pra Cuevillas as colectividades que integraban a unidade de terceiro orde constituíanse "xeneralmente por un escaso número de individuos axuntados de seguro por un dilatado vencello familiar". A súa estructura interna era xentilicia e non local. A unión de varias de estas colectividades formaba o *populus.* Dos vencellos que enleiaban a aquela nes-

te ren case é o que podemos decir, no estado actual das investigacións. En troques sí temos información que nos fala a prol dun funcionamento autónomo dentro do *populus*, que se concreta polo de agora no seguinte:

Como a unidade de segundo orde, tamén a que nos ocupa poseía unha base territorial que se enfía perfectamente nun texto de Estrabón: "aos crimináis esfráganse e aos parricidas lapídanse, sacándoos fora dos lindeiros da súa patria ou da súa cidade". Obviamente si a célula de terceiro orde estaba baseada nunha *singeneia*, os lindeiros dos que se fala, fora dos cales tiña que se cumprir a sentencia, temos que entendelo como fora do territorio no que asentaban estas comunidades.

No que fai á esistencia de xerarquias movémonos nun terreo escuro. As fontes escritas non nos deixan fitar nidiamente ao respecto. Pro antóxasenos que nun estado de guerra cotián e de campañas de depredación levadas arreo aos campos feraces do Sul, de seguro que tiña que haber polo menos unha xefatura militar que as dirixise. De outra banda a xefatura por dignidade ou edade, non guerreira, parece desprenderse do tiduo de príncipe de centuria que se lee nunha lauda de Lugo. E non deixa de sere interesante que na inscripción citada o mesmo tiduo o teñan pai e fillo, como conxetura D'Ors —en último termo un parentesco prósimo, pois ambos teñen herdeiros comúns—, o cal é do máis outo valor xa que poda que nos deixe albiscar a herdanza das xerarquías. Pro o indicio máis importante que poseemos témolo de novo en Estrabón: "Comen sentados sober de escanos construidos arredor das paredes, alineándose neles asegún as súas edades e dignidades". Tales escanos apregados ás paredes das casoupas castrexas foron atopados en varias citanias galego-portuguesas. O párrafo estraboniano fainos concruir con Caro Baroja que "podemos pensar que había consello de ancianos, de carácter deliberativo e xefes con autoridade nun ámeto e sober dun grupo". Tal ámeto ou grupo temos que entendelo como a unidade de terceiro orde.

Que as colectividades que pertecen á unidade de terceiro orde poseían unha relixión común céibase de que erixen e adican os seus moimentos sagros, ben a deuses de culto xeneral e espallado (Xúpiter, Bandua, Navia), ben a *genius loci* ou deidades tópicas privativas e protectoras das comunidades, e plausibremente que éstas tivesen ceremonias especiáis de culto.

Derradeiramente a capacidade de contratar con alleos. Constitúise este apartado nunha das millores probas da autonomía da unidade de terceiro orde. Estas podían mediando un contrato de *hospitium* —as amosas que temos no N.O. re-

visten forma romá, inanque de seguro esistíu parella institución típicamente indíxena independente da latina, incruso na forma—, recibir no seu seo a individuos alleos a elas e tamén alleos á unidade de segundo orde á que pertencían aquelas. Podían pois sofrir agregacións e disgregacións, tendo autonomía de abondo pra realizar sinecismos. Asín ollámolo, nun dos millores exemprares de pauto de hospitalidade, na tesera procedente de Curbedo do Caurel, na cal un tal *Tillegus Ambati* da centuria *Aiobaiciego* —unidade de terceiro orde— e probabremente do *populus* Seurro, suscribe un pauto con *Lougueis* dos *Castellanis Toletensibus,* pra el e pra toda a súa descendencia acolléndose á hospitalidade dos derradeiros. Intervén sancionando o convenio un maxistrado popular, verosímilmente representando á unidade de segundo orde, requisito que tamén esiste noutro dos máis coñecidos pautos de *hospitium* e clientela feito por dúas *gentilitas* dos Zoelas renovando —eiquí unha proba de tales paccións na Hispania pre-romá—. Neste caso as unidades de terceiro orde contratantes pertecen a un mesmo *populus,* o cal non deixa de sere interesante e siñificativo atal que lle fai matinar a Caro Baroja que o límite da comunidade de sangue era o que marcaba a *gentilitas,* esto é que "a solidaridade agnática non pasaba, en liñas xeráis, da unidade de terceira categoría á de segunda, si é que non se realizaba un pauto formal i esprícito". Elo lévanos a formular, como mera hipótesis, a pregunta de si serían os pautos de *hospitium,* ou ben algún pauto parello, o vehículo polo cal xurdían os vincallos que unían ás unidades de terceiro orde nas de segundo? Eis unha custión polo de agora difícilmente contestabre.

A unidade de terceiro orde está representada polas *gentilitas* e as centurias. Na Galicia non temos vestixios das primeiras i esta categoría correspóndese coas centurias, cuio verdadeiro siñificado escápasenos deica o intre a posibres concrecións. Nas inscripcións siñálanse atal como as centurias militares nas lexións románs o que levóu a consideralas como tales. Hoxe tras certas dúbidas recoñécese o seu valor típicamente indíxena. O riguroso traballo de Rodríguez Adrados proba dende o ponto de vista institucional a orixe céltica destas centurias, ao que temos que engadir, no que fai ao terreo estudado, o que as recollidas posean nomes indíxenas non romanizados. A súa área de estensión correspóndese máis ou menos cos lindeiros da Galicia actual e parte de Asturias, con prolongacións cara o Sul do Douro e cara o Leste (Guidões, Guarda, Coria, Clunia), algúns de cuios exemprares probabremente débanse a individuos procedentes da zona nordocidental.

Teóricamente temos que reducir as centurias a unidades

de terceiro orde, de carácter xentilicio e formadas arredor de vincallos de sangue, inanque non refugamos unha posibre base territorial na súa formación. O feito de non ter en Galicia as típicas unidades de terceiro orde, as xentilidades, lévanos á considerar o problema de si as centurias e aquelas son unha mesma cousa. Cara esta opinión apunta Rodríguez Adrados, namentras Caro refuga en parte esta identidade. A *gentilitas* e a centuria a primeira man semellan ter o mesmo rol. Ambalas dúas son organizacións baseadas en lazos de sangue; ambas son tamén máis ampras que a familia; e ambas tamén incardínanse de xeito máis ou menos autónomo na unidade política superior. Non embargantes, como siñala Tovar, onde esisten as *gentilitas* fallan as centurias e viceversa. Estaremos pois dediante de organizacións suprafamiliares debidas a distintos infruxos culturaes? Serán as *gentilitas*, pois as centurias amosan ser xenuinamente célticas, testemuña de pobos de sustrato? Máis ben parecen debidas a pobos indoeuropeos. A este respecto lembremos as distintas ondaxes etnoculturáis das que falamos.

Si ben na Galicia fallan as típicas *gentilitas* temos algúns datos nos que cecáis poidamos abesullar a esistencia de outra unidade suprafamiliar. En varios textos epigráficos amóstrasenos ao par da filiación do individuo un termo que semella ser un calificativo xentilicio (Ancondei, Croniensi, Aparracus, Tiriensi, Orieses). Que non son *gentilitas* parece indicalo o feito de que xeneralmente éstas veñan indicadas por un xenitivo plural. R. Adrados baseándose nunha inscripción na que se lee *Aemilio Balaeso... cognatio de centuria*, supón que a cognatio era unha unidade superior á familia e inferior á centuria. Pro a escasez de material impídenos faguer máis precisións e soio podemos suxerir a posibilidade de que estes calificativos obedezan a unidades suprafamiliares inferiores ás de terceiro orde ou ben indiquen comunidades asimilabres a estas derradeiras de orixe distinta ás centurias e *gentilitas*.

V

As estructuras que findamos de analizar someramente baséanse no réxime xentilicio, en troques do que sucede en áreas de meseta onde as organizacións sociáis obedecen a un réxime local. Eiquí o *populus* cimentaba a súa formación na unión das unidades xentilicias inferiores. No centro o *populus* está formado pola unión de cidades. A sociedade galega de entoncias, como a de hoxe, era unha sociedade rural dispersa. O rol dos *vici* ou aldeas semella adequirir importancia en intres posteriores. O castro, recinto habitacional fortificado, era,

probabremente, a base material das unidades de terceiro orde e aparenta non representar ren dende o ponto de vista de estructura popular. Avanzada xa a romanización a cidade parece adequirir certa importancia. As mencionadas por Plinio ou Ptolomeo, non se corresponden coas, de seguro pequenas aldeas, que cita Estrabón: "os artabros teñen as súas aldeas concentradas na badía, á que os mariñeiros chaman Porto dos Artabros". Esta imaxe parece refreixar concentracións de castros, como é adoito ollalas na terra bergantiñá i en outros vales e rías, servindo de asento ás colectividades estudadas. Nun intre serodio semella que a filiación dos individuos abandonóu a vella costumeira de engadir o calificativo xentilicio, trocándoo pola indicación de habitante de determiñada cidade, asín Calubrigense, Aviobrigense, Valabrigense, sin outras especificacións. Non embargantes a anterga organización xentilicia, pesie á teima román por esnaquizala, foise diluindo manseliñamente ao traveso da baixa romanidade, pro a súa concreción física, os límites territoriáis, inda perviviron como base ás primeiras demarcacións ecresiásticas, e presumibremente señan o celme da nosa actual organización popular, a bisbarra e a freguesía.

VI

Algunhas consideracións:

1) A unidade de primeiro orde, *Callaeci*, non é realmente unha unidade política, constitúe unha categoría étnico-relixiosa.

2) A unidade de segundo orde, inanque a falla de datos sober da súa organización e funcionamento interno, amóstrase como unha unidade popular compacta e individualizada.

3) A unidade de terceiro orde integrada na de segundo funcionaba con plena autonomía dentro de ésta.

4) Das unidades de terceiro orde —*gentilitas* e centurias— descoñécese en Galicia a primeira, falla que cecáis teñamos que espricar polas distintas ondaxes etnoculturáis.

5) É plausibre que inantes da centuria e sober da familia esistise unha coarta categoría.

6) O réxime no que se basean as unidades estudadas, é o típico xentilicio, descoñecéndose o local. Os castros son a concreción material das unidades de suprafamiliares. O *vicus* nun período avanzado e por aruxamentos románs, adequire certa importancia como estructura popular.

MANUEL CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ
Compostela

BIBLIOGRAFÍA SUMARIA

LÓPEZ CUEVILLAS, F.—*Estudos encol da Edade do Ferro. S.E.G.* Compostela, 1933-34.

Idem.—*A edade do Ferro na Galiza.* A Cruña, 1968.

Idem.—*La civilización céltica en Galicia.* Santiago, 1956.

SCHULTEN, A.—*Los cántabros y astures y su guerra con Roma.* Madrid, 1943.

CARO BAROJA, J. — *Los pueblos del Norte de la Península Ibérica.* Madrid, 1942.

Idem.—*Los pueblos de España,* Barcelona, 1946.

Idem.—*Organización social de los pueblos del Norte de la Península Ibérica en la antigüedad.* In Legio VII Gemina. León, 1970.

ALONSO DEL REAL, C.—*Las raíces de Galicia.* "Grial", núm. 24, 1969.

RODRÍGUEZ ADRADOS.—*El sistema gentilicio decimal de los indoeuropeos occidentales y los orígenes de Roma.* Madrid, 1948.

RAMOS Y LOSCERTALES, J. M.—*Hospicio y clientela en la España céltica.* "Emerita", T. X, 1942.

TOVAR, A.—*Notas sobre la fijación de las invasiones indoeuropeas en España.* Bol. Sem. Est. de Arte y Arq. Tomo XIII, Valladolid, 1946-47.

LOUCURA E MORTE DE PEREGRINO

CONTO DRAMÁTICO EN DOUS ACTOS

A MARINO DÓNEGA

Meu querido amigo: Para acompañar con algún presente os meus votos porque o ano que está en porta che seña propicio tiro dos meus arquivos este vello conto xa un pouco amarelecido polo tempo. En calquera vagar, lé; mas si te aborrece tira con el. Non estranará, tirado levóu moitos anos no fundo dun caixón de papelotes. Se pola contra gustares del —pouco que sexa— eu pensaréi que non foi inútil o conservalo.

Sempre teu,

31 - XII - 72 MARIÑAS

PERSONAXES[1]

PEREGRINO
AIA
DOUS EMISARIOS
DOUTOR
XUEZ
COMISARIO
TRAMOYISTAS
MOZA (que é a Aia)
TRES MEIGOS (que son o Doutor, o Xuez e o Comisario)

A C T O I

Recibidor dunha casa tipo "chalet". A un lado do fondo, facendo un metido, escaleira que dá para o primeiro andar: catro ou cinco escalóns de cara ao público e logo de un pequeno patín outros catro ou cinco formando ángulo reto cos primeiros. O resto do fondo ocúpao unha fiestra e diante dela un sofá e dúas butacas. Nal-

[1] Os máis dos meus personaxes non teñen nome de seu, éste nono tén tampouco para un posíbel espectador; pero dalgún xeito había que distinguilo para quen leese —como agora ti— e chameille así porque si peregrino ven ser o que viaxa por fora do seu país éste por fora de sí viaxa.

gures algún moble con caixóns. Portas nos lateráis, a que está a carón da escaleira dá para o interior da casa, a do lateral contrario dá para o corredor de saída. A AIA atafégase no aseio da mobilia e axiña aparez PEREGRINO no alto da escaleira, detense un intre, de mans postas no barandal, ollando á AIA e logo sigue baixando demorado. É pola mañán cedo.

E S C E N A I

PEREGRINO — *Aínda na escaleira.*

Quixera que este corremao non tiver ángulos, que fose curvo, para baixar dacabalo del como soía de neno na vella casa do meu pai.

Aia, non che gostaría escorrer por un corremao longo, mui longo, nunha espiral infinda, en viaxe de meses, de anos... centos de anos, milleiros de anos...?

AIA — Pra ónde?

PEREGRINO — Iso que máis ten. Pra ondia vai a terra, o sol, as estrelas... Para algures ha de ser. Aínda sendo algures que non estea en ningures.

AIA — Non, non me gostaría.

PEREGRINO — Prefires andar de pes no lameiro.

AIA — Prefiro o camiño enxoito; pero si hai lameiro calzo as madreñas e vou onde haxa que ir. Polo meu paso, eso sí, sen me poñer de cachaperna de corremaos como bruxa en pau de basoira.

PEREGRINO — *Xa chegado en baixo e indo a descorrer as cortinas da fiestra.*

Pero, qué é isto? Descortina as fenestras, deixa que entre a luz, o sol!...

AIA — Que sol ha entrar si amencéu anubiado e non ten trazas de abrir o ceo en todo o día.

PEREGRINO — Ti non gostas do sol, Aia?

AIA — Eu gosto, sí, señor; pero agora está orballando.

PEREGRINO — Deixa de orballos, muller, abre os ollos para o sol, mira como todo brilla... ti tamén brillas, miña Aia. Cómo te vexo rutilante!

AIA — O señor erguéuse hoxe con ganas de facer risa de min, pois non lle estóu para esas.

PEREGRINO — Cómo é posíbel que non esteas hoxe contente, hoxe é como un día de festa maior, sinto adentro de min os sinos repinicando. Nunca vivín día como éste. Ti que coñeces todos os meus días, aínda aqueles que non podo lembrar, sabes dalgún día da miña vida que se poda comparar con este de hoxe?

AIA — En todos os días da súa vida non me dixo tantos despropósitos como nesta mañán. Acordóu ben ou aínda está a soñar?

PEREGRINO — Acordéi perfeitamente; pero ao abrir os ollos parecéume como si retornara dun soño de séculos. Todo o que pasóu de onte para tras lémbroo como si houbera acontecido nun tempo remoto, en lugares distantes, entre xentes estranas... Só ti e máis eu permanecemos os mesmos.

AIA — Polo que vou vendo paréceme que apenas eu permanezo a mesma.

Fai intención de sair para o interior da casa.

PEREGRINO — Petaron na porta.

AIA — Si?. Non oín, ha ser o leiteiro.

Vólvese e sai pola porta do corredor para tornar aos poucos. No entanto PEREGRINO *espreita pola fiestra tecoleando nos vidros.*

AIA — *Entrando.*

Non había ninguén.

PEREGRINO — Pois xuraría que tiñan chamado. Oín ben que petaban. Sí, petaron, tres golpes fortes, non comprendo que non os teñas ouvido.

AIA — Tamén eu nono comprendo, que de ouvido aínda non ando de todo mal. Non será unha brincadeira máis?

PEREGRINO — Non, Aia, non. Cómo podes supoñer eso?. Eu facerte andar en valuto daquí para lá só por brincar?. Ben sei que tés dabondo cos traballos da casa.

AIA — O traballo levaríase ben si non pesaran os anos.

PEREGRINO — Cántos?

AIA — Nin sei. Para qué contalos.

PEREGRINO — Pois eu xa vou contando trinta e nove e sempre te recordo igual; mais cando nascín ti habías ser aínda nova, e bonita tamén. Sempre me pareceches a muller máis belida do mundo. Cómo non casaches?

AIA — Pode que non aparecera cousa de muito convir, ademáis xa levaba anos na casa e como quedaches sen mai ao nascere, andaba moi atafegada en che mudar os cueiros.

PEREGRINO — Toda a túa vida adicada a este home.

AIA — Foi o meu traballo como o señor ten o seu alá na oficina.

PEREGRINO — O meu da oficina sí é un traballo, porque non se sabe ben para o que é i emporiso é un traballo; pero a túa foi unha tarefa que te impuxeche libremente de sacar adiante unha vida, unha vida desvalida. Houberas quedado igualmente, sin eu esistir, ao servizo do meu pai viuvo?

AIA — Non sei, poida que non. Ao seu pai podíao servir calquera outra igual ou mellor que min.

PEREGRINO — Cando menos na túa vida, aínda escura, houbo algún ouxeto. Mais ou menos importante, ti atopas algunha razón para a túa vida. Pero eu... traballar, comer, durmir... é iso vida de home?. Vida de verme, de paquidermo, de galiña... até de albre ou de repolo; pero vida de home, non.

AIA — Xa volta ás tolerías?. Voume, que o labor non se fai de por sí.

Volve a dirixirse á porta que dá para os interiores.

PEREGRINO — Agarda, agora sí que petaron na porta. Non oíches?. Seguro que petaron.

AIA — Iréi ver; pero petido non oín ningún.

Sai a AIA *pola porta do corredor. Peregrino paseia a escena coas mans ás costas, cabeza gacha e ollos no chan.*

AIA — *Entrando.*

Pois tamén agora non había ninguén.

PEREGRINO — Raro, eu oín. Aia, eu oín que petaban. Tres golpes fortes do mesmo xeito que denantes.

AIA — Pois en volvendo ouvir esperimente por sí mesmo que eu voume para a cociña.

Vaise a AIA, PEREGRINO *acomódase no sofá. A escena cobra unha luz incerta de trasmundo e entran pola porta do corredor os dous* EMISARIOS, *o segundo fala sempre como un eco do primeiro.*

E S C E N A I I

PEREGRINO — *Erguéndose ao velos entrar.*

Ah! son os señores. Pasen, pasen. Agardábaos, sabía que virían.

EMISARIOS

— Cousa estrana, non adoitamos anunciar as nosas visitas.

— Non adoitamos.

PEREGRINO — Aínda así, era como un presentimento. Por dúas veces oín que petaban na porta. A Aia foi abrir; pero non había ninguén.

EMISARIOS

— Sí había, nós estabamos alí, no patín; pero a visita é privada, só pra vostede, ninguén máis nos podía ver.

— Ninguén máis, só pra vostede.

PEREGRINO — Pois adiante, acomódense. Eu séntome tamén, e díganme a que debo a honra da súa presencia na miña casa que desde agora é tamén a súa.

Séntase PEREGRINO *no sofá i en cada unha das butacas os* EMISARIOS.

EMISARIOS

— Verá, verá. É unha misión penosa.

— Sí, unha misión moi penosa.

PEREGRINO — Eu xa os escoito.

Sacando a petaca.

Un pito?. Queren un pito?

EMISARIOS

— Gracias, non fumamos. En aito de servizo non nos é permitido.

— Non fumamos, muitas gracias.

PEREGRINO — *Pón lume no seu pito e bota a primeira baforada denantes de falar.*

Imos, pois, ao asunto.

EMISARIOS

— Como estabamos decíndolle, a nosa misión é moi penosa; pero non podemos eludila.

— Non, non podemos eludila.

PEREGRINO — A ela sin máis reviravoltas, estóu moi interesado en coñecela.

EMISARIOS

— Sí, claro, vostede é o máis interesado.

— O único interesado, pódese decir.

PEREGRINO — Doutro xeito non tería razón de ser a súa visita. Os señores non estarían na miña casa si o asunto non me atañese.

EMISARIOS

— Certamente que o atañe moi direito.

— Certamente.

PEREGRINO — Falen con enteira libertade, estóu pronto a ouvir calquer cousa, por estrana que sexa, por máis tremenda que sexa.

EMISARIOS

— É verdadeiramente tremenda.

— Tremenda, sí, señor.

PEREGRINO — Mas, diante de todo. Quén son vostedes?

EMISARIOS

— Imperdonábel, absolutamente imperdonábel. Esquecimos de nos apresentar.

— Absolutamente imperdonábel.

PEREGRINO — Non tanto así. É comprensíbel, eu decátome. O azoramento é natural cando se vai afrontar unha misión tan penosa como a que aquí os trouxo.

EMISARIOS

— Pedímoslle disculpas.

— Mil perdóns.

PEREGRINO — Non hai que pedir disculpas nin perdóns, dígolles que me decato ben da situación.

EMISARIOS

— Nós somos humildes emisarios do Total Ordenador.

— Aquí traemos as nosas credenciáis, si o señor as quere esaminar.

Amosa algúns papéis que PEREGRINO *rexeita recoller.*

PEREGRINO — Non é necesario, abonda con decilo, eu acredito que tudo vai en regra e repítome unha vez máis á súa disposición.

EMISARIOS

— Obrigados, o señor é home de moi bo trato.

— Facilita moito a nosa penosísima misión.

PEREGRINO — Despaciento por coñecela.

EMISARIOS

— Nós non queremos incomodalo con máis demora.

— Non, non queremos incomodalo.

PEREGRINO — Cál é a cousa?

EMISARIOS

— A cousa é que fomos encarregados...

— É cousa rotinaria, vostede sabe...

— ...de lle comunicar a súa sentencia de morte

— ...ningún home pode refugala.

PEREGRINO — Si, así é. E para cando é o emplazo?

EMISARIOS

— Iso non o sabemos. Só o Total Ordenador decide no último momento.

— Pode ser hoxe, mañán, dentro dun ano. Ninguén pode saber.

PEREGRINO — *Encostando a cabeza atrás, no espaldar do sofá, de ollos pechados, como falando consigo.*

Hoxe, mañán... dentro dun ano...

Os EMISARIOS *érguense para saíren.* PEREGRINO *intenta incorporárese para acompañalos; pero eles acénanlle para que fique no sitio.*

EMISARIOS
— Non se mova, sabemos o camiño.
— Fique acomodado, nós pecharemos a porta.

Vanse. PEREGRINO *de cóbados nos xoenllos mira pensative os propios pes.*

PEREGRINO — Hoxe, mañán... dentro dun ano... Cómo me non decatéi denantes?

E S C E N A I I I

En partindo os EMISARIOS *recobra a escena a luz natural do día e pola mesma porta que saíu volve a* AIA *cun queipo ao brazo.*

AIA — Vou ao mercado .A ver si atopo daqueles peixes que tanto lle gostan. Ou non lle apetez hoxe o peixe?

PEREGRINO — Dame igual, calquera cousa se come, non ten importancia.

AIA — Anda desapetecido?

PEREGRINO — Non, teño bon apetite, boa saúde, até paréceme que tamén ando de bon humor; pero algo me falla, non de agora, de moito tempo atrás aínda que só agora me decato da súa falla, non enxergo ben o que poda ser; pero é importante, máis importante que o comer.

AIA — Sen comer non se vive.

PEREGRINO — E comendo, qué vida se vive?

AIA — Cada ún a súa, a que lle cadróu en sorte.

PEREGRINO — En teño que buscar a miña vida, Aia, teño de buscar a miña vida!

AIA — Arrenego!. Aínda non a ten perdida, nin a perda por moitos anos. Non está vivindo?

PEREGRINO — Pero qué vida, xa che dixen denantes, a vida dun cuxo, dun can, dun verme; pero non vida que se diga de home.

De home, sinxelamente de home, nin santo perdendo contaito ca terra nin besta refocilándose no esterqueiro. Home vertical e dereito, consciente de sélo.

AIA — Cánta cousa está a decir a esta pobre vella!

PEREGRINO — Úrxeme unha tarefa. Un home é unha tarefa, non podo morrer sen deixar rematada a miña tarefa. Non sabes que estóu sentenciado a morte, Aia?

AIA — Non vou saber. Todos estamos e cando ela chegue que Deus nos queira levar cabo de Sí.

PEREGRINO — Ti irás contente?

AIA — Qué sei eu!

PEREGRINO — Ti levas a tarefa comprida. Non será moi brillante; pero fixéchela ben. Ti podes ir de cabeza levantada, pero eu...

AIA — *Chegando á porta de saída.*

Tráiolle o peixe ou non?

PEREGRINO — Sí, trai o peixe. Trai o que ti queiras.

E S C E N A I V

Vaise a AIA *e torna a invadir a escena a mesma luz fantasmal da visita dos Emisarios a tempo que a porta do corredor por onde par-*

tíu a Aia vaise abrindo lentamente e por ela entran o Doutor, o Xuez e o Comisario. Peregrino recíbeos moi atenciosamente.

PEREGRINO — Señor Doutor, señor Xuez, señor Comisario, é un pracer velos por aquí; pero destas horas, tan de mañán, estránoo moito.

DOUTOR — Non quixemos demorar.

COMISARIO — Enterámonos hai un momentiño, e dixemos: hai que ir alá.

XUEZ — E aquí estamos.

PEREGRINO — Acomódense, meus amigos, e díganme que lles trai.

Séntanse os catro no sofá e nas butacas.

DOUTOR — Non se decata?

COMISARIO — Déixese de raposadas, acabamos de decirlle que estamos enterados de tudo.

XUEZ — E vímos, como compre facelo a bós amigos que somos.

PEREGRINO — Non chego a comprender.

COMISARIO — Axudaréille. Non recibíu esta mañán unha visita estrana?

PEREGRINO — Ah! quérese decir que son sabedores da sentencia.

XUEZ — Así é, e pensamos que algo haberá que facer para eludila.

DOUTOR — Que hai que esgotar todos os procedimentos legáis para conseguir que sexa revocada.

COMISARIO — Non podemos permitir que se leve a cabo unha cousa asín.

PEREGRINO — Penso que non val a pena recurrir. A sentencia é firme.

XUEZ — De ningún xeito, eu son o xuez do distrito e comigo non se contóu para nada.

COMISARIO — Nin eu, comisario desta demarcación, recibín orde ningunha de arresto.

DOUTOR — Forzosamente en todo elo hai algún erro que é preciso escrarecer.

PEREGRINO — Eu agradézolles moito; pero vai ser en valuto canto se faga. Non se tomen incomodos por min.

DOUTOR— Non son incomodos, son deberes de amizade que non podemos desbotar. Precisa de nomearse un bon abogado que lle faga o recurso, a cousa non pode quedar así. Un home bon, novo, cunha saúde escelente non pode ser condenado sin máis nin máis.

XUEZ — Como xuez e como amigo estóu á súa enteira disposición, e a miña opinión, que algo autorizada será, é que leva todas as probabilidades de sair absolvido. Non hai acusacións concretas en contra de vostede.

COMISARIO — Eu estóu igualmente ao seu mandado, e para evitar calquera solpresa vou destinar dous números á súa custodia. Perda coidado, ninguén poderá atacalo nin de día nin de noite. Nestá comarca son eu quen dispón a execución de calquera sentencia.

PEREGRINO — Pero, señores, eu repítolles os meus agradecimentos polos seus coidados; pero, consideren, é unha sentencia do Total Ordenador.

XUEZ — Ah! pero este é o meu distrito, a miña xurisdición.

COMISARIO — A miña prefetura.

DOUTOR — Un home da súa saúde non pode ficar así sucumbido. Hai que loitar.

PEREGRINO — Contra do qué, meus amigos?

DOUTOR — Polo momento contra unha sentencia que estimamos inxusta. Non lle parece?

PEREGRINO — Pois non, non me parece así de inxusta. O uso que facía eu da miña vida non merescía outra cousa.

XUEZ — Nesta vila coñecémonos todos, a súa vida foi sempre honesta, pode servir de exemplo de bos cidadáns.

COMISARIO — Eu teño a súa ficha nos arquivos: sen antecedentes penales.

DOUTOR — Qué se lle pode reprochar á súa vida, meu amigo?

PEREGRINO — Vida sen por qué nin para qué!

COMISARIO — Vida é para ser vivida, nada máis.

XUEZ — E a súa é regalada, sen complicacións...

PEREGRINO — Sen tarefa que a encha, sen ideal.

DOUTOR — O ideal!. Deixe iso, algún tempo coidéi que o ideal era cousa de se levar locindo como un facho ardendo, tremulindo como bandeira aos ventos. Hoxe gárdoo para min só, escondido, como un segredo... mesmo como un delito.

COMISARIO — O ideal é non escarriar.

XUEZ — O respeto ás leises.

DOUTOR — Desengánese, meu amigo, a rotina é unha grande cousa, pode aborrecer; pero non fai maior mal, déixese ir con ela. É prescripción facultativa.

Érguense os visitantes e imítaos Peregrino.

PEREGRINO — Xa se van?

XUEZ — Sí, o noso ofrecemento incondicional está feito.

COMISARIO — Deixámolo; mas nono abandonamos. Como lle dixen de principio os meus axentes daránlle proteción a toda hora, ninguén poderá facerlle mal; non embargantes

saca do peto unha pistola que ofrece a Peregrino

é convenente que fique con ésto.

PEREGRINO — Non, pra qué quero eu eso?. Nin sabería utilizala.

COMISARIO — É moi fácil, non ten dificultade ningunha.

Collę a man de Peregrino, ponlle nela a pistola e vai guiándolle os movimentos que describe.

Cóllese así, firmemente, deste xeito, metendo o dedo indicador por aquí, logo apúntase así, aprétase co mesmo dedo o gatillo, e xa está.

Vanse, deixando a Peregrino só ollando a pistola por todas partes, logo sacode os hombros, vai para o moble e tira a arma nun caixón, despois arreconchégase nunha butaca, de mans cruzadas na barriga, bota a cabeza atrás, estira as pernas e pecha os ollos.

A escena escurece casi enteiramente. Na penumbra entran os tramoyistas a desmontar todo o escenario levando os mobles e baixando no fondo un telón que representará unha paisaxe de dunas areosas cun horizonte moi lonxincuo. Aprosimadamente onde estaba a escaleira deixarán unha fonte con pilón.

Cando no escenario non queda máis que Peregrino dormido na súa butaca entran os dous Emisarios, vístenlle un hábito de peregri-

no e déitano no chan co bordón e a cabeza a rentes del. Despóis vanse, levando a butaca.

Vaise iluminando a escena cunha luz bermelliza de mencer e a fonte comenza a manar.

Entra a MOZA, *e a Aia, trai a cabeza tocada cun velo colocado ao xeito das mulleres bíblicas e unha senlla apoiada na cintura. Diríxese á fonte. Peregrino trata de se incorporar axudándose do bordón e nesta postura dí as primeiras palabras.*

E S C E N A V

PEREGRINO — Moza, préstame unha man.

MOZA — *Volvéndose sorpresada.*

Presto, sí señor; pero cáseque me dou medo, non dei que houbera xente por aquí.

PEREGRINO — Xente de paz, nena, non teñas temor.

MOZA — *Axudándolle a se poñer en pé.*

Nos ollos eu adiviño a bonhomía e na pele nidia dos dedos o señorío.

PEREGRINO — Tamén a túa man parecéume man amiga, coñecida de moitos anos atrás.

MOZA — Unha man que axuda é sempre man amiga e gostosa de tentar, aínda abrutada do traballo como a miña.

PEREGRINO — Eres destas terras?

MOZA — Son; mas o señor semella vir de moi lonxe. Qué vai buscando?

PEREGRINO — Unha estrela que guíe os meus pasos.

MOZA — E cómo foi que chegóu a estes andares?

PEREGRINO — Para chegar aquí non hoube mester de guía porque viñen fuxindo.

MOZA — Da xusticia?. Do remorso?... Da iniquidade?

PEREGRINO — Da vergoña.

MOZA — De qué sentías ti vergoña?

PEREGRINO — De min mesmo sentín noxo e vergoña nun repente.

MOZA — Non facías boa vida?

PEREGRINO — Rasurábame cada día, facía o nó da gravata con moito xeito, lía xornáis, fumaba, comprimentaba aos amigos e aínda aos que nono eran. Non tiña grande cousa de meu, mas sabía que a propiedade era un dereito sagrado. Cando chegaba á miña vila un personaxe ilustrísimo señor eu daba vivas e aplausos. Cando vía que levaban un home ao cadalso eu dicía: Por algo será... Ás noites durmía e resonaba.

MOZA — Non era mala vida a que ti levabas.

PEREGRINO — Pero no acordar unha mañán, penséi: Hoxe teréi que disfrazar o meu corpo de home en monifate cidadán e societario, o meu espírito de home en engranaxe ben lubricado de máquina calculadora. Hoxe teréi de andar os mesmos pasos andados onte, esatamente os mesmos. Hoxe teréi de cumprimentar os mesmos saúdos, á mesma hora, co mesmo sorriso aborrecido de tantas veces. Hoxe teréi que voltar a ser ese que non quero ser. Hoxe teréi que vivir un día igual a todos os demáis... E detremiñéi non vivilo.

MOZA — E fuxiche.

PEREGRINO — Fuxín.

E S C E N A V I

Entran os tres MEIGOS, *que son o Doutor, o Xuez e máis o Comisario. Visten igoal que sairon anteriormente pero levarán agora unhas longas capas lixeiras, de córes craras. Conducen da rédea os camellos —dado o carácter onírico desta escena acáille mellor un esceso de inxenuidade que de realismo, emporiso os camellos poden ser simples siluetas recoutadas en cartón ou madeira— van encher as cantimploras á fonte.*

MEIGO (DOUTOR) — Traguemos moitas leguas andadas sen dar con gota de auga.

MEIGO (XUEZ) — Nin sombra de albre.

MEIGO (COMISARIO) — Nin presencia de xente.

MOZA — Certamente, para esa banda de onde vides tudo é unha gándara deserta que parece non ter fin.

PEREGRINO — E el é o camiño que eu levo.

MEIGO (DOUTOR) — Ti só non poderás atravesar ese deserto.

MEIGO (COMISARIO) — Non cho aconsello, é ir a unha morte certa.

MEIGO (XUEZ) — Mellor vés conosco.

PEREGRINO — A ónde ides?

MEIGO (DOUTOR) — Imos seguindo unha estrela.

MEIGO (XUEZ) — Olla, aquela que escintila alá, que nin a luz do sol pode facela esmorecer.

PEREGRINO — Non vexo estrela ningunha.

MEIGO (COMISARIO) — Olla ben.

PEREGRINO — Non vexo.

MEIGO (DOUTOR) — Dá o mesmo, tí síguenos.

MEIGO (XUEZ) — E seguíndonos chegarás a onde nós cheguemos.

PEREGRINO — Non, non é así.

MEIGO (COMISARIO) — Como non é así.

PEREGRINO — Vós chegaredes; pero eu nunca daría chegado.

MEIGO (DOUTOR) — Ti chegarás, chegarás con nós a onde a estrela nos leva.

PEREGRINO — En non podendo vela eu non iría seguindo a estrela senón o rabo dos vosos camellos. Ide, ide embora que o meu camiño aínda non é o voso.

MEIGO (DOUTOR) — Como queiras, nós non podemos demorar máis.

PEREGRINO — Pois que atopástedes unha estrela nona perdades.

MEIGOS — Ficái en paz.

PEREGRINO — Agradescido, e bon viaxe.

MOZA — Bon viaxe.

Váise a caravana dos Meigos polo lateral contrario do que entraron.

E S C E N A V I I

MOZA — Vaste aventurar nesa gándara de morte?

PEREGRINO — Qué é o que pode morrer, moza?. Cando algo morre tamén algo nasce, e algo en min está por nascere.

MOZA — Eres un home raro.

PEREGRINO — Son peregrino.

MOZA — Sí, mas eu confío en que chegarás a onde teimas chegar, eu deséxoo.

PEREGRINO — Gracias. Dasme outra vez a túa man?

MOZA — Dou, de despedida, e se fose posíbel deixaríaa ir a par de ti para que a ela te acolleses cando precisares de axuda.

PEREGRINO — Adeus.

Fai intento de partir e a Moza deteno.

MOZA — Pero, vaste asín?. Leva un pouco de auga, non ouviche decir que en moitas légoas non hai unha fonte?

PEREGRINO — *Saíndo.*

Non vou a pos dunha fonte, Samaritana; mas dunha sede.

A C T O I I

E S C E N A I

O mesmo decorado do comenzo do Acto I. Sentados no sofá e nas butacas o Doutor, o Xuez e máis o Comisario, seguidamente aparez a Aia baixando a escaleira moi a modiño. Luz normal do día, é pola mañán cedo.

AIA — Si, paréceme que durme. Deitóuse moi tarde, eu vía a fiestra iluminada en horas altas da noite. Penso que estaría traballando até perto de abrir o día. Malia da tal tarefa que o ten sen acougo!

DOUTOR — Así e todo será bon que falemos baixiño pois pode acordar e non convén que se decate de nada. Botaríase todo a perder.

XUEZ — Así é, precisamos estremar a prudencia.

COMISARIO — Deixarías a porta pechada, Aia.

AIA — Deixéi; mas por qué tanto misterio? Os señores veñen hoxe dun xeito que me dá arrepíos.

XUEZ — Nada de arrepíos, miña vella, sabes que somos bos amigos dele. Bos amigos de fiar.

COMISARIO — Polo seu ben é que damos os pasos que damos.

DOUTOR — Certo, a cousa non podía continuar asín por máis tempo. A depresión do enfermo acentuóuse muito nos días derradeiros. Esiste perigro de que algo aconteza que pode ser de suma gravidade.

AIA — Qué pode ser, Doutor?

DOUTOR — Non é doado de concretar, pero os síntomas semellan indicar que unha crise avecíñase e será necesario que nos atope preparados para atallala do mellor xeito.

AIA — Pois que o Doutor o dice, será; mas eu non lle vexo pioría ningunha. El come con apetite, está de bon xenio, até paréceme que máis contente que tempos atrás, e nos pequenos intres que permanez comigo aquí en baixo fálame asisado.

DOUTOR — Non, Aia, desventuradamente o seu cerebre non rexe normalmente.

XUEZ — A súa razón anda perdida.

AIA — Bah! fora desa teima que tomóu con esa tarefa que non entendo e que el dí que ten que rematar, rexe, disculpando, como os

señores e dende logo mellor que min que xa ando un pouco mol do miolo.

XUEZ — Eso paréceche a tí; pero vai xa un ano con esa teima incrustada na cabeza e non se vé ceibo dela.

COMISARIO — Un ano choído alá, nese sobrado, sen querer falar con ninguén, sen que se saiba que traballo é o que fai...

DOUTOR — E así seguirá de por vida se non lle poñemos remedio, e urxe xa que llo poñamos.

AIA — Eu vóulle dando ás súas horas aquelas pildoriñas que lle recetóu o Doutor. De primeiras non as quería, pero agora engúleas sin chistar.

DOUTOR — Non abonda, e sinto decirche como xa lles teño declarado aquí aos amigos que non vexo melloría ningunha, polo contrario o mal vai avanzando, paseniñamente; pero disgraciadamente comprobo que avanza.

AIA — Pois eu lle daréi calquera outro remedio que o señor dispoña, en dándollo eu el engule, segures que engule.

DOUTOR — Con menciñas somente non adiantaremos nada, a miña opinión que xa teño esposta a estes señores, é que é necesario recluilo nun sanatorio. Non hai outro remedio.

XUEZ — E consecuentemente xa temos arranxado todo para levalo. Levarémolo hoxe mesmo, a meio día viremos por el.

AIA — Levalo daquí?. Non, iso non o permitiréi. Nunca o permitiréi!

COMISARIO — Tés que permitilo. Xa che dice o Xuez que todo está arranxado, legalmente arranxado.

AIA — E quén son os señores para arranxar unha cousa asín?

COMISARIO — É o doutor, é o xuez; pero a máis de todo eso somos os seus amigos. Comprendes?

AIA — Non, non podo comprender que podan arrincalo da súa casa e dos meus coidados contra a súa vontade, sin o seu consentimento... sin o meu consentimento.

XUEZ — Nono estimamos necesario, non é necesario.

AIA — Non? Pois veredes. Eu vou arriba a acordalo e diréille todo canto os señores argallaron. Os seus amigos!

Vai para a escaleira e o Doutor atállalle o camiño.

DOUTOR — Non, Aia, non. Ti non farás eso, ti tamén queres a súa saúde. Considera que é por ben dele que temos de levalo a onde o podan sandar. Xa fixemos todo o que se podía facer para volvelo a sí dentro da súa casa, ao teu carón, ao teu coidado; pero todo foi inútile.

COMISARIO — Non detremiñaríamos unha cousa así se non fose absolutamente necesaria.

XUEZ — Tamén a nós anoxábanos a ideia de levalo daquí e demoramos canto foi posíbel; pero non se pode demorar máis. O Doutor pensa que urxe poñelo en mellores coidados, en estreita vixilancia dun especialista, e non nos queda a todos máis que resiñármonos e acatar o consello de quen pode dalo.

COMISARIO — Comprendemos que che doia; pero tamén a nós nos doe profundamentes.

DOUTOR — Poida que en pouco tempo volvámoscho curado desa teima, virado outra vez naquel home ordenado e normal que coñe-

cimos; pero polo momento a separación é ineludíbel. Resíñate, pois, e axúdanos a rescatalo para a razón.

AIA — Resiñarme! Sabedes ben ao que queredes que me eu resiñe? A emborcar a miña vida esvacíandoa como un caldeiro das barreduras. A tanta cousa me resiñaría eu! até a perder esta vida que me queredes deixar valdeira, vou vella e sei que non tremería se vira a morte chegar a por min de gadaño levantado; pero vós privádesme de máis que todo iso. Roubádesme a tarefa de toda a miña vida...

A tarefa! esa cousa de que tantas veces el falaba sin eu entender; pero agora sí entendo ben. Sin ela, qué será de min polos camiños do mundo sen pouso nin destino?

Non me roubedes a miña tarefa!

Non me deixedes como unha morta sen sartego no que xacer!

DOUTOR — Será pouco tempo, Aia, eu espero que será pouco tempo. Ti verás que axiña nolo voltan feito o mesmo home que foi.

COMISARIO — Faite forte, muller, e vaille arranxando algunha roupa para cando chegue a ambulancia.

XUEZ — Nós acompañarémolo, coidaremos de que estea ben atendido. De cotío viremos a darche novas del.

AIA — E si non volta en sí?

Ficará alí choído de por vida. Só. Pensades que non ha chamar por min, pola súa Aia? Chamará, certo que chamará, e portas e ferros e doutores entrepoñeránse entre nós! Eu oiréino, oiréino nas horas da noite e correréi a pé da súa cama como cando de neno me chamaba ao acordar dun pesadelo.

Correréi a pé da súa cama que encontraréi moi feitiña e valdeira!

E seguiréi oíndo as súas voces aquí, dentro do meu cranio, de día, de noite, a toda hora... Seguiréi oíndo as súas voces e non lle poderéi valer!

Algún día tamén viredes a por min, a me poñer a camisa de forza, porque a miña cabeza ha estoupar con aqueles gritos dentro!

DOUTOR — *Aloumiñándoa.*

Non será así, ti verás como non será así, el recuperará o bon senso. Eu dígoche que o recuperará.

XUEZ — Todos esperamos.

COMISARIO — Ti tés que esperar tamén.

AIA — Canto máis desesperados nos sentimos con máis amor aloumiñamos unha esperanza; pero eu fico tan vencida que xa non son quen para esperar nin desesperar.

DOUTOR — Ten valor, é necesario que el non sospeite nada, así todo será máis doado.

AIA — Si eu fora a mai verdadeira non mo levábades, non; pero qué pode facer unha criada vella?

Vanse os tres amigos e a AIA *queda en pé no meio da escena, de costas á escaleira, tapando a face con ámbalas maos, coma nun choro silandeiro. Aos poucos aparez* PEREGRINO *baixando a escaleira. Ven contente taralalando algo polo baixo.*

E S C E N A I I

PEREGRINO — Pero que é iso? Parece que estás a chorar.

AIA — Non. É... é esta luz... esta luz de sol que me dana os ollos.

PEREGRINO — Que luz de sol con este día grisallo, con ceo encoberto. Non se diga que a miña vella comenza a trasvalicar.

AIA — Hai pouco, o sol refletía nos vidros que danaba.

PEREGRINO — Imaxínaste, con esta neboeira borrallenta o sol non se víu.

AIA — Pois logo será que vou lela.

PEREGRINO — *Colléndoa polos hombreiros.*

Tampouco é iso. Ti algo tapuxas. Que é iso que a miña Aia anda a tapuxar?

AIA — É iso mesmo, que non me rexe o miolo.

PEREGRINO — Non é. Conta. Eu quero saber.

AIA — Non hai nada que contar, sóltame... Solta, teño que arranxar alá dentro.

PEREGRINO — Non solto sin saber.

AIA — Oh! máncasme!

PEREGRINO — Tes os ollos esbagullados. Qué mágoa te preme?

AIA — Ningunha. Déixame ir...

PEREGRINO — Eu deixo; pero ti disme.

AIA — Nada, non é nada. Que había ser?

Vaise a presa pola porta que dá para os interiores termando do pranto que pula por estalar. PEREGRINO *bota man a un xornal que haberá nalgures e séntase a leelo; mas non lé, fica con ele aberto, de brazos estirados e co ollar perdido por riba do papel.*

PEREGRINO — Que terá a boa da vella?... Calquera sabe!

Vai cambiando a luz por aquela outra indecisa de soño e de trasmundo. Óucese petar na porta do esterior que logo de uns segundos ábrese paseniño sen que ninguén a puxe e por ela entran os EMISARIOS *saudando atenciosos, cerimoniosos, sorridentes. Cando están dentro cérrase a porta do mesmo xeito que se abríu. O segundo Emisario sigue a falar sempre como un eco do primeiro.*

E S C E N A I I I

EMISARIOS — Con licencia do señor.

—Con licencia.

Peregrino óllaos como tratando de os recoñecer.

EMISARIOS — Teña bon día.

—Bon día

PEREGRINO — *Erguéndose.*

Ah! Sí, desculpen, así de primeiras non me decataba de quen fosen.

EMISARIOS — É comprensíbel, hai xa un ano que estivemos aquí.

—Un ano, esaitamente un ano cúmprese hoxe.

PEREGRINO — Foi un longo ano de traballo intenso, sen acougo; mas ao cabo rematéi a tarefa. Non foi doado dar con ela, pero en

canto que a achéi traballéi arreo e esta noite deina rematada. Estóu satisfeito. Mal comparando, síntome como debéu de se sentir o Criador no sétimo día.

EMISARIOS — Celebrámolo.

—Celebrámolo moito.

PEREGRINO — Aquelo de morrer sen deixar unha tarefa comprida aparecíame como non ser merescente de ter vivido, como ter estragado este don precioso de vivir.

EMISARIOS — Concordamos.

—Non podemos discrepar.

PEREGRINO — E ise estrago debe ser o pecado máis horrendo, o máis mortal de todos os pecados, o que nos emborca sin remedio na condenación eterna. Non é así?

EMISARIOS — Así deberá ser.

—Sen dúbida que así deberá ser.

PEREGRINO — E agora, meus amigos, paréceme que xa nos podemos tratar de amigos...

EMISARIOS — Hónranos moito.

—Sentímonos moi honrados.

PEREGRINO — ...qué lles trai por aquí? Ben, nin debía preguntar, a cousa está clara: chegóu o momento.

EMISARIOS — *Estranados.*

—Momento?

—Qué momento?

PEREGRINO — Non teñan temores de falar dereito, pois estóu preparado. Cál vai ser? o de se cumprir a sentencia. Non é iso o que me veñen comunicar?

EMISARIOS — Certamente que non, un ano atrás trouguemos unha misión moi penosa; pero agora é diferente.

—Por fortuna, a nosa misión dagora é unha grata misión.

PEREGRINO — Para vostedes somente, ou tamén para min?

EMISARIOS — Para todos. Ten que sélo para todos.

—Pero moi principalmente para o señor.

PEREGRINO — Díganme, díganme logo.

EMISARIOS — Primeiramente permítanos que lle apresentemos os nosos parabéns.

—Os nosos moi sinceiros parabéns.

PEREGRINO — Acéitoos, acéitoos moi compracido; pero, a qué se deben?

EMISARIOS — Non adiviña?

—De verdade que non adiviña?

PEREGRINO *reflesiona un intre ollando alternativamente para os seus interlocutores que fican imóviles esibindo un sorriso inespresivo.*

PEREGRINO — Imposíbel, non daréi co motivo.

EMISARIOS — O señor foi indultado.

—Eso é, indultado.

PEREGRINO — Cómo pode ser eso?

EMISARIOS — Pode.

Apresentándolle un rulo de papel que trae na man.

—Aquí lle traemos o documento que o acredita.

PEREGRINO — Pero a sentencia era firme.

EMISARIOS — O indulto tamén o è.

—Lea, convénzase por sí mesmo.

PEREGRINO — Non, non o quero, oídes. Voltade con ese papel.

EMISARIOS — Non podemos, temos o mandado de volo entregar.

—E entregámosvolo.

PEREGRINO — Eu rexeito recollelo.

EMISARIOS — Non nos críe problemas o señor, somos criados mandados.

—Nós non somos máis que criados mandados.

Érguense para saíren e PEREGRINO *érguese tamén.*

PEREGRINO — Pero non vedes que eu non podo seguir esistindo? Un home é unha tarefa, finada a tarefa finado o home. Qué fago eu con este resto de vida que me deixades?

EMISARIOS — Nós non deixamos cousa ningunha.

—Somos criados mandados.

PEREGRINO — Pois ide onde quen vos mandóu e decídelle que eu non podo aceitar.

EMISARIOS — Traguemos mensaxes do Alén; pero non os podemos levar.

—Non podemos levalos.

PEREGRINO — Alcanzada a miña meta, qué teño que andar camiño que non é meu? Canso, esgotado, incapaz de dar pancada, teréi de ir á rastreira como unha lamáchega, como unha miñoca... e así non quero. Non quero!

EMISARIOS — Co permiso do señor, retirámonos.

—Retirámonos.

PEREGRINO *corre para o moble e colle do caixón a pistola que gardóu no primeiro acto.*

PEREGRINO — A sentencia ten que se cumplir.

EMISARIOS — Iso non é conosco.

—Nos entregándolle este papel xa cumplimos.

PEREGRINO — Vós executaredes a sentencia.

Colle a man dun dos EMISARIOS *e teima de lle poñer nela a pistola asegún indica.*

É fácil, verás como é fácil. Ti colles así, ben apretado, metes o indicador por aquí, apúntasme, apretas o gatillo...

O Emisario consegue ceibarse e fuxen os dous pola mesma porta por donde entraron levando o seu rulo. Peregrino corre atrás deles deica o limiar da porta e grítalles desde alí.

PEREGRINO — Non, non me deixedes así! Abocado a un deserto, a unha noite sen alba. Vinde! Non me deixedes así, morto de pé... Morto de pé!

Volve sucumbido para o centro da escena e cunha man vai axeitando a pistola na outra.

PEREGRINO — Qué pode ser de hoxe en diante a miña esistencia senón un camiñar de costas! Rematada a tarefa, rematado o home. E por qué non é así? Houbera sido tan fácil! cóllese así, apretado, o indicador métese por aquí, apóntase ben aquí, na fonte dereita, aprétase o gatillo...

O telón comeza a caír neste último párrafo de Peregrino e en caíndo de todo oise un disparo e volve a levantarse seguidamente. Hai luz normal de día, o corpo de Peregrino xaz esterricado no chan coa arma a rentes del. Entra a presa o Doutor vindo da rúa e atrás o Xuez e o Comisario.

E S C E N A I V

DOUTOR — *Tentando o corpo e tomándolle os pulsos.*
O que eu temía, fatalmente ocurríu o que eu temía... e xusto no momento que íamos a levalo.
XUEZ — Morto?
DOUTOR — Sí, xa nada se pode facer.
COMISARIO — *Que andivo esaminando arredor do morto.*
Suicidio.
XUEZ — Así parece.
COMISARIO — Non pode estar máis claro .

Pola porta que dá para os interiores entra a Aia e vendo o corpo tendido no chan corre a se botar riba del.

E S C E N A V

AIA — Meu neno!... Quén lle fixo mal ao meu neno?
XUEZ — *Axudándoa a se levantar.*
Érgase, Aia, ninguén debe tocar o cadavre.
AIA — Eu sí, quén me pode privar? É meu! máis meu agora que nunca, máis que cando o levaba nestes brazos e comía pola miña man!
XUEZ — Polo momento é da xusticia, logo voltarémoscho.
AIA — Qué van facer con el? Agora sí que non deixo que mo levedes. Cómo foi esto? Falade, qué acontecéu?... Quén, quén o abatíu?
DOUTOR — El mesmo, Aia, el mesmo privóuse da vida.
COMISARIO — Suicidóuse. Nós viñamos polo camiño cando sonóu o disparo e ninguén entróu nin saíu da casa. El suicidóuse.
AIA — Non, iso non pode ser así... Suicidárese! E por que había el de se suicidare?

Os tres homes forman un corro en conversa afastados do cadavre. A escena fica ás escuras esceito un círculo de luz verdecente de fondo de mar que ilumina o corpo tendido e a Aia que ven a se axoenllar a rentes del, dando cara ao público. Os homes fican no escuro.

E S C E N A V I

AIA — Verdade que non, miña prenda, que non fuche ti quen estragóu a tarefa da miña vida?...
Quén murchóu a miña frol?

Verdade que non, gromo de carabel, que non foi para o trasno que eu te criéi?

Entran os dous EMISARIOS *andando en puntelas e colócanse no círculo iluminado un a cada lado da Aia axoenllada. O que trae o rulo de papel déixao encol do cadavre. Na tebra que ocupa o resto da escena apenas se albisca o corro dos amigos.*

AIA — Verdade que non, meu neno, meu neno pequeno e desvalido?

Mira con ollos alucinados a un e outro lado aos Emisarios dereitos e inmóveis.

De ónde viñéstedes vós? Quén sodes?... Qué é iso que deitades ahí?

EMISARIOS — É o indulto.

—Esquencimos deixalo.

AIA — Qué indulto?

EMISARIOS — El non quixo recibilo.

—Díxonos que dera a tarefa rematada.

AIA — El dixo? logo non voltará a se choer no sobrado e non mo levarán para aquel purgatorio.

EMISARIOS — Non cho levarán.

—Ninguén cho levará.

AIA — El descansará na paz da miña lembranza, que non morremos de todo até que non resta neste mundo ninguén que nos recordar.

A tempo de decir as derradeiras palabras dase de mans cos EMISARIOS *e vaise erguendo lentamente mentres que o círculo luminoso diminúe e baixa o telón.*

XENARO MARIÑAS DEL VALLE
A Coruña

LERIA CON RAMÓN PIÑEIRO

Recentemente estivo no Ferrol o escritor Ramón Piñeiro e fixémoslle unha entrevista para a emisión galega de Radio Popular. Por ser autor de varios ensaios sobre problemas da nosa cultura, as preguntas versaron sobre a situación actual deses problemas. Os ouvintes de Radio Popular tiveron ocasión de conocer as súas respostas. Pro como, además de ensaísta, Ramón Piñeiro é o director literario de "Galaxia" —editorial moi conocida e moi discutida—, parecéunos oportuno facerlle tamén algunhas preguntas encol do labor que leva a cabo esa editorial. Para os mozos que adeprendemos a ler galego nos libros de "Galaxia" ao mesmo tempo que escoitamos as críticas que de "Galaxia" se fan, o diálogo con un dos responsables da orientación cultural galaxiá podía sernos acraratorio. E porque así foi, consideramos de utilidade dar a conocer ese diálogo ferrolán nas páxinas de "Grial".

—¿Cándo xurdíu Galaxia?

—Esa pregunta, feita por labios mozos, requere un breve arrodeo espricativo. No decenio dos anos 40 —anos da postguerra española e da guerra e postguerra mundial—, a cultura galega amudecera na nosa terra e só continuaba a se manifestar na emigración. Naqueles anos tráxicos para toda Europa, a nosa cultura vivía acochada na intimidade dos espritos, quer como lembranza quer como espranza. Ao final do decenio, a espranza foise convertindo en arela de actividade e deu os seus primeiros pasos nas páxinas do xornal compostelán "La Noche" (o "Parladoiro" de Otero Pedrayo e o "Suplemento Literario" que dirixíu Paco del Riego foron os primeiros sináis do novo ollecer). Eran tempos moi duros, nos que toda Europa estaba estorcegada por unha esixencia vital de autoreconstrucción. A arrepiante treboada de violencia física e moral que tanto avivecera a conciencia esistencial dos europeos, ao cabo daba paso á vontade colectiva de reconstrucción do propio patrimonio, de afirmación da propia identidade. Galicia vivíu conscientemente esta situación histórica, e o seu

Ramón Piñeiro, visto por *Siro*

imperativo ético, ao contar con unha minoría capaz de acometer a empresa solidaria de reconstruir a nosa cultura, de afirmar a nosa identidade de pobo. Para ese fin, no ano 50 esa minoría creóu "Galaxia".

—¿Cáles foron os plans que "Galaxia" se trazóu?

—Con carácter xeral diría que estes catro:

1) Dotar á comunidade social galega de unidade espritoal. Para subsistir como pobo, Galicia precisa sentir e reconocer a súa propia identidade común por enriba dos particularismos localistas, dos mimetismos alienantes, dos partidismos antagonizadores. E, hoxe por hoxe, a cultura é a única que lle dá vida e coherencia interna á persoalidade colectiva de Galicia, a única que lle dá identidade de pobo.

2) Facer presente no mundo a persoalidade espritoal de Galicia e percurar que asuma o lugar que lle corresponde dentro do ámbito cultural español. Ao traveso da nosa espresión cultural, os españóis poderán conocer —e deberán de reconocer— a persoalidade peculiar de Galicia.

3) Despertar a conciencia cultural galega nas novas xeracións, promover o seu desenvolvemento creador e darlles a conocer o herdo das xeracións devanceiras. Ou sexa, restablecer a continuidade do rexurdimento iniciado no XIX polos Precursores.

4) Pór a disposición dos galegos os medios intelectuáis para o conocemento da súa propia realidade. Só cando conozan a súa lingua, a súa historia, os seus problemas económicos e sociáis, a súa literatura, o seu arte, etc., etc., poderán os galegos asumir con plena responsabilidade os seus deberes colectivos. Porque considera que a carencia dunha vigorosa moral colectiva é a meirande eiva do corpo social de Galicia, "Galaxia percura" *desentangarañalo* desa grave eiva mediante o conocemento da propia realidade.

—¿En qué medida coida que se realizaron eses plans no labor que "Galaxia" levóu a cabo deica agora?

—Ben se bota de ver que eses catro principios xeráis que inspiraron a creación de "Galaxia" responden a necesidades profundas que terán vixencia alén do grupo xeneracional que a creóu. Por outra banda, eses principios, na súa realización concreta, teñen que se ir axeitando á evolución dos problemas e teñen que se mover nos límites impostos polos medios económicos e polas posibilidades legáis. Dentro deste imprescindible marco de referencia, unha ollada ao noso catálogo pode dar resposta á pregunta con este panorama de logros:

a) Darlle presencia actual ás figuras importantes da nosa literatura, ora publicando a súa obra, ora estudos sobre a mesma. A nosa poesía, a nosa narración, o noso teatro, o noso

ensaio fóronse incorporando de maneira crecente á vida cultural de Galicia.

b) Manter desde 1957 unha colección —"Illa Nova"— destinada aos xóvenes valores que van xurdindo.

c) Publicar unha serie de manuáis —"Historia de Galicia", "Historia da Literatura Galega", "Guía de Galicia", "Gramática", "Diccionario", aos que seguirán decontado unha "Etnografía", un "Refraneiro", etc.—, que poñen ao alcance do gran público medios indispensables para unha formación cultural galega.

d) Publicar unha colección de libros de Economía e Socioloxía que facilitan o conocemento desas esferas da nosa realidade.

e) Publicar unha colección de Filoloxía e Lingüística na que figuran obras como as *Cantigas d'Escarnho e Mal Dizer* dos Cancioneiros medieváis, edición preparada polo profesor M. Rodrigues Lapa, que foi acollida con gran interés polos romanistas de todo o mundo.

f) Lanzar sistemáticamente a literatura infantil galega, sin máis precedente que o fugacísimo intento de Ramón Cabanillas en Madrid, no ano 22, coa revista "As Roladas", da que somentes chegaron a saír dous números, un en maio e o outro en xullo dese ano.

g) Unha colección de Arte, na que además das monografías sobre Colmeiro, Maside, Eiroa e Seoane saíron tres espléndidos álbumes de dibuxos de Maside, Colmeiro e Castelao.

h) A colección "Salnés" de Poesía.

i) A colección de Historia.

l) Promover unha importante actividade de traducións ao galego. Así, Heidegger, Spranger, Omar Kayyan, O Cantar dos Cantares, Paul Valery, Anouilh, "Pere Quart", Sédar Senghor, Claudel, Giraudoux, O Xénesis, Rimbaud foron sometidos á capacidade espresiva do galego e publicados por "Galaxia", aos que decontado seguirán Saint-Exupéry, Shakespeare e Eliot.

ll) O lanzamento por primeira vez de discos da "nova canción" en galego con miras a despertar na nosa mocedade a vocación por esa importante forma de arte para o pobo, como así sucedéu nos anos seguintes. Escolléronse cancións de sona internacional, que o poeta Franco Grande traducíu ao galego.

m) A publicación de dúas coleccións populares, unha de literatura e ensaio, titulada "Festa das Letras", e outra de temas económicos e sociáis, titulada "Agra Aberta".

n) A publicación da "Revista de Economía de Galicia", que desde 1958 veuse esforzando por dar a conocer a nosa realidade económica, por crear unha conciencia responsable so-

bre os seus problemas e por ir formando un equipo colaborador de persoas espertas.

o) A publicación, desde 1963, da revista "Grial", que periódicamente leva a presencia da nosa cultura a diversos países de Europa e de América. "Grial" é o portavoz colectivo da nosa cultura.

O simple enunciado que vimos de facer das diversas colecións editadas por "Galaxia" dá idea da amplitude e do carácter sistemático do noso labor. Unha ollada analítica a cada colección daríanos idea da súa importancia cualitativa. O conxunto de tal labor non ten paralelo en Galicia. Podemos confiar en que os futuros historiadores da cultura galega terán necesidade de lle adicar un capítulo.

—*¿Qué opina das críticas que se lle fan a "Galaxia"?*

—Bon, as críticas son inevitables cando se traballa nunha zona polémica como é a cultura galega. Dunha banda están os que aínda persisten na vella tradición de menosprecio á nosa cultura. Da outra, os que por seren devotos do activismo político-social coidan que a actividade cultural seria é unha "evasión" que lle resta enerxías a ese activismo. Son dúas actitudes polémicas, intransixentes, coas que "Galaxia" non se pode identificar. "Galaxia" non utiliza outro medio de acción que a cultura, polo que inevitablemente recibirá as críticas dos grupos ideolóxicos que negan a nosa cultura ou que queren actuar sobre a realidade galega con outros medios de acción. Xa o dixemos antes: para "Galaxia", o único eido comunal de todos os galegos é a nosa cultura. Cultivar e arrequecer ese eido é fortalecer, vitalizar, afirmar a persoalidade de Galicia como pobo. Velahí o camiño que "Galaxia" escolléu. Pódese aceptar ou non, pro é absurdo combatila por non deixar o seu propio camiño para seguir o que lle marquen os outros.

—*¿Cáles son as perspectivas actuáis de "Galaxia"?*

—Olla: Na súa primeira etapa centróu os esforzos no que podería chamarse a batalla do prestixio cultural, batalla virtualmente ganada nas minorías cultas da poboación urbana. Agora compre ganar esa mesma batalla do prestixio cultural nos medios populares da cidade e do campo. Só así, por ese camiño, se conquerirá a unidade espritoal do pobo galego, esencial para ese desenvolvemento progresivo que todos arelamos. Esta batalla requere a colaboración de moitos medios e Galaxia contribuirá cos seus.

A conversa seguíu, pro sobre outros temas, entre eles a obra literaria e artística de varios amigos comúns.

XULIA DÍAZ SIXTO
Ferrol

A CREACIÓN DA MULLER NO XÉNESIS: UN ESTUDIO FEMINISTA

Dende un punto de vista feminista, é decir, defensor dos dereitos da muller, é interesante facer un estudio da creación do ser humán tal como está referida no Xénesis. Tanto pra os cristianos como pra os que non o son, porque a influencia do Cristianismo e da Eirexa na nosa civilización foi enorme e afetóu básicamente ás ideas, costumes e actitudes da nosa cultura.

Unha desas ideas, transmitida tanto polas Eirexas reformadas como pola católica, é a de que o home foi creado por Deus como superior e xefe natural da muller. Vexamos, nembargantes, o que di a Biblia:

> "Fagamos ao home á nosa imaxe e semellanza, pra que mande nos peixes do mar e nas aves do ceo, no gado i en todas as feras da terra i en cantas serpes andan a rastro sobre a terra" (Xen., I, 26).

A muller non é un peixe do mar nin é unha ave do ceo, nin é gado, nin fera nin serpe.

> "E creóu Deus ao home á súa imaxe, á imaxe de Deus creóuno, macho e femia os creóu" (Xen., I, 27).

Está claro que eiquí estáse falando do xénero humán, masculino e femenino. Esta raza humá, macho e femia, foi creada a imaxe de Deus. Nestes primeiros párrafos do relato da creación non aparece, no texto hebreo, unha verba que desiñe somentes ao home separado da muller. A verba hebrea que se utiliza é *adam*, sustantivo que non ten plural e que, coleitivamente, siñifica "xénero humán".

> "E abenzoóunos Deus, e díxolles: Medrade e multiplicádevos, enchede a terra e conquerídea, e mandade nos peixes do mar, nas aves do ceo, no gado i en todo canto vive e se move sobre a terra" (Xen., I, 27).

É decir, que o dominio sobor do mundo deullo Deus tanto ao home como á muller. "Para que *manden...*". Cando dixo esas verbas, definitivas, aínda non sabemos en detalle como foi a creación por separado do home e da muller.

Os máis dos críticos i estudosos da Biblia concordan en que hai unha espécie de cambio de tonalidade, de xeito de contar, entre o relato da creación do mundo na súa totalidade e a historia de cómo foron creados o home e máis a muller. Nefeito, Xen. II, 5-25 é un relato máis detallado de cómo fixo Deus aos dous seres máis importantes de toda aquela creación. En realidade é un relato que esplica o amor que deberá esistir entre home e muller.

Eu coido que o senso que ten é precisamente o de facer ver que o home e a muller non son unha parexa máis, como as que había

entre os animáis, sinón que todo estaba pensado dun xeito ben diferente pra eles, xa que eran un pouco como Deus mesmo, e, como El, chamados a gobernar e crear.

Di o Xénesis que o home (xa non a raza humá, sinón o ser masculino) foi creado do pó. Deus valeuse dun material xa esistente, como fai todo artista, pra modelalo e insuflarlle esprito. Moi ben. Pero, tendo en conta que na interpretación tradicional, na que pasóu ao pobo, a muller é inferior porque foi creada dunha costela de Adán, diréi que, postos a discutir, sempre será un material máis noble un óso humán que o pó da terra. E, sin dúbida, esa houbera sido a interpretación que os homes terían feito desta historia si as cousas pasaran ao revés. Si a muller houbera sido creada do pó e o home dunha costela da muller, ¿saben vostedes o qué se diría?: Que a muller, ao fin, era puramente terreal, un ser inferior semellante aos animáis, e que o home, por estar feito despóis, e dun material humán, era moito máis perfecto i espritoal...

Outro dos pensamentos tradicionáis é o de que como o home foi creado antes que a muller, debe mandar. Idea ben primitiva. Porque *antes* foron creadas as plantas e os animáis, e dá a casualidade de que os teólogos semellan estar de acordo en que na creación hai un escalonamento de inferior a superior. Eu non estóu suxerindo que a muller foi superior por ser a derradeira, pero esa tería sido a interpretación si o home fora creado despóis da muller.

Voltando ao problema da costela, hai unha interpretación do teólogo Gerhard von Rad que esplicaría esta "rareza" de Deus. Di von Rad *:

> "Hai un feito que precisa dunha esplicación. Este feito é o da atración enormemente poderosa que esiste entre os dous sexos. ¿De ónde ven este amor tan forte como a morte e máis forte que os lazos que unen os fillos cos pais, de ónde ven esta unión íntima, esta atraición dun polo outro que non descansa hastra que se convirte nunha carne no fillo? Ven do feito de que Deus fixo á muller do home, do que na súa orixe foron ambos *unha* carne. É por eso polo que deben unirse, porque pertenecen un ao outro por destino."

Interpretación sutil, poética e que esplica a esclamación maravillada de Adán cando ve por vez primeira á muller que Deus lle presenta:

> "Esta sí que é carne da miña carne e óso dos meus ósos" (Xen., II, 23).
>
> "Por isto deixará o home ao seu pai e á súa nai e apegaráse á súa muller, e faránse unha mesma carne" (Xen., II, 24).

Este é un párrafo que, ou moito me equivoco, ou sempre foi visto polos teólogos i eiséxetas con incomodidade, pola contradición evidente que revela respeito dos costumes patriarcáis. Porque si Deus estaba pensando no home como xefe da familia, ¿por qué non dixo xustamente todo o contrario? A frase ideal, sen dúbida, pra xustificar o patriarcalismo, tería sido:

---

* En GENESIS, pp. 82-83, segunda edición revisada, tradución ao inglés de John H. Marks, Old Testament Library, 1963.

"Por isto deixará a muller ao seu pai e á súa nai e apegaráse ao seu home" **.

Si a frase fora deste xeito, a Eirexa tería dito que eiquí estaban as leises fundamentáis do matrimonio, incluida a xefatura por parte do home. Como non é así, os máis dos teólogos evaden a cuestión. Von Rad non a evade totalmente e di así:

"É un feito curioso que a afirmación encol de deixar ao pai e á nai non corresponde aos costumes patriarcáis do antigo Israel, porque alá a muller despóis de se casare perde contacto coa súa familia moito máis que o home. ¿Hai nesta afirmación tendenciosa quizáis un vestixio dunha posible cultura matriarcal? ***.

Vendo esto dun teólogo que cree que todo o resto do relato, sobre todo cando se citan verbas de Deus, é verdadeiro, é decir, revelación, resulta curioso que non ademita as verdadeiras e lóxicas implicacións desta frase, que non son precisamente que a muller vaia ser o xefe, pero aínda menos que o home vaia selo.

Eu coido que eiquí non se trata de xefaturas sinón de establecer o feito de que o matrimonio sepárase dos pais pra crear unha nova familia e que, dende entón, os lazos máis importantes xa non serán os dos fillos cos pais sinón os da muller co home e viceversa.

Nembargantes, penso que estas verbas danlle importancia á muller; si ésta foi creada como compañeira para o home, éste, pola súa banda, deixará todo pra estar con ela. Ademáis, "serán dous nunha soia carne". Este ideal de matrimonio xudeo-cristián, que pide por unha fusión íntima e total entre un home e unha muller, é imposible de realizar si os dous non son iguales, ou semellantes. I eiquí está probablemente a clave fundamental da crise, evidente nestes tempos, da institución do matrimonio. Onde hai un superior e unha inferior, este matrimonio pensado por Deus non é posible.

Agora vexamos o relato da tentación. A serpente fala coa muller e dille que non é certo o que Deus lles dixera encol do arbre prohibido. Que o que non quere Deus é que cheguen a sabere tanto coma El.

"E cando veu a muller que o arbre era bó pra comida, e atrainte pra os ollos, e desexable pra atinguir a sabiduría, colléu do seu froito e coméu, e deulle del ao seu home, que tamén coméu" (Xen., III, 6).

Tendo en conta que de aquí ven a fama de tentadora e débil da muller, ben valerá a pena revisar o que ocurríu.

A opinión tradicional é a de que a serpente dirixíuse á muller porque sabía que aquéla era máis débil que o home. Eu francamente confeso que non sei (ninguén sabe) por qué foi primeiro a muller, pero estas discusións de primeiros e segundos, das que tanto parez ter gustado a Eirexa, son como peleas de nenos. Un deles tiña que ser. Agora ben: permítanme que acuda novamente ao argu-

** Por certo que Freud, inconscientemente de seguro, citóu a frase bíblica así nunha carta a Martha Bernays, súa noiva, datada en Viena 14-8-1882, pra instrulla nos seus deberes como Frau Freud: "porque, non se ten dito dende tempos inmemoriáis que a muller deixará ao seu pai e á súa nai pra seguir ao home que elexíu?

*** Ibid., p. 83.

mento de maxinar que tería pasado si o relato dixera que o home fora tentado pola serpente. Diríase o seguinte: a serpente, sabedora de que o home mandaba na muller e de que ésta era, por natureza, máis débil e inclinada a se someter á vontade do home, naturalmente dirixíuse primeiro ao máis importante dos dous. E a esplicación continuaría así: Ousérvese que a tentación non é de tipo sensual sinón inteleitual. A serpente promételle ao home que saberá máis. Esto esplica sobradamente por qué non lle falóu á muller, sinón ao máis intelixente e inteleitual dos dous.

Deus entón chámaos e dilles:

> ¿Comiches do albre do que che mandéi que non comeras? E dixo o home: —A muller que Ti me puxeche pra estar conmigo deume del, i eu comín. E Deus díxolle á muller: ¿Qué fixeche? E a muller dixo: —A serpe engadóume, e comín (Xen., III, 11).

Hei de decir que a min esta resposta de Adán sempre me pareceu antipática i egoísta. Pero coido que a esplicación correcta sería a de que o home bótalle, en realidade, a culpa a Deus cando di: "A muller que *Ti* me puxeche".

E Deus castiga a todos.

Dille á muller:

> "Multiplicaréi moito as túas angurias e a túa preñez, con anguria parirás, e a túa inclinación levaráte ao teu home, que te dominará" (Xen., III, 16).

Os homes viron eiquí que Deus entregáballe definitivamente o mando ao varón. Pois si así foi, é ben curioso que Deus o diga como parte dun castigo ou dunha maldición. ¿Non é? Porque un castigo é un *mal* que vai acontecer, en lugar dun *ben* que estaba previsto. Deus víu o que iba pasar, i estas son palabras que relatan a súa visión do futuro: a de que as mulleres veríanse inxustamente domeadas polos homes porque éstes abusarían dunha inclinación amorosa innata nelas que non lles permitiría defendérense contra a inxusticia. ¡E razón tiña!

A Eirexa elexíu con predileción as verbas de San Pablo referentes ao matrimonio e ao "status" da muller.

> "O varón non deberá certamente cubrir a testa, sendo como é imaxe e gloria de Deus, mais a muller é gloria do varón, xa que non foi creado o varón por causa da muller, sinón a muller por causa do varón..." (San Pablo, Corintios, 11).

> "As mulleres someteránse ao seus maridos, como ao Señor; pois o varón é cabeza da muller, como tamén Cristo é cabeza da Eirexa, corpo seu, da cual El é o Salvador. Mais así como a Eirexa suxéitase a Cristo, así tamén as mulleres aos seus maridos en todo..." (San Pablo, Efesios).

San Pablo era home do seu tempo e tiña prexuicios e ideas da época en que lle cadróu vivir e da raza a que perteñecía. Calquera que non sexa cego, e ben cego, pode ver con toda claridade que a súa interpretación ten pouco que ver co relato do Xénesis. Por qué as Eirexas cristiás preferiron as ideas de San Pablo e non as de Cristo?

> "Entón chegaron onda El os fariseus pra tentalo, preguntándolle: Está premitido a un home repudiar á súa muller por calquera cou-

sa? El respondéulles: Vós non leéstedes que o Creador, dendes do principio, fíxoos home e máis muller; e lles dixo: "Por eso mesmo, o home deixará ao seu pai e á súa nai pra xuntarse á súa muller e, deste modo, seren dous nunha mesma carne". De maneira que xa non son dous, sinón unha soila carne. Así pois, o que Deus xuntóu, que o home non o separe."

Eles volvéronlle a preguntar: Logo, cómo é que Moisés mandóu dar un documento de divorcio ao repudiar a unha muller? Díxolles El: Foi pola dureza do voso corazón que Moisés vos permitéu repudiar ás vosas mulleres; mais ao principio non foi así. Eu dígovos que quen deixe á súa muller, non sendo no caso de adulterio, e se case con outra, comete adulterio.

Dixéronlle os discípulos: Se tal é a condición do home coa muller, ningunha conta lle trai o casarse.

El contestóu: Non todos entenden estas cousas; somentes as entenden aqueles aos que lles foi dado entendelas.

(Mateo, 19, versículos 3-11. Trad. de Xosé Morente Torres)

M.ª TERESA BARRO
Londres

DOSTOIEVSKI E A CRISE DA SOCIEDADE PATRIARCAL

O pai de Dostoievski era un home autoritario, cruel, tamén parez que un bocadiño sentimental, pois o sentimentalismo é compatible coa crueldade. Era fillo dun pope. Estudóu no seminario ortodoxo, do que salíu pra facerse médico. Unha das persoas que máis tiveron que sofrir as consecuencias da tiranía deste home foi a nai de Dostoievski, María Fiodórovna. A ialma do escritor foi modelada, sen dúbida, tanto polo autoritarismo do pai como polo sofrimento da nai. Xa dende pequeno puido comprobar cómo a sensibilidade e o agarimo son esmagados, pisados, polo autoritarismo e a tremenda forza do home, pola virilidade. O pai, un home de alma militarizada, ensíñalle o latín aos dous fíllos maiores, Mijail e Fiodor, polo método prusián, de tal xeito que a crase convírtese pra os dous irmáns nun suplicio. Cando este home adequire a aldeia de Darovoie, os servos, non pudendo aturar tanto despotismo, rematan por asesinalo. A pesares diso, xa dixen antes que parez ser que este home verquía bágoas sin dificultade.

O pai, o tirano, deixóu na ialma de Dostoievski un xerme de odio que ás veces voltaríase contra a sociedade (como no seu período de conspirador) ou contra sí mesmo. Xermolóu dentro del un sentimento destructivo contra o que tivo que loitar toda a vida. Foi un sentimento amargo que afogaba as ondas de amor e ledicia que loitaban por xurdir do seu corazón i esparexerse polo seu entorno. Constranxido, limitado no amor, esmagado, torturado, ousesionado polos autorreproches e as dúbidas, escravizado pola dualidade dos seus impulsos, a vida de Dostoievski convertíuse nun verdadeiro Calvario. Os psicoanalistas dirán que tiña un complexo de Edipo, outros dirán que padecía dunha carencia afectiva grave; pero o caso é que afondando no sofrimento de Dostoievski, sofrimento que tan ben conocen todos os fillos de pais ríxidos, atopámonos cuns síntomas que nos levan a transcender a mera historia persoal e a pensar en termos antropolóxicos. A crise do escritor ruso é a encarnación nunha persoa determinada doutra crise que padez toda a sociedade: a crise da sociedade patriarcal, a loita dos principios autoritarios, prohibitivos, represivos, ríxidos, "lóxicos" do pai coa sensibilidade, o agarimo, a pacencia, o silencio, a calor da nai.

Eu penso que os dous principios freudiáns, o principio da realidade e o principio do pracer, non son duas entelequias, duas vagas abstracións flotando no aire, senón que emanan de dous seres concretos, o pai e a nai. Esta persoalización dos dous principios freudiáns nona admitirán os psicólogos que, polas razóns que sexan, estean integrados no sistema, que teñan aceptado as regras do xogo da sociedade en que vivimos. Aceptar semellante persoalización sería ir contra sí mesmos, negarse a sí mesmos. Dunha maneira máis ou menos convincente tratarán de demostrar que os dous principios

freudiáns teñen sentido como tales principios abstractos e que non hai necesidade ningunha de reconocelos como producto de seres humáns concretos, de carne e oso. Mentras tales principios sexan reconocidos como principios abstractos, tales psicólogos estarán a salvo da ameaza que supón pra a súa subsistencia intelectual e material a loita concreta contra os privilexios conferidos polo soio feito de aceptar as regras do xogo da sociedade patriarcal. O orixe destas regras data da prehistoria, nin máis nin menos. Dende entón vimos funcionando según os principios do home primitivo, daquel home que tiña que loitar directamente contra a natureza pra subsistir. Esta loita creóu nel o hábito da dominación que constituíuse en hábito mental que non abandoaría nin pra a realización de actos que nada teñen que ver coa liberación da necesidade. Os principios da nai, de sensibilidade e agarimo, endexamáis foron inculcados como hábitos mentales, senón todo o contrario, presentáronse como cousa de febles, de poetas, de soñadores, de mulleres. "Chorar é cousa de mulleres" e frases polo estilo foron grabadas nas nosas mentes dende nenos. Fomos adestrados en hábitos competitivos, menospreciando ou despreciando o afecto como cousa de mulleres. "Iso está ben pra a poesía, pero non pra a vida, pra a realidade", dicíannos cando éramos nenos. Algúns chegaron a creélo, outros nono crémos e estamos dispostos a demostrar que pensar así é deformar o sentido da vida. A realidade, a tan sonada realidade coa que din que temos que enfrentarnos, definímola nós, os homes, e non é nada que estea ahí dende a eternidade pra impoñérsenos e amolarnos. A realidade non esiste como algo afastado do ser humán e non tén, polo tanto, ese poder de imposición que algúns lle atribuien, senón en mui pequena medida. Pra uns son realidade os soños, as frores, a poesía; pra outros somentes é realidade o diñeiro, o poder, etc. O que é siñificativo pra un pode non selo pra outro. Xa sei que de soños non se alimenta un, xa o sei, pero de pan soio tampouco.

O "super-ego" non é outra cousa que o conxunto de hábitos mentales cos que podemos facer frente á *realidade oficial,* a iso que dende nenos dixéronnos que era a Realidade. Dixéronnos que ésa era a realidade e que non había outra. Pero esa Realidade nono é senón a postulada pola nosa sociedade patriarcal, basada en principios represivos, tiránicos ou paternalistas. O "super-ego" elaborado pra facer frente a esa realidade da sociedade patriarcal tende a afogar en nós a sensibilidade e o agarimo, non deixa agromar o amor nos nosos corazóns, pois aceptar os principios herdados da nai trócanos en seres febles demáis pra facer frente a un sistema basado na competencia, na loita pola vida, no trunfo dos máis fortes, dos máis intelixentes, dos máis ricos, dos menos escrupulosos. Un home que deixe desenrolar normalmente os seus sentimentos terá mil dificultades pra vivir nunha sociedade que está montada sobre principios competitivos.

Os pais de Dostoievski non formaban unha unidade e o escritor herdóu deles unha dualidade afectiva que nacéu do seu odio polo pai e o seu amor pola nai. Non sabía que levar no corazón a semente do odio é condenarse á infelicidade pra o resto da vida. No corazón de Dostoievski escondíase un parricida e toda a súa vida foi un intento desesperado de domealo, de facerse con el, de comprendelo e

de facelo calar. Non sabemos si o escritor chegóu a perdoar ao seu pai. Eu penso que non, que non foi capaz ou que non quixo. Por iso seguíu sendo parricida en potencia hasta o día da morte, porque non atinguíu a perdoar a tiranía do pai, porque, no fondo, seguía a agardar algún xeito de venganza. Eu matinéi muitas veces en cal pudía ser a solución deste conflicto interior e inda non atopéi outra solución que o perdón.

Hai outro escritor que tivo tamén un conflicto semellante: Kafka. Lembrémonos da carta ao seu pai e da dificultade que tiña pra domear os seus sentimentos hacia o pai. Estes sentimentos puideron máis que el e chegaron a convertilo nun home desacougado e infeliz. No seu diario podemos ver a súa incapacidade pra amar, pra sentir aos demáis, dos que parez que estaba separado por unha parede de vidro, incapacidade que estendíase incruso hasta a súa idea das relacións sexuales, que non pudía aceptar. Vemos tamén que a rebelión contra o pai tivo nos dous escritores o seu aspecto positivo, pois a non aceptación do sistema de valores paterno é case unha premisa indispensable pra poder crear. O teólogo protestante Harvey Cox cita no seu libro *The Feast of Fools* [1] os estudos de Jerome L. Singer e John Antrobus, quenes "atoparon que os individuos mui vencellados á nai ou que tiñan rexeitado os valores do seu pai, tiñan este tipo de ensoñacións (refírese á fantasía e á ensoñación diurna) con máis frecuencia e fecundidade. Descubriron tamén que os anglosaxóns tíñanas en menor proporción que os xudeus e italiáns e que os negros as tiñan en maior medida que calquer outro grupo". Estas investigacións están feitas antre universitarios e son, polo tanto, parciales; pero coido que calquera que se interese polo fenómeno da creatividade comprobará sempre que non se pode ser creador sen estar marxinado, que a non aceptación dos "altos valores" que sirven pra a esplotación do home polo home é necesaria pra crear, pois a creación esixe un grado elevado de sinceridade.

O conflicto xeneracional xurde precisamente do feito de que o sistema de valores da xeneración nova non coincide co da xeneración vella. Isto espresóuno mui ben un amigo meu cando, ao contarme os seus conflictos co seu pai durante a nenez, dicía: "A miña verdade era mintira pra o meu pai e a verdade do meu pai era mintira pra min". Antre a xeneración vella e a nova érguese a barreira da sinceridade. Non quer dicir isto que os xóvenes sexan sinceiros e que os vellos nono sexan, senón que a sinceridade é unha aspiración pra os xóvenes, mentras que pra os vellos esta aspiración queda paralizada pola súa adhesión aos "altos valores", valores pra eles incuestionables, que endexamáis porán en dúbida. Estes "altos valores" son como unha especie de corsé pra o pensamento e pra a ación, pois, inda que pareza mintira, pódense poñer en dúbida e pódese demostrar que a utilización dos mesmos non sempre foi dacordo coa xusticia. Estes "altos valores" poucas veces saíron dunha esfera verbal e serviron, máis que nada, como aglutinante en grupos humáns mui determinados. Os "altos valores", a metafísica, a abstracción, provocan a repulsa dunha xeneración que busca máis a realidade dos valores que a altura. E falo aquí dos "altos valores" non porque estea

[1] Harvey Cox, "Las Fiestas de locos". (Ensayo teológico sobre el talante festivo y la fantasía). Editorial Taurus, 1972.

de moda facelo gracias a Marcuse, senón porque Dostoievski tampouco creía neles e fai referencias a eles cheas de ironía en todas as súas novelas. Na Rusia de Dostoievski estaban vivos tantos problemas que hoxe parécennos actuales, modernos, escrusivos do noso tempo. Na Rusia do século XIX falábase xa das actitudes negativas cara á esistencia (o nihilismo ruso), de socialismo cristián, de socialismo ateo e de mil temas máis que nos sirven hoxe os editores como novedade.

O problema do parricidio, que tivo un carácter determinante na vida de Dostoievski, foi desenrolado pola maxinación do autor na súa derradeira novela, *Os irmáns Karamásov*, pero nela non se limitóu a relatar un parricidio aproveitando o novelable que é o tema, senón que intentóu espresar nela o másimo posible de todo o que tiña que dicir. Dostoievski como escritor tiña unha inmensa sede de espresión, sentía dentro del muitas cousas que querían sair á luz e que pouco a pouco ían tomando forma, como nun parto mui lento e difícil. Dicía: "Chego á dolorosa conclusión de que, en todas as miñas obras, non manifestéi nin a vixésima parte do que teño que dicir e quizáis debera dicir... Sinto que en min hai muito máis do que atinguín a espresar hastra agora nas miñas obras".

Non podemos lér *Os irmáns Karamásov* sen ter en conta que a másima preocupación do seu autor era a relixiosa. O problema da esistencia de Deus, a eirexa, o cristianismo oficial vixente na Rusia do século pasado, o sentimento relixioso do pobo ruso, foron as preocupacións principales de Dostoievski. Isto podémolo comprobar lendo as súas cartas e a súa obra literaria, sobre todo esta derradeira novela que é case un tratado de teoloxía. A preocupación de Dostoievski ao escomezar calquer novela non era tanto a descripción dunha acción como a creación dun persoaxe. O dar á luz un persoaxe era o ouxeto do seu esforzo creador. Así, concebíu *Os irmáns Karamásov* como unha biografía, a biografía de Alíoscha Karamásov, o terceiro fillo dun pai tiránico. Neste persoaxe tratará o autor de resolver o seu doble conflicto de fillo dun pai tiránico e de crénte. Nos tres persoaxes, nos tres irmáns, resume Dostoievski tres actitudes diferentes cara ao pai tiránico, provocador da rebelión interior, e cara a Deus. En primeiro lugar, fagamos un breve esbozo da persoalidade deste pai tiránico destacando algúns riscos característicos.

A semellanza de Fiodor Pávlovich Karamásov, o pai, co verdadeiro pai de Dostoievski é grande. Terrateniente, tiránico, sentimentaloide, sensual, mintireiro, foi un déspota coas dúas mulleres coas que estivo casado. A segunda, Sofía Ivánovna, chegóu a enfermar a causa dos malos tratos, sendo víctima de ataques histéricos e chegando a perder a razón por tempadas. O patriarca tampouco se preocupóu nunca polos seus fillos, que foron criados i educados por xente allea. Xa de maiores, a relación deste pai tiránico cos seus fillos trócase aínda máis conflictiva pola dependencia económica déstes con respecto ao pai. Inda que non sintan afecto ningún polo seu pai, teñen que depender del económicamente. O vello pode, polo tanto, dispoñer en certo modo das esistencias dos seus fillos e telos nun puño.

Dimitri, o maior dos fillos, é un home apaixoado, irreflesivo, sensual, víctima dunha dualidade que o fai oscilar antre dúas mu-

lleres que corresponden a dúas maneiras de sentir que cohabitan nunha mesma persoa. Katerina Ivánovna, a muller elegante, fina, distinguida, intelixente, representa pra el a encarnación dos "altos valores", altos pero represivos. Grúschenka é a prostituta que permite a liberación instintiva de Dimitri, unha liberación que non atopará en Katerina Ivánovna. Dimitri, prototipo do burgués, oscila entre dúas series de aspiracións: as morales e as instintivas. Tal como se lle plantea a vida a Dimitri, estas dúas series de aspiracións son incompatibles e non pode atopar a satisfacción delas nunha mesma persoa. Os "altos valores", representados por Katerina Ivánovna, reprimen toda satisfación instintiva e coartan, además, a mesma afectividade do individuo. Grúschenka, polo contrario, ofrécelle esta liberación, pero é unha prostituta, está condenada pola sociedade e casarse con ela supón un enfrentamento directo ca dita sociedade puritana, anque os rusos nunca foron puritanos demáis, sobre todo comparados con algúns europeos.

Iván, o segundo irmán, é o intelectual rebelde, o home que emprega a súa intelixencia pra rebelarse contra Deus e contra os homes. Non acepta a inxusticia da vida, sobre todo o sofrimento dos nenos, e por iso non pode crér nun Deus que permita o sofrimento dos inocentes. Remata por se volver tolo, como Nietzsche, cuia rebelión era parecida á de Iván.

Antes de falar de Alíoscha, vou facelo dun coarto irmán, fillo dunha probe tonta do pobo. Chámase Smerdiákov. É o máis esmagado polo pai, o máis tiranizado. Traballa como servo del e o patriarca chámalle a burra de Balaam. Smerdiákov non é nin fillo lexítimo do patriarca. É inorante, anque ás veces querse facer o listiño e chega incruso a edificar algunhas concepcións persoales da vida.

Alíoscha é o terceiro fillo lexítimo e no limiar da novela confésanos Dostoievski a súa intención de facer del o héroe da obra. Alíoscha é o ouxetivo da novela. A característica principal de Alíoscha é a súa relixiosidade que ten muito que ver co recordo que conservaba da súa nai, a segunda muller do patriarca. Lémbrábase da nai inda que ésta morrera cando el tiña catro anos. Lembrábase, especialmente, dunha tarde de vran na que a nai, en medio dun ataque histérico, rezaba por el á Virxe. Un día, con motivo dunha discusión, chégase a reproducir nel un ataque esactamente igoal aos da nai. Alíoscha está de monxe nun convento, pero o *stárets* Zósima dícelle que salla ao mundo, que o seu posto está antre a xente, non nun mosteiro. Aquí concebíu Dostoievski, mui probablemente, a súa idea do que debe ser a eirexa e cal debe ser o seu papel no mundo. Por outra parte, Alíoscha non odia ao pai nin chega a xuzgalo en ningún momento a pesares de todas as provocacións del. Tamén penso que Dostoievski espresóu así a actitude que el creía que era a máis liberadora na situación dun fillo de pai tiránico.

Smerdiákov é o que leva a cabo o parricidio. O que tiña máis motivos pra matar ao pai era Dimitri, porque naqueles momentos dábase o caso de que non soio dependía económicamente do pai, senón que o pai, co seu diñeiro, podía mercar os favores de Grúschenka, a prostituta, que representaba pra Dimitri a Liberación instintiva. O pai pode, mediante o seu poder económico, deixar a Dimitri sen Grúschenka, a paixón que o fai tolear. A pesares diso, a pesares

de todos os motivos que tiña pra levar a cabo o parricidio, adiántaselle Smerdiákov, o imbécil. Pero tampouco é Smerdiákov o verdadeiro parricida. Smerdiákov é somentes o brazo efector, pero o que o impulsa a matar é o intelectual, Iván. Iván é máis parricida que Dimitri e Smerdiákov, anque non chegóu a luxar as mans co sangue do patriarca.

Eu vexo nesta concepción do parricidio muito de profético e penso que pódense tomar estes persoaxes como símbolos dentro dunha situación tamén simbólica: a rebelión contra o sistema. Dimitri podería simbolizar a burguesía, que necesita rebelarse contra o sistema por intereses económicos fundamentalmente. Iván sería a intelectualidade da oposición, o ideólogo. Smerdiákov, o pobo inorante i esmagado, o servo do pai. Alíoscha, a eirexa secularizada, comprometida coa sociedade humá, e non a simple censora; a eirexa como fonte de liberación, non de represión, e Dostoievski, que matinóu muito nestes problemas, pode que concebira a salvación da sociedade humá por medio da eirexa.

Toda obra de creación encerra muito máis do que o mesmo autor chega a espresar conscentemente e moven máis a crear as motivacións inconscentes que os proietos conscentes, lóxicos, esquemáticos. Por iso penso que un home que vivíu con tal intensidade os problemas da súa época como Dostoievski non pudía escribir sen que nas súas obras se fose destilando a solución de tanto conflicto como confluía nel.

XOAN XULIO ALFAYA
Vigo

PRÓLOGO A "O DESPERTAR DA FE E O SEU DESENROLO...", DE E. VIDAL *

"Que as mulleres calen na eirexa", dixera un día San Paulo (1Cor 14,34). E o slogan, que respondía a un puro condicionamento sociolóxico, tivo —hai que reconocelo— ésito abondo. Somentes hoxe empeza, de verdade, a ceder terreo. Foise impoñendo a forza evanxélica daquel outro principio teolóxico fundamental: "En Cristo non hai home nin muller" (Gal 3,28). Siño público e definitivo do fenómeno pode ser considerado o nomeamente oficial de dúas mulleres —Santa Catalina e Santa Teresa— como doutores da eirexa.

En Galicia, terra fondamente matriarcal, o proceso ten de ter unha resonancia especial. A muller galega, doce e garimosa, sí, pero tamén rexa, traballadora e fecunda, exerce na nosa vida colectiva un papel fundamental. Fondamente vencellada ás raíces máis fondas da terra e da historia, a ela tócalle —porque somentes ela pode facelo— "dar a luz" aspectos fundamentales da alma galega.

Rosalía non foi unha casualidade.

Pero hastra agora, no ámbito relixioso, máis aínda que no civil, a muller galega calóu demasiado. Vítima —como todos— dunha colonización espiritual, non atopóu aínda a súa voz máis auténtica. E xa vai sendo hora de que ela deixe trasparecer o seu fondo millor i enriqueza o espíritu da colectividade coas riquezas que dentro leva acobilladas. Imaxinemos posta á obra a súa capacidade de reconciliación, de detectación das máis sutiles inxusticias (como a da tremenda, anque soterrada, humillación idiomática; a da marxinación rural...); de captación e transmisión dos nosos valores auténticos, de identificación coa terra... ¿Non é verdade que o carís de Galicia podería sufrir un fondo cambiante en moi pouco tempo?

De feito, parece que podemos abrir o corazón á espranza. Empezan a xurdir síntomas prometedores. Moitos están aínda soterrados nun fecundo e nutricio xermolar. Algúns principian xa agromar á luz eclesial. Este folleto é unha boa proba. El reproduce o texto da primeira conferencia sobre tema relixioso pronunciada en galego por unha muller (ao menos, según as nosas noticias).

A súa autora, Engracia Vidal, nacéu en Cambados, "probe, fidalgo e soñador". Por unha curiosa casualidade —ou deberemos decir, en puridade cristiá, por unha feliz providencia— de pequena

* Este limiar foi escrito pra poñer ao frente do ensaio ao que se refire. Pero ao se non realizar a edición do mesmo, como traballo independente, por terse publicado en libro colectivo, inxerimos o texto proloquial nestas páxinas en razón do seu interés.

xogóu no colo de Ramón Cabanillas, que hastra lle ensaióu algunha poesía propia pra que ela a recitara. Colexiala en Placeres, fíxose logo monxa do Sagrado Corazón. Andalucía, Madrid, carreira de Historia e actividades pastorales en parroquia (dúas pasións segredas, ou non tan segredas...). De novo na terra, agora en encontro maduro e fecundo.

Galicia, que deica entón permanecera algo esvaída no fondo do espíritu, xurde coa forza de realidade en carne viva. Non foi un encontro esterno. Foi —sabémolo por confesión dela mesma— un auténtico re-encontro, un revivir de algo acobillado alá nas raíces máis vivas do ser: Galicia, "lonxe de nós e dentro".

Aquí temos un dos frutos dese proceso. A perfecta rigurosidade do método espositivo, non foi capaz a ocultar a íntima vibración dese contacto revivido. Breves indicacións, pequenos detalles, alusións de esguello, mostran ben as posibilidades da intuición feminina na alma relixiosa de Galicia.

¡Qué prometedores camiños se abren nesta direición! ¿Entrará por eles a muller galega? ¿Descubrirán por fin as nosas monxas que teñen aquí un canle inesperado pra unha nova floración da súa auténtica intimidade espiritual, e, ao mesmo tempo, un camiño fecundo pra un novo apostolado? Esperemos. As sementes andan xa polo ar. I é ben sabido que a nosa terra é pagadora: convirte sempre en fruto —a pesares de todo— a semente que se lle dá.

A. TORRES QUEIRUGA
Santiago

UN GRAN DIBUJANTE GALLEGO
ALFONSO R. CASTELAO [1]

Alfonso Castelao es un hombre alto y flaco. Demasiado desgarbadamente flaco y alto.

Seco, cetrino, mueve las piernas y los brazos como esos gigantes y esos árboles humanizados con que glosa Arturo Rackman los cuentos brujos. Muestra el rostro campesinamente afeitado y en él las dos enormes, anchas, con espesa acuosidad vítrea, ruedas de las gafas.

Tal como aparece, áspero y huesudo, causa en el primer momento una extraña inquietud. Pensamos frente a él en un guerrero o en un peregrino medieval disfrazado con modesto indumento contemporáneo; creemos que va a revelarse como uno de esos vagabundos, entre místico y pícaro, que van por los campos blandos de su dulce Galicia.

Pero habla este hombre y todo él se transforma. El acento suave, caricioso, de una grata cadencia de cantiga, acostumbrada al acuneo maternal de su fala arcaica; las manos pálidas, señoriles, que pasan las cartulinas de sus dibujos con ademanes lentos de enfermo y de artista, y sobre todo su mirada —una

[1] Este artículo fue publicado en el año 1918. Su autor presenta en él ante el público español de la época la figura artística de Castelao. Lo reproducimos hoy en estas páginas por el interés que tiene, y lo ilustramos con un retrato del genial dibujante, hecho cuando éste contaba 25 años de edad, con ocasión de la primera exhibición de sus dibujos, realizada en 1912 en el Salón Iturrioz, de Madrid.

mirada bondadosa y triste, una mirada que parece despedirse de las cosas con un amor incurable y fatal, una mirada que atraviesa los cristales tan gruesos y, sin embargo, llega a nuestro corazón sin perder su calidez— borra la impresión descomunal de la catadura.

Entonces, aún antes de ver sus dibujos, se comprende que este gallego, recio y sutil, tiene el alma melancólica e irónica de Galicia tan ligada a la suya propia, que toda Galicia es el mismo.

—Yo soy muy gallego, ¿sabe, Francés? —me decía en una ocasión. Primero gallego que artista, porque surgió primero en mí el cariño a la tierra que el deseo de expresarlo.

Este galleguismo se encuentra siempre latente en las palabras y en la obra de Castelao. Otra vez me decía, complaciéndose en ello:

—Yo nací en Rianxo, un pueblecillo de La Coruña, y en un radio de tres leguas alrededor de mi pueblo nacieron Rosalía de Castro, Valle-Inclán, Julio Camba, el poeta Cabanillas y hasta la bella Otero; pero tengo el orgullo de no ser vecino de ninguno de los ministros gallegos.

Y sonreía de estas últimas palabras que tienen la amarga profundidad de muchas caricaturas suyas, implacables, cinglantes, donde, compasivo defensor de los humildes, se yergue colérico contra los fuertes y los poderosos. Pero nosotros no podemos sonreir frente a esa sonrisa suya, tan hondamente apenada, de tan desmayada expresión. Una sonrisa que es el patrimonio de los que sufrieron mucho en su carne y en su espíritu los propios dolores y los dolores ajenos, fraternalmente fundidos.

De aquí esta honda huella sentimental que deja la contemplación de los dibujos de Castelao, como un viaje a través de Galicia.

En una conferencia que di el año anterior en la Exposición de Arte Gallego de La Coruña [2] procuré fijar la significación de Castelao dentro de la moderna pintura galaica.

"Es un humorista —dije entonces y repito ahora— el que empezó a crear la verdadera pintura gallega moderna. Lo que había de alcanzar tan óptimo mediodía lo inicia un espíritu burlón que muchos años en la pétrea Santiago tornaron melancólico, y a quien la contemplación de las incomparables rías bajas dio norte soñador a su alma.

Es Castelao. Fragmenta, frivoliza su labor en los periódicos y en las revistas. Se esfuerza en simplificaciones y estilizaciones lineales que luego habrá de abandonar. Pero mientras tanto, se va formando en él un cronista satírico y romántico, picaresco y melancólico de Galicia. Un poeta juglar que comenzara haciendo cabriolas y que poco a poco ha llegado a expresar con tal fidelidad el espíritu y la vida gallegos, que nos conmueve hasta las más recónditas fibras del sentimiento cuando se ven esas siluetas lamentables de los ciegos a quienes el cielo negó el prodigioso espectáculo de Galicia.

Y para ello no precisó el artista grandes lienzos ni mezclar los colores del óleo. Incluso ahora que en *O pobre Xan* ha intentado por primera vez el cuadro propiamente tal, nos parece menos afor-

[2] Véase "El Año Artístico", 1917, págs. 341 a 353.

tunado. En cambio, sus acuarelas son de una perfección absoluta, de un verismo tan jugoso, que traen a la memoria los costumbristas flamencos a lo Teniers y a lo Breughel, "el Viejo".

¡Los ciegos de Castelao! Son de una fuerza dramática lancinante, cruel, que se agarra a nosotros para ya nunca evitarnos su recuerdo angustioso.

Alfonso Castelao tuvo siempre extraña obsesión predilecta por los ciegos. Primero como una misteriosa profecía, luego como una fraterna solidaridad en la común desgracia.

Porque Castelao, que daba a esas siluetas hieráticas, silenciosas, de los mendigos con los ojos muertos, socavados, gangrenados, sobre los fondos sonrientes de un paisaje ubérrimo, un extraordinario valor realista, había de cegar también. Y después, cuando recobró la visión, no apartó espantado su mirada de los que no pudieron, como él, libertarse de la noche eterna. Al contrario. Puso toda su experiencia de hombre al servicio de su talento de artista.

Había un panteísmo más apasionado aún en la interpretación de cielos, campos, aguas y caseríos; más vibrante exaltación luminosa en el color, más íntima sensación de caricia en el minucioso recreo con que el artista va reproduciendo los rostros femeninos, ingenuos, de las rapazas que tienen una primitiva dulzura de vírgenes de retablo y pura serenidad de perfiles de camafeo o de medalla. Y hacía más reprochadores de la indiferencia humana los rostros extáticos de los ciegos, se torturaba a sí mismo procurando expresar en las facies de mirada ausente toda la interior tragedia o todo el delicioso ensimismamiento de la ceguera.

Y, lógicamente, el humorismo de Alfonso Castelao, que rara vez ha hecho reir, que imponía sonrisas tristes, ya no hará sonreir nunca más, sino crispar los puños y sentir que nos sube a la boca —como el sabor cálido y sucio de un esputo sanguinolento— palabras de odio y de rebeldía. No. No es alegre, no puede serlo, Alfonso Castelao. Acaba de cumplir treinta años y la vida no le ha escatimado suplicios.

Fué médico de una aldea recóndita y hubo de palpar lacerías carnales y asomarse a los abismos de las mismas conciencias que producen vértigos a los abades y a los notarios gallegos. No se resignó a la vegetativa existencia del médico rural, e hizo unas oposiciones a otra carrera más humilde, pero más productiva, y entonces, súbita, brutal, surge la ceguera que durante mucho tiempo le tuvo forzosamente inactivo, abierta una herida en su alma.

¿Imagináis la tortura de este artista, ciego en plena juventud, cuando todo era tentación para su mirada y cuando se había dado cuenta exacta de la misión redentora que podían realizar sus dibujos?

Porque Alfonso Castelao, que prescindió de la modesta retribución de sus caricaturas en un semanario (siéndole muy necesaria) sólo porque creyó que aquel semanario fomentaba la emigración de los aldeanos hacia el Brasil, comprende y practica la significación social de caricaturista, a quien llama pintor de almas.

"Yo no sé —dice en su folleto *Algo acerca de la caricatura*— por qué Taine y otros consideran al pintor de almas, espíritus y emocio-

nes, como artistas inferiores. Dice dicho autor que "son observadores desorientados que han nacido para hacer novelas y estudios de costumbres, y que en vez de una pluma tienen un pincel en la mano".

Pues bien: si con el pincel se puede hacer latir el corazón humano y corregir descarríos como con la pluma, ¿por qué no han de usarse indistintamente ésta o aquél? Un hombre puede tener talento literario y, sin embargo puede faltarle la habilidad para escribir; ¿ha de privarse de pintar tan sólo porque utiliza los medios propios de otro arte? Una comedia o un drama en un cuadro, puede leerse en una mirada, con lo cual se ahorra atención; el principio formulado por Spencer acerca de la economía de la fuerza, tiene su aplicación en este caso. Además, la expresión del gesto es universal, se evitan las traducciones.

"Un hórreo que por sus rendijas enseñe únicamente el cielo, dice más del hambre de un año que un *artículo de fondo*".

Por eso, al recordar Alfonso Castelao la vista, su arte se profundiza y exacerba en el sentido demoledor de sus composiciones y en la viril arrogancia de sus leyendas.

Recordemos las caricaturas publicadas en "El Sol", veamos las notas conmovedoras o ásperas de estas páginas; aguardemos ese album titulado "Nos", pronto a publicarse, con unos versos de Ramón Cabanillas, el poeta más grande que tiene hoy día Galicia, y que ya, antes de ahora, hizo este elogio del admirable humorista con quien tiene tantos puntos de contacto:

Mirade ben, cando nas mans vos caían
os "monos" de que falo:
¡pasa a vida por eles latexante!
¡teñen da nosa Terra o meigo encanto!
Firan ou biquen; ledos e ridores
ou fondamente tráxicos,
¡todos levan por alma un pensamento!
¡Homes e monos, todos levan rabo!

JOSÉ FRANCÉS

TOLERÍA PRA UNHA DESMITIFICACIÓN

Os avances científicos e técnicos tiñan progresado moito derradeiramente, isto é, dempóis da ruptura, do descanso nas tarefas científicas que durara varios anos. Sucedéu que as mulleres e os homes diste país erguéranse contra dos artefactos, paralizaran a carreira atolada da técnica, na cal estaban anguriosamente mergullados, e dispuxéranse a encetar unha etapa humanística de desenrolo daquelas facultades, actitudes, sentimentos que podían facer máis libre ao home.

(Tópico século XX. Daquela xa escomenzara unha teima contra das máquinas, das bombas, dos bruídos, dos fumes, da .polución Xurdira unha literatura de ciencia-ficción na cal as máquinas substituían aos homes e incruso domeñábanos. Voces inxenuas de boa vontade lanzaban SOS alertando aos homes do perigo, sen se decatar de que as bombas non se moven soias, son lanzadas por homes, homes enemigos dos homes, satisfeitos de que a preocupación xeneral enfocárase nas máquinas, nos fumes, na polución. Aquiles homes bós, inxenuos, non se decataban de que o home pode morrer de moitas cousas, incruso de asfisia por lle teren a boca tapada.)

As ansias de libertade movíaos a debruzárense nun mundo que os oprimía.

Dempóis de romper nos primeiros intres dun xeito violento, comenzaron a inspirarse nos métodos de vellos filósofos orientáis, pra pasaren logo a iniciarse en novas prácticas máis acordes co seu elevado grado de civilización.

As mulleres, que xa nas épocas anteriores tiñan conquerido a igoaldade co home no traballo e no acceso a todas as ponlas do saber, acadaban niste intre un total desenrolo da súa persoalidade. Pra elas fora o verdadeiro comenzo de Historia. ¿Fora? Deica entón a Historia fora dos homes.

A libertade armónica presidía todos os aspectos do país. Vivían, comprían un "beatus ille" soñado a través dos tempos, un mundo rousseauniano, unha *Illa* de Huxley. O primeiro que lle petaba nos ollos a un foráneo espectador, era o xeito de vestir. Non había moda. Cada cal vestíase ao seu gosto, cas feituras e coores do seu agrado, pro, iso sí, tanto as mulleres coma os homes trataban de revelar os rasgos propios do seu sexo. En ningún intre histórico foron tan distintos os roupaxes dos homes e das mulleres. Cando nos libros de Historia atopaban fotografías doutros tempos, ollaban con divertida prespectiva a aquelas antepasadas súas que, co gallo de igoaláranse aos homes, adoptaban roupas, xestos e actitudes marcadamente masculinas. Era un xeito de rexeitar a súa condición homildada, sumisa, femenina.

(Lástima que non poideran escoitalas. Aquelas das máis progresistas falaban forte e botaban "tacos" coma os homes, é decir, coma os homes que botaban "tacos". As blasfemias saían da boca das miudas estudantes en flor, coma rosas na alborada, perdendo a súa forza, o seu sinificado, quedando somentes en sinificante, coma muletillas. Fora a morte da blasfemia. Xa nunca máis serviu pra insulto, pra irracional espresión da ira humá, do cabreo. Estóume a delatar coma muller progresista. Millor será seguir co conto.)

Pro as tornas cambearon no país. Algúns dos máis prestixiosos habitantes escomenzaron a interesarse de novo pola técnica. Falaron de utilizala ao servicio do home, de manter continuamente unha estreita vixilancia sobor das máquinas e dos robots para non caíren de novo na súa opresión, e, desatendendo os consellos dos máis vellos, que inda coñeceran de nenos aquela civilización científica, escomenzaron outra volta a esperimentar. O grado cultural que iste pobo acadara na longa e groriosa etapa humanística, favorecéu fondamente o rápido desenrolo técnico.

Sáas de esperimentación surxiron a moreas. Mulleres e homes adicáronse seriamente ao seu labor. A comisión científica engadíuse ao resto das comisións rectoras do país, e a súa forza foi aumentando nos anos que viñeron. Isto deu coma resultado que as comisións rectoras acordaran permitirlle á sáa de esperimentación "Natureza humá", a creación de seres humáns nos seus laboratorios; perfectos seres humáns, asegún as declaracións dos encarregados da dita sáa: dous xóvenes, moi xóvenes, científicos da nova xeneración, traballadores i eficaces.

No laboratorio "Natureza humá" non traballaba ningunha muller. Iste feito puramente casual motivóu a primeira repulsa femenina. Voces de mulleres erguéronse iradas. Unha asambrea de femias quedóu axiña convocada. Alí, as máis progresistas tomaron a palabra: As mulleres do país tiñan que impedir ise decreto e destruir o laboratorio "Natureza humá" facendo desaparecer os estudos sobor de dito tema. De non facelo, os homes voltarían a domeñalas e oprimilas e perderían progresivamente a libertade obtida na anterior etapa humanística. Contra dalgunhas opinións a favor do proiecto, que vían nil a perfección do home do futuro, que consideraban que o feito de se liberaren dos penosos nove meses de embarazo e do parto non podía perxudicalas sinón, pola contra, facelas aínda máis independentes, erguéronse outras, decididas, fortes, propoñendo:

—Loitemos contra da sociedade científica que nos levará de novo ao patriarcado!

—Temos dereito ao amor e a termos fillos si quixermos!

—Os homes sentíronse de sempre frustrados por non poderen ter fillos (¿decatádesvos?), i envexaron ás mulleres polo seu poder de crear, de facer un novo ser.

—Si os homes conquiren dar vida científicamente a outros seres sin necesidade da muller, sentiránse de novo os reis indiscutíbeles da creación.

(Aquela fora a cousa máis semellante a un mitin do MLF que alá polos anos 70 do século XX alporizaba aos burgueses franceses.)

A decisión foi unánime. Un comando de mulleres armadas da "Comisión defensa", foi encarregado de derruir a sáa de esperimentación "Natureza humá", xunto co grupo científico que a facía realidade. A desfeita quedóu fixada pra as cinco do serán do día seguinte. Non había tempo que perder.

Ningunha pudó dormir aquela noite. Máis tarde, ás sete, un numeroso grupo de mulleres achegóuse a contemprar o resultado do seu acordo.

O espectáculo producía pavor. As mulleres armadas da "Comisión defensa", tan simpáticas e doces coma o resto das mulleres, compriran o seu cometido, o "seu deber", cunha perfección e minuciosidade crudel que convertira a sáa de esperimentación "Natureza humá" nunha carnicería vampiresca. Diríase que postas a realizar o "seu deber" convertíranse en máquinas eficientes e destructoras sen sentimentos. (Sempre houbo homes que realizaron as torturas sobre doutros homes e as represións máis monstruosas sen se sentiren responsables porque comprían ordes. Fuxir da responsabilidade, velahí unha tendencia humá).

A sáa de esperimentación era un caso de sangue e cristáis rotos, tubos, fetos de diferentes tamaños en distinto grado de evolución, coma larvas, coma peixes, coma nenos, mutilados na súa xa deformidade denanterior, facendo inútil unha posibre orgaización de todos aqueles membros, bultos carnosos, mouros, sanguiñentos, esparexidos pola sáa, mesturados cos cristáis, tapando un ollo aberto dun dos científicos, morto, espachurrados cal sapelas enriba do ventre do outro científico, morto, crispado coma nunha cesárea feita por un tolo. O roxo sol da tardiña, oblicuo na súa lenta morte, escurríase polas fiestras, sacando pequenos lóstregos dos cristáis, avivando o sangue lidrioso, concedéndolle a toda aquela grima incongruente unha vida, un movemento aparente. Pro non.

O feito, consumado. Encetárase a destrución da etapa científica, ou, máis ben, xa ista tiña adiantado a morte, a sequedade murcha daquelas mulleres? Podían respirar tranquías, seguras? Destruiran o perigo que as acosaba ou máis ben eran elas as destruídas? Ista macabra desfeita, iste logro, non supuña en sí a morte do humanismo que ilas querían reconstruir?

Todo iso foi pensado, meditado logo. Nistes intres os ollos abraiados das mulleres ollaban o resultado da súa decisión. Non pensaban, non podían pensar. Tremían, follas sen ponla, sen conquerir arredar os ollos da estarrecente visión. Dempóis xurdíu a reacción: Sete mulleres, sete, das consideradas máis progresistas, informadas, independentes, democráticas, deixaron fuxir, batuxar, sete longas gargalladas fortes, altisonantes, trunfantes, desentonadas. O resto, a masa de mulleres que contempraba o grimoso panorama, botáronse a chorar lenta, paseniña, docemente.

M.ª XOSÉ QUEIZÁN
Vigo

O COMPADRE

1. Facía muitos anos que deixara de ser persoa. Era mui vello, e do seu ano xa quedaban poucos. Os que empezaban a envellecer recordaban que sendo rapaces lles despachaba il no mesón e chamábanlle señor Pedro; agora chámanlle "O compadre", porque cando bebe di "compadre" a cantos fala.

A palleira vella é a súa casa; alí durme, e alí come o pouco que a súa irmá pode sacar pra il da cociña do mesón logo que todos fican ben fartos; e alí, naquela esterqueira, pasa os días enteiros cando non pode beber. Entón o Compadre é un pelexo valeiro, tirado na herba, sen forzas pra se mover. Os rapaces, que ruben ao tellado da palleira pra roubar as mazás do horto, fuxen como raios cando o sinten laiar drento de ela; inda non se decataron de que sen viño o Compadre nada lles pode facer, bourea muito e láiase de abondo, pero facer non fai nada hastra que ten no peto unhas cadelas. Entón érguese laiando e xurando, e afincándose no seu pau corre pra a tenda nova. Alí trátanno mui ben: o tendeiro ten a man ben aberta pra un vello que se ve tan mal por haber tido caridade; os seus netos pra o señor Pedro son netos de amigo, e veña cando queira, con cartos ou sen iles, que non atopará a porta pechada.

Co viño vai entrando a vida no corpo do vello. Antes de rematar o primeiro neto xa non se lle oie laiar, e o taberneiro novo sabe ben que cando remate, o seu contrario terá solto pola aldea o máis grande enemigo. Din as mulleres que o Compadre bebe pra botar fora as cousas que o afogan. O certo é que no mesón remátase a tranquilidade con ver camiñar o vello pra a taberna nova: o home berra con todos; a muller entra e sai sen necesidade e destraga todo canto fai, e as fillas fuxen da carretera por non topar co vello borracho.

2. A súa historia é ben coñecida. Todos a saben na parroquia e cóntase fora de ela; pero o vello ten sempre ouvintes porque sempre engade algo novo. Tirado na súa esterqueira parez que non ve nen oie, mais así que empeza a falar, percíbese ben que os feitos da xente do mesón van pousándose na súa ialma e non salen de ela sen deixar o seu calco. Sempre empeza o conto polo día en que a difunta da súa nai chegara de San Rosende co neto meirande da mao; viña de cuidar á filla casada, e compadecida de tanta fame e tanta miseria traguía pra a casa aquel neno pra aliviar á filla e ver si, facéndoo home, chegaba a amparar aos seus irmaos. Refunfuñóu o Pedro: choraban agora por non haber pensado con tempo; o que estaba sucedendo era o que tiña por suceder; il ben o vira, e con tempo avisara. Non o ouviran entón, e agora metíanlle na casa unha boca máis. A vella non cedéu: ben sabía ela que o fillo era dono de todo; se non quería o pequeno, botaríanse aos camiños con il; inda había carida-

de, e, polo demáis, que tivera en conta que ela e a filla solteira eran no mesón criadas sen soldada; o que comían ben o traballaban; o sobriño sería carga mui poucos anos; pronto podería facer os mandados e alindar as vacas, e reparar da tenda e recoller o correo no coche e franquear as cartas...

E o Alvarín quedóu no mesón. Ben mantido pola aboa e a tía, que o enchían de lambetadas ás escondidas do amo, botóu corpo e forzas, e o tío afíxose a atopalo sempre disposto e listo pra servilo. As mulleres querían metelo no estudio; listo como era, se o tío quixera podía chegar a crego, e a sombra de un crego abonda pra toda a familia. A señora Xusta falóu co mestre, que paraba no mesón. Polas noites, despóis da cea, o pequeno xa non tiña qué facer, e alí, no escano, podíalle aprender a ler e a escribir e algo de contas. Insinar ao Alvarín non era traballo; o rapaz collía canto o mestre lle poñía, e o mestre perdía a xogata da trastenda, pero atopaba bos torreznos no fondo da súa taza.

Era mui ben mandado e homildiño o rapaz; e a súa voz non se sentía nunca; faláballes con muito respeto ás vellas e aguantaba sen chistar as arroutadas do tío. Non había que gardarlle o viño. Tiña un peto pra as propinas, e nen a tía nen a aboa sabían o que xa chegara a xuntar. Sempre se libraba de ir a San Rosende, e se viñan ao mesón os pais ou os irmaos, estaba tan atafegado que non lle quedaba casi tempo pra lles falar.

O gusto da aboa non foi cumprido. O Alvarín decía que non lle tiraba a eirexa, e o tío non quería ouvir de que se fose da casa, e pra máis ningunha falta tiña de romperse a cabeza cos latinorios, pois il non quixera botarse enriba a carga de unha muller e de unhos fillos, e non se iba levar pra o outro mundo o que ganara no mesón. Se il sen instrucción e sen ter nada chegara a facer algo ¿a dónde chegaría o sobriño herdando un bo pe e coas súas luces?

E cando morréu a aboa xa o Alvarín tiña nas súas maos todos os fíos do mesón. O señor Pedro descansaba nil, e ben podía: o mozo estaba en todo; non se lle escapaba un chico do fiado, e non se facía trato na aldea sen que acudiran a il pra que fixera o papel ou dera o seu consello. Medraba a casa como a escuma, e o señor Pedro víaa medrar mui descansado e regalado, pois ao sobriño —que tanta conta tiña de todo— nada lle parecía de abondo pra o seu padriño. Era o menos que podía ter —decía il— quen traballara pra todos e lles quitara a fame da boca. Pra il eran os mellores bocados da ceba; pra il as perdices, os roscós, a manteiga e os queixos que lle regalaban ao Alvarín en pago dos seus favores e servizos, e pra il as mazás bañadiñas na grasa dos roxós e ben cuberta de azúcar do branco.

Despóis daquelas comidas, ao señor Pedro non lle quedaban forzas nen pra chegar á tenda. Adurmiñábase no escano, ao pe da lareira, e cando despertaba, xa estaba o sobriño atento a cánto precisase, e hastra chegóu a darlle café con copa e a traguerlle da vila unhas boas zapatillas rusas pra que non o tomara o frío agora que podía estar ben descansado. Ao decir das xentes, non había por alí señor que levara mellor vida.

As grasas, o lume, o viño, o café e as copas foron parando primeiro o corpo e logo a cabeza do señor Pedro. Ao primeiro, os que traguían os réditos ou devolvían os cartos postos ás medras, non querían deixalos sen que il mesmo lles firmase un papel; o sobriño doía-

se de despertalo, pero tíñao que facer. Logo amosóulles a todos o poder que lle fixera o padriño. ¡Madia levaba!; dende que o Alvarín collera as redes non había ano que non mercara algunha vaca pra poñela a cabanas, e de ben lonxe viñan buscar cartos prestados.

Dende que dera o poder inda levaba mellor vida o señor Pedro: xa naide o viña moer. No escano de inverno e na aira de vrao, cada día bebía máis e comía menos. Todos os seus traballos eran picar as follas do tabaco e botar un tute co sobriño que, inda que facía tantas cousas, sempre estaba disposto pra contentar ao vello. Despóis do tute, o afillado sacaba os papeles e decíalle ao padriño ónde tiña que firmar.

3. E tanto firmara o Compadre, que hastra o escano vendera. O Alvarín seguía sendo humilde e caladiño, pero xa era un home maduro e quíxose casar. A vellez botábase enriba sen vela vir, e il non quería que sobriños famentos estivesen esperando a súa herdanza como se fosen lobos; se fixera os cartos, faría tamén aos que habían de gastalos, e, vestido de novo, con camisa e colo volto e besta ben arreada, foi pedirlle ao crego a irmá que tiña con il.

E antes de que o mesón tivera ama nova, quixo seu dono que a casa fora nova tamén. Chegaron canteiros e carpinteiros. O Compadre vía todo aquel rebulicio sen comprender ben; pero decatándose de que facían e desfacían sen contar con il e de que ao sobriño xa non lle quedaba vagar pra a xogata nen pra darlle as lambetadas; mais a irmá dáballe bos compangos, inda que o sobriño berrase con ela dicíndolle que naquela casa non había cousa que chegase pra manter tantas bocas de folgazás.

O día que a cociña bilbaína estivo posta, e o caldo dos cochos fervéu no caldeiro empotrado, o Alvarín mandóu levar pra a currada a gramalleira, os trespés, o pote grande e o escano, por se había quén dera algo por toda aquela morralla. O vello erguéuse; xa non podía máis; vira facelo todo rosmando, pero fuxindo dos berros; mais aquelo foi pra il unha sacudida que escorrentóu a néboa da súa cabeza e a priguiza da súa língoa, e dixo que o escano non sairía da súa casa nen da súa cociña mentras il non estivera na caixa. O afillado voltóu a mandar baixar os trastos e díxolle ao padriño que se calmara; alí non había máis dono que il, que co seu traballo e ca súa cabeza fixera que aquela casa fora o que era, e que xa lle chegara a hora de poder disfroitar o traballado. O escano, a cociña, a casa e todo o demáis, seu era; que os papeles non eran ditos nen contos. ¡Tería que ver que se poidera beber e comer como un maiorazo e estar sen facer nada e conservar o pouquiño que tiña! Todo ten fin neste mundo, e o seu capital rematárase, e gracias tiña que dar a Deus de que non lle faltara un teito nen un cacho de pan, porque il —o sobriño e afillado— non era un desleigado, e tiña lei ao sangue e respeto á vellez.

4. Cando o conto chegaba eiquí, o Compadre empezaba a chorar e a maldecir ao viño, que facía facer aos homes tantas tolerías; e viña a segunda parte, que era o que interesaba aos ouvintes que lle rogaban con outro neto ou unha copa se vían que os ánimos tardaban en voltar. Pouco a pouco, os choros iban deixando sitio ás verbas, e viña entón o facer risa dos novos xeitos do mesón: a ama imitando

ás señoritas que nil pousaban de paso pra a vila, e botando por ela diante da xente de fora, mentras na cociña se facía o caldo con menos grasa que nunca; a filla máis vella voltando do estudo e escondendo os puchos antre ela e a mai pra que non os vise o pai; e íste facendo papeles e máis papeles nos que ía enliando ás probes xentes que precisaban dos seus cartos.

5. Houbo uns días nos que os rapaces poideron irlle ás mazás ao señor Álvaro sen medo ao Compadre. Sabíase en toda a aldea que o meteran no faiado porque no mesón había convidados de pro, e aquel parente, mal falado e cheo de miseria, era unha vergoña pra todos. Subíanlle viño pra que non laiase, mais, ás vegadas, e como se dera conta do mal que facía, berraba máis que nunca; entón as nenas da casa poñíanse a saltar e cantar no pasadizo pra que dende os cuartos non se ouviran os laios do vello, e cando foron os convidados, casi a rastras voltárono á palleira.

6. Foi pola mañá, ben cedo, cando a rapaza que iba roubar a pranta das verrugas pra que o leite do seu cañoto lle parara o sangue e cando llas cortaran, antes de que no seu corpo entrara miga de comida nen pinga de bebida, atopóuno morto naquela esterqueira cara o oco sen porta da palleira.

7. Voltóu o Compadre a ser o padriño. Ben lavado e afeitado; con botas de pano e gorra de visera, parecía un señor dentro do seu traxe de corte. Enloitáronse a mesoneira e as dúas fillas; mandaron propio a todos os curas do arredor pra o enterro; ofrendóu o Alvarín con billete de cinco pesos, e tras il foron deixando na bandexa prata e cobre todos os da parroquia e, os que sendo de lonxe, debían favores ao señor Álvaro e acudían ao enterro cos botós negros na camisa de colo volto. Facía tempo que non se vira enterro igual. Botábase a conta do gasto, botábase a conta dos miles de pesos que tiña o señor Álvaro, e botábaselle o ollo ás fillas pra as mellores casas da comarca.

E cando o Compadre, moi posto baixo a tapadeira de cristal, empezaba o camiño da eirexa, saíu a mesoneira a berrar polo balcón da sala:

—¡¡Váisenos o noso pai!! ¡¡Lévannos a quen nos fixo tanto ben!!

UNHA MERENDA

1. Á porta da tenda, o tendeiro, o xuez, o médico e o telegrafista que, recén destiñado á capital da provincia, viña despóis de muitos anos a pasar o vrao na casa onde nascera e morrera a súa nai, falaban, bebían, xogaban e espantaban as moscas. A conversa foise cara os tempos pasados; os catro estudaran no Instituto; recordaban os mesmos profesores e as mesmas aulas, inda que nos seus estudos houbera anos de distancia. Entón os mestres asentaban longamente na mesma cadeira, e os edificios so de moi tarde en tarde se reformaban ou se cambeaban.

Ás vegadas os dous primos —xuez e médico— saltaban nos seus ditos do Instituto á Universidade. Non podían seguilos nistes brincos os outros dous, que nin siquera chegaran a outer o grado. Agora,

que xa todos eran amos das súas casas e tiñan percorrido bo treito do seu camiño, atopábanse ao redor de aquel velador e baixo aquel toldo que o tendeiro acababa de poñer sobre da súa porta e que fora causa de ademiración na aldea.

Pasadas as horas de máis calor, maxinaron facerlle unha visita ao Ramón da Toxeira; inda non subira á estrada dende a chegada do telegrafista. Disculpárase mandando decirlle que tiña os canteiros e non podía deixalos sos, pois en canto il se voltaba de costas púñanse a dormir; mais os outros tres asegurábanlle ao forasteiro que, se non o sorprendía, non lle botaría a ollada enriba antes do mes de setembre. Faltando tan poucos días pra o San Ramón, andaría fuxindo mentras non estivera ceibe de facer convites.

2. Agora, polo camiño, non lle queda ao forasteiro oco pra as súas verbas. A porfía os outros tres queren instruilo ben nas rarezas do Ramón, pra que ao chegar á Toxeira poida comprendelo todo e recoller no seu zumo os anacos de aquila vida que dá que rir e que falar a toda a parroquia.

Baixan polo camiño estreito que faise escuro cando aos dous lados se ergue sobre as testas dos catro homes, que semella que van ficar esmagados baixo dos carballos que, cas raíces nas beiras, déitanse sobre do camiño, cansos e aburridos de tanta soedá. Outras vegadas as beiras baixan ate a outura da súa mao, e entón as patacas e os couceiros sinalan a prosimidade de algunha probe casa que mourea preto de un palleiro e érguese un pouco por enriba da pila de toxos que, a carón da porta, espera a galla que ha de ilos metendo na corte.

Brincan os homes por riba dos grandes coios que as choivas fixeran rular hastra o fondo do camiño, e brincan as herbas de un feito a outro de don Ramón da Toxeira. Non ben don Ramiro, o xuez, lle conta ao recén chegado cómo no día de Navidá o señor da Toxeira arrima un banco á lareira e vai asando ao espeto o capón cebado pola súa mao xa don Salvador —o tendeiro— colle o fío do conto e píntalle a estampa de D. Ramón, roxo polo fogo e arrodeado polos catros fillos que van recibindo do pai tostadas de pan de centeo untadas coa grasa que pinga do capón. Dícelles don Ramón aos nenos que aquelo lles abrirá o apetito e que é o mellor da ave, mais don Armando, —o médico— esprícalle a don Xaquín —o telegrafista— que de iste xeito os rapaces vanse enchendo e chegan sin ganas á partición do capón.

Xa rematara a baixada, e entran na parte cha do camiño, que corre agora antre sebes, valados ou paredes feitas de calquer xeito. As terras que polos dous lados se estenden, foron todas do abó do xuez, que inda ten algún leiro antre os dos parentes ou os dos novos donos. Tócalle entón o turno ás fresas da Toxeira; aquelas fresas bravas que don Ramón cría con tanto traballo e conta e reconta a diario pra estar ben certo de que non llé comeron ningunha. Recorda logo don Armando a sala grande da casa da Toxeira nos tempos en que o Ramón era neno; entón os pais vivían como señores, e a súa largueza atraguía parentes e amigos que eran acollidos con ledicia, cazatas e convites; chórase agora o fillo do que os pais derrocharan naquelas xuntanzas, e bota contas e máis contas do que houberan podido aforrar se houberan feito a vida que fai el. Dinlle os amigos a don Xaquín que na Toxeira non se fregan os cartos,

porque o amo di que a madeira apodrece coa humedá; que nos rincóns da sala apílanse os sacos de grao, e que as ristras de cebolas colgan do espello. Os fillos medran sin estudos, e á muller tena feita unha escrava.

3. Dende o pico da pedreira don Ramón con sombreiro de segador dirixe a carga de pedra que os barrenos fixeran saltar pola mañá. Berra e bracea; sube e baixa; saen da súa boca insultos e ameazas mentras se laia de aquela raza que vai pra abaixo dando homes que cargan menos que as mulleres de outros tempos. A língoa non descansa; ao corpo dalle parada somentes pra ollar ao ceo e adiviñar o tempo que tardarán en chegar aquelas nubes mouras que so el ve e que traguerán a choiva antes de que o carreto chegue á obra si aqueles homes non escorrentan a loubana que teñen dentro do corpo. Mais, de súpeto, os seus ollos póusanse no camiño; a cabeza adiántase tanto que parez que o pescozo é de goma e semella que, cando xa non poida estalicar máis, tirará polo corpo sostido polos pes no cume da outura. Rápido como o raio tira o sombreiro de esparto e en tres brincos ponse no camiño mentras ordea a berros que carguen ben e se vaian pra a obra sen esperar a que el volte. Quedan suspensos os carreteiros, e algún di se remataría de tolear aquel home, que vai deixar marchar os carros sen asegurarse de que xa non poden con máis pedra.

Tan ben o quer facer que, finxindo ir moi caviloso e apurado, non recoñece aos amigos ate que os tropeza. Abrazos e saúdos con don Xaquín, e moitas verbas de don Ramón pra espricar que ten que chegar con día á casa do segredario por mor de un asunto de moito intrés e urxencia. ¡O que sinte non poder voltar con eles!; ¡vergoña lle dá que volten sen pousar un pouco!: a non ser que prefiran chegarse aló a ver si a dona os pode atender.

Os amigos maxinan algo do sucedido; non creen na casualidá rabian ao ver que o da Toxeira unha vez máis lles gañóu a xogada e se salvóu sin lles abrir a despensa, e con fame e mal xenio empezan a desandar o andado tras do Ramón, a quen a presa fai ir diante de todos.

Calado e engordiño vai o tendeiro, e cando as silveiras se estreitan tanto ao camiño que teñen de ir de un en un, algo lle conta a don Ramiro, e o conto pasa pola rea, párase antes de chegar aos ouvidos do da Toxeira e fai que o mal humor dos catro amigos vaia quedando enganchado nas silveiras cos guedellos brancos e mouros que a facenda deixóu nelas ao subir e ao baixar.

Á porta da tenda despídese o Ramón con moita presa e entran pra dentro os outros catro pedindo á tendeira que lles dé algo pra matar a sede e a fame. Alí, dentro do mostrador, baixo caldeiros e escobas que colgan das vigas; entre pipas, bocóis, sacos e caixós, teas, zapatos, botellas, quincalla e caixas pra os mortos, queda lista a sentencia do amigo famento e acórdase todo o preciso pra cumplila.

4. Cando o primeiro domingo de setembre o da Toxeira chega á estrada ben cediño pra agardar o coche que o levará á mellor feira da vila, don Salvador esprícalles que pensa facer unha merenda denantes que don Xoaquín volte ao seu destiño. Trema don Ramón; ¡quén se atreve a un escote con aqueles derrochós!; e maxina a disculpa. Mais o tendeiro, logo que lle fai pasar o medo, dille —como

quen non quer a cousa— que todo o convite corre da súa conta. Son moitas as obligaciós que lles debe aos amigos, e de algún xeito as ten de corresponder. Cando volte da feira teráo todo disposto, pois si faltase el, a festa non sería completa.

5. A tendeira ten medo a unha arroutada do da Toxeira, e manda pra a carballeira cestas e garrafón. Cando chega o coche xa está o mantel sobre da herba, e os catro homes esperan ao feirante con moito barullo e agarimo. Pensa o viaxeiro que nada comprenderon do do outro día, e pra que non lle chamen famento saca un puñado de avelás e repárteas antre os nenos do tendeiro.

Feita polo tendeiro, xa saben os convidados que a merenda non terá pero. En toda a aldea non hai mao como a da súa muller pra cociñar, e a fartura da súa casa é ben soada. Don Ramón come con tanta fame como calqueira dos outros. Gaban os polos. O tendeiro discúlpase; non os puido atopar mellores; ben os buscóu, sobre todo polo Ramón, que cría os mellores da parroquia. Ao da Toxeira gústalle o comprido, mais está sobre brasas; ¡falan tanto dos seus pitos, do seu viño, das súas fresas! O medo non lle deixa tomar gusto aos polos, que case, case son tan bos como os da Toxeira.

O tendeiro non consinte que na súa casa se coma pouco; incomódase co Ramón; faille servir máis, non o deixa parar, e, moi comprido, dille cada vez:

—Ponte sin medo; xa sabes que comes do teu.

Aos outros tres non hai que empuxalos; comen como lobos, e voltan o médico e o xuez a falarlle ao forasteiro dos tesouros da casa do Ramón. Tócalle agora á cecina que merca todos os anos na feira do setembre. Por si fora pouco, din os dous que teñen de facer outras merendas nas súas casas, pra non ter deuda co Salvador.

Ron Ramón coida que non ten escape; terá tamén que convidar. ¡Quén o soupera! ¡Máis lle valera non haber chegado! ¿Qué fará? ¿Cómo se librará? A súa salvación aparece na figura de dous fillos que mandóu vir á tardiña pra levarlle os bultos. Fainos achegar con grandes berros; así a conversa queda cortada, e xa coidará il de que non volten a coller o fío na súa presenza. Os pequenos achéganse con medo polo pai e con vergoña por falar diante de tantos señores, e cando o pai lles pide novas da casa, case que non acertan a decir:

—Onte pola noite roubaron o poleiro; os catro pitos mellores...: os que vostede sinalara pra capós...

A carraxe fai saltar ao da Toxeira. Brama e patalexa, e o zumo que sai dos humildes arandos estoupados baixo os seus pes non é máis bermello que o seu rostro.

—Veña unha escopeta —di o cabaleiro—; unha escopeta pra deixar no sitio ao ladrón dos meus pitos. Eu o atoparéi... Veneno se volvan no estómago de quen os coma...

—Coidado, coidado —di con moita sorna don Ramiro—; non te vaia coller a maldición...

O RATO

1. Mediado agosto, as señoritas de Bacelos non sabían qué facer pra abandoar pronto a casa dos seus antigos. Á mai proíalle tanto como ás fillas voltar á cidade. Chegaran á aldea nos derradeiros

días de San Xoan, pasaran ben o mes da sega cos forasteiros que trouxeran de Lugo; mais agora a familia quedara soa, e a aldea pesáballes como lousa de sepultura. Tamén era mala sorte ter aquela casa tan boa naquil lugar onde non vraneaba ninguén, nen siquera había perto unha estación de ferrocarril. Certo que os convidados que traguían quedábanse pasmados diante da grande portada do camiño e da arcada do portalón; mais aquela satisfación non se daba todos os días, e, pra máis, ás vegadas, anubiábase cando había que presentalos ao crego ou a algún vello do país que, ao desfacerse en loubanzas da casa e do lustre da familia, decía cousas que as facía vermellar. Ben lles gostaba que falasen das rendas que a casa recollía en tempos pasados, do poderío dos seus donos, da parentela, do señorío das antigas donas e de aqueles enterros e cabos de ano que naide da parroquia esquecera. Mais nunca se podían medrar de abondo cas grandezas pasadas, porque ao contalas, aparecían os seus antigos parolando en galego, e a finada dona botándose un mantón polos fros pra ir visitar á muller do médico. Aqueles invitados voltarían a Lugo falando dos longos paseos que deran sen deixar de calcar sobre terras das de Bacelos, da boa casa que tiñan e do grande respeto con que en toda a aldea se falaba da súa dona; mais había que facer todo o que se poidera pra que alí naide chegase a descubrir que os seus devanceiros eran aldeás: e, por eso, a dona e máis as fillas percuraban sempre poñerse de paredón nas conversas entre os forasteiros e os vellos do país.

2. O aborrimento e o fresquiño que xa se sentía naquelas tardes de fin do vrao botaban ás señoritas do prado e das carballeiras, e na carreteira xa nada había que esperar logo que pasa o coche de línea. Renegando de noxo na aldea metíanse na casa e arrodeaban á súa nai si xa tiña rematado os rezos do día. Lembrábanse con envexa das amigas que tiñan saído pra a Cruña e das que tiñan as posesiós perto de algunha viliña. As señoritas sentíanse mui desgraciadas ca cativeza da súa sorte. As dúas máis pequenas, que inda eran nenas, trasteaban polos pasadelos e xogaban ás casas, ditosas de poder vivir tan distanciadas e ter longos corredores que facían de cantón e de muralla. Don Casiano recollíase tamén pra a casa cando os homes e as mulleres deixaban as terras; mais non iba pra o corro das donas: sentábase no escano da cociña dos caseiros, e alí ouvía e falaba e atendía a todos os que viñan velo.

3. Aquel serán as nenas querían facer teatro, e pedíronlle á mai traxes e cousas vellas. Mandóunas dona Sofía a buscar nas arcas do faiado, e aló se foron as dúas con unha das maores que levaba a palmatoria, pois a tarde, que empezaba a empardecer, era xa noite pechada nas profondidades do gran faiado.

Inda facía pouco que subiran as rapazas, cando as de enriba e os de embaixo, ouvíronnas voltar ás carreiras pola escadeira, berrando cheas de espanto. Pedían nos seus berros que subise un home e que pechase a porta, non fose baixar tras elas. Chegaron xunto da mai pálidas e tremantes; un rato ben grande saltara da arca ao erguer a tapadeira; mais inda a mai non se enteirara ben do conto cando os berros de abaixo fixéronas arripiar:

—¡Peche ben, señorita, que vamos polas gallas e os fouciños! ¡Non teñan medo, que logo acabamos con il!

E os homes botáronse escadeiras enriba mentras a caseira na

porta do curro daba grandes berros chamando aos veciños pra que acodiran a Bacelos, e as señoritas polas xanelas pedían socorro e berraban:

—¡Ladrones!

Petaban os homes na porta de enriba, pedindo que abriran; mais as mulleres tiñan medo que o ladrón viñese tras eles e lles disparara si abrían. Os máis valentes subiran ao desván en busca do ladrón, e a campá de San Xusto empezaba a andar a vo, pois os berros que saíran de Bacelos foran de casa en casa polos camiños e xa o sacristán sabía que unha gavilla de ladrós estaba asaltando a casa dos señores.

4. Ao fin a cociñeira, ben armada ca súa macheta, fixo que as señoritas deixaran de arrempuxar a porta por dentro e abríuna ben amodiño. Don Casiano e dous máis entraron preguntando por ónde o viran mentras elas preguntaban si xa o colleran.

Traballo costóu espricar o conto: pensaran os homes ao ouvir os berros das nenas que viran un home no faiado, e pensaran as señoritas, ao ouvir os dos homes, que foran eles os que descubriran un na parte de embaixo.

5. Cando chegóu o crego cuns cantos homes, todo era ledicia na casa de Bacelos. Ollando polos currunchos do desván tras do ladrón, e remexendo os armatostes que alí había, atoparon sete mil reás en ouro que don Casiano apalpaba e volvía a apalpar, non foran a desfacerse como a media de lá que os gardara tantos anos.

A NENA LAíDA

1. Cando chegóu a forasteira, a nena xa non dubidaba; a verdade caera no cepo que ela lle tendera. Fora primeiro unha gran sorpresa. Aquelo non podía ser... Pero decíanno as primas maiores, que eran tan feitiñas e tan señoritas. Outras que non foran elas, podían non entender; pero elas non eran da aldea e tiñan que sabelo ben. Comenzóu entón a atisbar, a atender a todo o que falaban os grandes mentras facía que xogaba; si unha vez as primas falaran sin decatarse que ela oía, outras falarían tamén e ela chegaría a saber.

Agora era grandiña e non lle viñan con aquelas cousas, pero ela non esquecera cando a nai, téndoa no colo, decía que era a nena máis preciosa da parroquia e do mundo enteiro, e a vella neneira inda llo decía cando viña a vela. ¿Por qué, entón, as risas das primas? E despóis das risas empezóu a comprender aquelo que tantas veces lle decían á irmá meirande, reprendéndoa pola súa falta de sal:

—Se a pequena tivera a túa cara...

E a verdade chegóu enteira cando o pai, moi fachendoso polos informes que a maestra lle daba da nena, levóuna á mesa dos convidados pra que lle preguntasen por onde quixeran, decíndolles que inda que era fea non había outro que lle puxera o pe diante no estudio. Entón estivo todo craro: as risas dos criados e as súas bromas; as verbas da maestra e as consideraciós da mai.

2. A chegada da forasteira dou que falar a toda a aldea. As vellas santiguábanse decindo que cándo se vira que unha muller precisara poñerse pantalós pra ir a cabalo, e as señoritas da Pedreira contaban e non paraban do seu luxo. Pra aquela nena que medrara sin sair da aldea, aquela muller era unha cousa do outro mundo. Pra ela hastra entón as mulleres eran só de dúas crases: as da aldea e as súas primas, que chegaban todos os días á Pedreira e enchían a aldea co seu señorío, os seus criados, a súa roupa e os seus ditos que iban de boca en boca e non se esquecían en todo o ano. Á mai e á maestra non as metía en ningunha das dúas crases. Sempre estaban ateigadas de traballo, berrando cas criadas, doéndose entre as dúas de non poder atender mellor aos veraneantes, e de non poder tapar mellor as faltas da aldea, que as facía suspirar pola cidade e falar dela como dun ben perdido e nunca esquecido.

Á hora do coche todos os días subía algunha da Pedreira á carreteira e pousaba na casa da tía. Aquel vrao non sabían falar de outra cousa que non fora da súa convidada: elas eran unhas probiñas e unhas burras ao seu lado; ben se vía que fora a Madrid e que nunca vivira na aldea; vergonza lles daba que diante dela os caseiros lles recordasen a vida dos abós e dos país na Pedreira: ás criadas xa as tiñan ben adeprendidas, pero os da aldea si empezan a falar non hai quen os pare. ¡E qué roupa traía por baixo!; ¡e qué cousas sabía facer pra poñerse guapa!; ¡así calquera! Pra aquelas señoritas da vila, que non iban máis aló dos polvos de arroz pra a cara e do ferro quente pra o pelo, todo o que a outra facía no pelo e na cara e nas maos deixábaas pasmadas, e laiábanse de non poder nunca semellar tan fremosas.

Ouvía a nena aqueles laios como antes ouvira as burlas que facían das aldeanas que querían imitalas, e non comprendía mui ben cómo, sabendo antes tanto, chorábanse agora de saber tan pouco. Pero o que sí lles entendía mui ben era que o ser fea ou non selo era cousa de saber facelo e nada máis: pouco importaba non ser branca ou ter pencas; o blanquete arreglábao todo; a pintura vermella nas unllas facía as maos longas e finas; a forquitela afumada con mistos alongaba as perfebas e facía fremosos aqueles ollos que non valían nada, e á auga do becho cambeaba un pelo moi correntiño naquela magnífica cabeleira loira.

As da Pedreira traguían os contos con moito segredo á tía; a tía contáballe á maestra; a maestra á muller do segredario; a do segredario á tendeira e á costureira; e toda a aldea sabía as cousas que a señorita de Madrid facía pra estar tan guapa e tan garrida.

3. A nena pensaba que si ela podese ir a Madrid todo se arreglaría; pois alí —según decían as primas— hastra as costureiras e as criadas tiñan e sabían de todo aquelo. Pero por agora ela era mui pequena e non había que cavilar nelo. Mais na aldea había muitas cousas, e habería que ilas buscando pra que cando chegase a festa toda a súa xente e toda a aldea vira que xa non era fea.

O blanquete era ben doado: na casa sempre andaban en obra, e os albañiles deixaban sobras no fondo dos caldeiros; pra as unllas vira nun baúl do faiado un antiguo sombreiro da mai que tiña rosas de veludo que cando se mollaban tinguían de vermello; e os mistos e as forquitelas habíaas a presadas na casa, e a auga do becho estaba no botiquín pra todas as súas caídas e feridas.

4. E chegóu a festa, e a mai e a maestra rizaron ás nenas e puxéronlles os traxes novos e mandáronas á misa mentras elas quedaban dando os últimos toques á mesa e á comida. Había que esperar polo intre que permitise facelo todo ben e sin estorbo.

Longa foi a misa, e inda foi máis a comida con tanto convidado e tantas cousas. Ao fin chegóu o café e botaron aos nenos do comedor prá que xogaran ceibes hastra a hora de ir á festa.

Corréu a nena ao desván. Alí, nun lavabo vello, xuntara os seus tesouros. Foi primeiro a mollarse a cabeza con auga do becho. A cabeza estaba ben mollada, os rizos desfixéranse; pero no cacho de espello o pelo víase cada vez máis mouro: non importaba, sería que habería que esperar a que secase. Ben vira ela á madrileña de costas no balcón do horto sacudindo o pelo ao sol. Ao remate ela faría o mesmo polo tragaluz do faíado.

As folliñas de veludo ceibaban a cor que daba xenio. A forquitela afumada queimóuna un pouco, porque non ouvira que había que deixala enfriar; pero despóis xa todo foi ben.

Xa non faltaba máis que branquear a cara; aquelo debía ser o principal; había que coidar de que non quedara nada sin mollar; o mellor era mollala ben toda, como cando un se lava; e zas... dun golpe metéu a cara na palangana ben cheíña coa leitada de cal dos albañiles.

5. Cando aparecéu no comedor, os seus berros, o aspecto e as espricaciós que todos querían dar non deixaban á mai decatarse do sucedido. A auga con que querían limpiala escocíaa máis, e a dor era cada vez máis forte. Xa non podía recordar ben: ouvía berros, carreiras e queixas das súas trasnadas. Furioso o pai decía que lle iba caer o pelexo a tiras e que se quedaría sin perfebas e sin cellas... E no medio de tanto alboroto e tanta dor inda puido ouvir cómo a maestra decía:

Menos mal que non lle intresa semellar bonita.

A NENA QUE NON TIÑA BONECA

1. A nena non tiña boneca.

Decía a maestra:

—É tan lista que xa non lle dan gracia.

Decía a neneira:

—É tan bule-bule que non acouga pra xogar con elas.

Decía a irmá:

—É tan perico que só se adivirte na carballeira aganchando polos carballos.

Decía o pai:

—Ten tan pouco estuche que o que lle convén é exercicio pra ver si bota fora as medras atrasadas.

Decía a mai:

—Non hai diñeiro peor gastado que o dos xoguetes. ¿Pra qué sirven?

2. Tiñaa a irmá. Non era boneca; era boneco, pero... ¿qué máis tiña? Era como o neno pequeno que levara o crego pra a eirexa

drento da caixiña celeste; tampouco tiña pelo...; os pes, descalciños, parecían de carne...; ca súa camisiña de lazos estaba alí, no entredós da saa, poñendo o brazo espido no marco do espello. Ás veces iba a ollalo pola pechadura, e agora, sen os seus ollos azús, inda semellaba máis ao irmanciño.

Tíñanas as fillas do segredario, e a Xermaniña do mesón e a Marica da tenda. As das fillas do segredario eran como nenas, con lazos no pelo, zapatos baixos e colos de mariñeiro. A da Xermaniña viñera de Cuba, e pechaba os ollos, e tiña uns canelós que lle chegaban á cintura, e a de Marica tiña pucho, e medala coa sua cadea, e pulso con colgante, e tíñase de pe, e voltaba a cabeza pra un lado e outro sen virarse, mesmo como facía a muller do diputado cando se apeaba do coche ante a súa porta e iba dándolle ao abanico mentras calcaba por riba das follacas que elas, as nenas, dirixidas pola maestra, cubriran a terra de diante do sarego.

Muitas tardes a irmá pedía o boneco e sentábase con il no colo na sela baixa da galería, e alí estaba mui quietiña ca costureira, agardando que lles trouxeran a merenda ou que viñera a maestra botala pra fora, a xogar cas outras nenas. A pequena víaa dende o horto, ollaba o boneco e, alí drento, no fondo do peito, os olllños azús parecían rascarlle forte.

As do segredario eran mui modosiñas, e facíanlles delantales, e cambeábanlles os lazos, e deixábannas no horto pola noite, ben ataparuxadas cas touquiñas que a súa mai lles fixera. E inda xamáis llas quitaban. E o pai estáballes facendo unha casiña enteira, co seu tellado e a súa porta. ¡Ai!, cantas noites a nena cavilara en baixar pola escaleira da cociña, pasar pola esterqueira e sair ao camiño polo ventano da palleira e logo andar, andar e chegar á Rasela, e por riba da parede entrar no horto do segredario e tela, alí, ao seu carón, e palpalas, e bicalas e levantarlles as saíñas pra ver ben as rendas dos baixos! A Rasela estaba mui lonxe, e ir e voltar leváballe a tarde enteira ao Chuchas, que alancaba ben.

Xermaniña e Marica tiñan que facer mandados e cuidar dos pequenos, mais ás veces, deixábannas xogar nas escaleiras do faiado e dábanlles as bonecas hastra que viñera a nena da señorita, que acabaría cas dúas se as collía nas súas maos. E a nena saltaba a sebe e o valado, e calcando por riba do esterco, entraba pola corte pra que as máis non a visen e non gardaran a tempo as bonecas.

E cas do segredario, e con Xermaniña e Marica, a nena facía risa das bonecas, remedábaas xogando con elas e discurría xogos novos sen bonecas nin trapalladas, e, cando as tiña ben seguras no escondite ou no castigo que ela, a nena, lles poñía facendo de doña Rosario, ben engordiño, a coller as bonecas que as outras deixaran, avergonzadas das súas bulras.

3. Ela non se lembraba, mais ouvira muitas veces o conto. Cando, ben pequeniña, se botara polo burato do corredor da tenda tras do papel bunito que a neneira ceibara ao ar, don Valentín, que chegara a cabalo con ben noite, dixera:

—A parra e o bocói salváronna de quedar no sitio. Agora hai que agardar vintecatro horas a ver se revive.

E ás vintecatro horas sen dar a mao nen pe, a nena remexera, e don Valentín dixera:

—Morrer xa non morre. Agora hai que saber se queda tonta. Facíanos falta unha nena da súa edade.

Corréu a maestra á saa. Alí, no sofá, estaba a boneca que a amiga da mai trouxera pra a maior cando viñera aquel vrau e boara fora a anemia que a consumira. Era como unha nena de dous anos; tiña traxe de seda e xogo nos brazos e nas pernas. Daba xenio vela.

Sentaron á nena entre almofadas, e diante, de pe, na beira da cama, puxeron a boneca. A nena despertóu, abríu os ollos..., botóulle as maos... e deu ca boneca no chao.

—Está salvada —dixo don Valentín.

—Xa se lle vía a casta —decía o pai como remate do conto...

4. O boneco do entredós viñera pra a irmá cando ela nacera. Trouxérao o pai de Madrd ca camisiña dos lazos pra o recén, mais a mai decía que aquela chilindrada non era unha camisa, e puxéralla ao boneco. Alí, no entredós, levara anos como o primeiro día hastra que un llo puxera nos brazos á pequena pra facela calar. Xa iba grandiña. Xa o pelo e o lazo disimulaban o afundimento que o papel bunito e o burato do corredor deixaran na súa cabeza. Sentada sobor do grande can da alfombra, tiña o boneco no seu colo. Ollábao, e il ollábaa a ela cos seus olliños azús. ¿E veríaa ben? ¿Qué terían detrás? O dediño pasóu e voltóu a pasar por riba de eles hastra que xa non houbo ollos azús. Aqueles ollos azús fóranse pra drento do boneco, e, ás veces, tamén a nena os sentía ben adrento.

—Non se lle pode fiar nada —dixo a mai. E o boneco non voltara aos seus brazos.

5. Pola pascua, a mai das do segredario facía festa pra as nenas, e á Rasela iban as dúas irmás levando a caixa de dulces de dulcería que encarregara dona Dorinda de víspera. Poñíanlles lazos e traxes novos, e aló se iban xa de mañá. A maestra facíaas decir unha vez e máis outra os saúdos, e doña Ánxela decía que xa abondaba pra aquela mixiriqueira da segredaria, que muitos repulgos facía, pensando que naide sabía que era filla de pousadeira. Había pra se rir; as súas fillas, as de ela, as da señorita, saudando a aquela remilgada que non sabería nin quén eran seus abós. E ficaba falando de castas cando xa as nenas iban polo camiño.

Aquel ano a meirande levaba a boneca que lle mercaran polo San Froilán pra non ser menos que as primas. Voltara pra a aldea e puxéraa no sofá tan nova como si viñera da tenda. A maestra calcetáballe unhas medias azús e un kimono color tango pra que a segredaria vira que non era sola a saber facer cousas bonitas, e puñéranlla no brazo asegurándolle que era muito máis boa cas da Rasela.

Na Rasela xogaron muito, e, pra remate, cocéranlles no forno boliños de auga fría; un pra cada nena. Vendo cocer o pan esquencéranse das bonecas. A nena foise do forno e achegóuse a modiño ao horto. Alí estaban as tres nun caixón cheo de rosas, como a Lucita do americano no adrio da eirexa. As tres pra ela sola.

Palpóunas, viróunas, espíunas e vistíunas. Deitóuse con elas na herba dun recanto e contóulles moitos contos. Eran coma nenas, coma nenas que fixeran todo canto ela quixera e lles mandara. Pois por ben mandadas agora ían ir as tres á fonte, e daríalles aquela auga tan boa que había na porta do horto. Eran coma nenas e ás nenas sabíalles muito aquela auga tan fría. Non lles entraba a auga pola boca. Aquelas bocas tan feitiñas eran pechadas. Ben: o caso era

meterlles a auga drento. Xa estaba. Erguéndolles un pouco o pescozo xa tiñan ben oco pra a auga. E cánto pesaban ca auga drento. Había que deitalas pra que descansasen.

Chegóu o intre de se ir. Non podía collelas a noite pechada no camiño. A segredaria fixo uns ramos pra dona Ánxela e a maestra. Inda había pouco; xa lles mandaría máis cando chegase o vrau. Ela e as súas fillas levaríannas hastra o axuntamento. A coller a boneca. Cánto discurren: alí, no caixón, cubertas de rosas, semellan tres mortiñas. Xesús.

Mortas e desmembradas. A auga desfixera o cartón, e as gomas que suxetaban brazos e pernas xa non tiñan onde agarrar. So as cariñas de china seguían surrindo coma se non sentiran o seu fin.

6. Está visto. A este demo de nena non hai cousa que lle dure. E ás bonecás tenlles teima —dixeron os pais.

E por todo isto, a nena non tiña boneca.

MARÍA SILGAR
Santiago

MOSTRA DO LIBRO GALEGO EN CATALUÑA

O 17 de maio, "Días das Letras Galegas", inauguróuse en Barcelona, na Galería Sargadelos, a "1.ª Mostra do Libro Galego en Cataluña", que permanecéu aberta deica o 17 deste mes de xunio. Nela presentóuse un conxunto escolleito da nosa bibliografía que deu testemuño obxetivo das grandes etapas e dos intres significativos do desenvolvemento cultural de Galicia. Os orgaizadores tomaron como punto de partida a época estelar en que a comunicación cultural peninsuar con Europa transitaba pola ruta xacobea.

Además dos testemuños do gran ciclo medieval —coa caracterización das etapas galego-portuguesa e galego-castelá—, figuraron na esposición espoñentes do longo periodo da castelanización, da peculiar toma de conciencia galega nos homes do XVIII; e, derradeiramente, do periodo de rexurdimento que se inicia no XIX e se desenvolve, con ritmo crecente, deica os nosos días. Tamén se eshibiron algunhas xoias bibliográficas de raro valor, testemuño da aparición da imprenta en Galicia a fins do XV e comenzos do XIX.

CÓDICES COMPOSTELÁNS

Nas paredes da sáa aparecían grandes reproducións fotográficas dos Códices composteláns da Edade Media, coa seguinte información:

"Durante os séculos XI, XII e XIII Santiago de Compostela era un dos grandes centros espirituáis da Cristiandade e, ao mesmo tempo, o centro de irradiación da cultura europea na España cristiá. O mesmo que Toledo foi o centro da influencia oriental na cultura europea, Compostela foi o centro da influencia europea na cultura peninsular. Además das espléndidas —e universalmente conocidas— realizacións galaico-europeas coma o noso románico e a nosa lírica trovadoresca, en Compostela consérvanse códices que reflexan outras manifestacións dese europeísmo cultural.

En primeiro lugar o *Diurno* de Fernando I, un *Libro de Horas* de meiados do século XI. Rematóuse no 1055. As súas fermosas miniaturas son obra do iluminador Fructuoso. Consérvase na Universidade de Santiago. Nesta esposición poden vérese diapositivas e ampliacións fotográficas das miniaturas.

O *Códice Calixtino*, así chamado porque se coidóu erróneamente que o seu autor era o Papa Calixto II, quen denantes de ascender ao pontificado, tiña feito a pelerinaxe xacobea e, xa Papa, enalteceu estraordinariamente a sede compostelá. Semella que o autor —ao menos o compilador— foi o seu canceler Aymeric Picaud. Divídese en cinco partes, dúas delas litúrxicas, dúas narrativas e a derradeira unha verdadeira "guía" pra os pelengríns da roita xacobea. Na esposición pode dexergarse a reproducción facsímil do códice, a edi-

ción do texto feita por W. M. Whitehill, a trascrición musical feita polo P. Germán Prado —importa consiñar que o P. Hixinio Alglés chegóu á conclusión de que a *polifonía* nacéu en Compostela e pasóu a Europa percorrendo á inversa o *camiño francés*— e varias diapositivas e fotografías ampliadas das súas miniaturas.

Outra amosa artística do século XII compostelán é o *Tumbo A* da catedral, decorado con retratos de reises e de infantas executados con ademirábel finura artística. Na esposición figuran diapositivas e reproduccións fotográficas destas miniaturas.

Pechando a serie de códices que se conservan en Compostela, inxeríronse asimade reproducións e diapositivas do chamado *Breviario de Miranda,* escrito en pergameo a meiados do século XV e que ao parecer pertenecéu ao coengo D. Pedro de Miranda, familiar do segundo dos Fonseca."

POESÍA GALEGA MEDIEVAL

Referíndose á poesía galega medieval, da que se presentaron textos i estudos críticos de onte e de agora, os orgaizadores da Mostra ilustraron aos visitantes coa espricación que trascribimos a seguido:

"As primeiras manifestacións escritas que se conservan datan de fináis do século XII. Acada o seu cheo esplendor no século XIII.

Inda que o principal centro cultural era Compostela, esta poesía alcanzóu grande prestixio na corte de León con Alfonso IX, que a cultivóu persoalmente, e na corte de Castela con Fernando III e con Alfonso X o Sabio. Ambos e dous viviron de mozos i educáronse en Galicia e conocían ben a lingua e a cultura galegas. Alfonso X, gran promotor da prosa castelá, poéticamente cultivóu a tradición galega, cuia modalidade relixiosa representa el en grado másimo. Na corte portuguesa, o prestixio desta poesía trovadoresca culmina co rei don Denís, que ao igual que o seu abó Alfonso X o Sabio cultivóu persoalmente con entusiasmo, si ben con notable entrega ao influxo provenzal.

O que se conserva desta poesía está recollido en catro cancioneiros: O da *Ajuda,* que se cree foi compilado a fins do século XIII e comenzos do XIV, e contén 310 cantigas, case todas de amor. O da *Biblioteca Nacional* (inicialmente conocido como de Colocci-Brancuti), que contén 1.567 cantigas, é decir, a máis completa coleción que se conserva. O da *Vaticana* que pertenece á Biblioteca do Vaticano e contén 1.205 cantigas. E o das *Cantigas de Santa María,* de Alfonso X o Sabio, que contén 420 cantigas coa correspondente música, destinadas a narrar e cantar os miragres da Virxe.

Pola comunidade de lingua e de cultura, o acervo poético contido nestes cancioneiros recibe o nome de poesía galego-portuguesa. Despóis da compilación dos mesmos, a poesía trovadoresca esváese na corte portuguesa; pero, en troques, prolóngase na corte de Castela deica o século XV, sin dúbida pola presencia nela de troveiros galegos que mantiveron a tradición, inda que xa en chea decadencia. É a etapa —a partir do 1.350— que conocemos como galego-castelá. O Cancioneiro de Baena e o de Henry R. Lang recollen a poesía galega desa época que se conserva.

A poesía dos cancioneiros medieváis era poesía pra cantar; pero

soio se conserva a música das *Cantigas de Santa María* e das *Sete cantigas* de Martín Códax descobertas por Vindel coa notación musical. Na esposición pódese mirar unha páxina do códice das Cantigas de Santa María e a reprodución dos pergameos de Martín Códax descobertos por Vindel.

Tamén figuran algunhas edicións dos cancioneiros galego-portugueses i escolmas dos troveiros galego-castelán Macías e Juan Rodríguez del Padrón."

A LINGUA GALEGA

Con relación á lingua, representada na Mostra en varios documentos orixináis, decíase asimesmo na correspondente información para os visitantes:

"Dende fins do XII o galego conócese como lingua poética. Pero no XIII —aprosimadamente ao mesmo tempo que o castelán— pasóu a se empregar tamén como lingua xurídica. Era, pois, a lingua falada, a lingua literaria e a lingua xurídica dos galegos. Convén crarexar que a área do galego se non limitaba á Galicia actual —a Galicia do norde ou *lucense*—, sinón que se estendía igualmente á Galicia do sul ou *bracarense*, que na Reconquista emprincipióu sendo o Condado de Portugal e rematóu convertíndose, no século XII, no Reino de Portugal. A independencia política da Galicia do sul ou bracarense crebóu a unidade lingüístico-cultural das dúas Galicias, que perduróu inalterada deica o século XIV. De ahí que ao referírmonos aos primeiros séculos, por razóns máis políticas que lingüísticas falamos de lingua —e conseguintemente de literatura— galego-portuguesa.

A partir do século XIV, esa lingua común vai diferenciándose dialectalmente e pode falárese de galego e de portugués. A Galicia do norde ou lucense esperimenta a forte presión político-cultural castelá e o galego vai perdendo pulo cultural, rematando por ficar reducido á condición de lingua oral popular sin cultivo escrito; mentras que o portugués, pola súa condición de lingua estatal, vive a aventura histórica e cultural do Imperio portugués.

No seu ciclo medieval, o galego se non limitóu a ser lingua poética, xa que nos séculos XIV e XV desenvolvéuse tamén na prosa. Consérvanse varias traducións. Pero os suscesivos e desventurados bateres da Nobleza galega coa Casa de Trastámara ocasionaron a progresiva desfeita de aquéla —que en parte esilióuse a Portugal i en parte foi embebida pola corte de Castela—, e a unha parella penetración en Galicia de nobles e "funcionarios" castelán que foron impoñendo a hexemonía da súa propia lingua. A Administración e a Eirexa foron os vehículos máis eficaces da castelanización cultural, que de todos xeitos non foi —non podía ser— súpeta. Así, consérvanse documentos escritos en galego por escribáns castelán, pero a partir do XV esa hexemonía lingüística impúxose.

Nos séculos XVI e XVII o cultivo literario do galego é mínimo e completamente ocasional. O mesmo ocurre no XVIII, inda que nesta centuria xa se produce un vivo interés polo estudo da lingua e prodúcense varias iniciativas de recollida léxica; antre elas destaca estraordinariamente a do P. Martín Sarmiento, que deixóu unha abon-

dosa obra inédita da que unha parte importante contén estudos de lingüística galega do meirande interés.

É no século XIX cando o galego recobra o cultivo literario.

Na esposición poden vérese varios documentos orixináis escritos en galego, a fotocopia do primeiro *Vocabulario* —recollido no século XVI polo bachiler Olea, preceptor castelán ao servicio da casa de Lemos—, un manuscrito da falsa *Crónica de don Servando*, do século XVI, algunhas das obras de Sarmiento e unha parte da bibliografía lingüística galega a partir do XIX."

OUTROS DATOS

Fora do que se indica nas informacións transcritas, espuxéronse na Mostra, en sucesivas vitrinas, coa súa lenda esplicativa: unha nutrida escolma de libros galegos editados en América, unha colección de obras i estudos encol da nosa lingua e literatura, outra de traducións, outras de libros escolares e literatura infantil, de literatura popular, de edicións de arte galego. E, finalmente, unha serie de obras presentadas baixo do rubro "A imprenta en Galicia". Nesta serie inxeríronse raros exemplares impresos en Santiago nos séculos XVI, XVII e XVIII. Encabezándoa, figuraban seis xoias de escepcional interés na bibliografía galega por tratárese dalgúns dos principáis testemuños que se conservan da aparición da imprensa no noso país. Tales, a reprodución fotográfica e follas orixináis do sonado *Misal de Monterrey*, a *Carta y Relació* que don Álvaro de Bazán mandóu dende Santiago de Galicia á Corte da súa Maxestade, a *Palinodia* de Vasco Díaz Tanco, a *Descripción del Reyno de Galicia*, do Lic. Molina, o *Erarium Communi Utri Usque Iuris* e as *Constituciones del Arzobispo de Santiago don Francisco Blanco*.

Esta "1.ª Mostra do Libro Galego en Cataluña", na que colaboraron con aportacións bibliográficas, a Academia Galega, a Universidade de Compostela, a Fundación Penzol e o Museu Carlos Maside, tivo unha grande repercusión nos meios culturáis barceloneses.

A proieción da Mostra completóuse aínda coa intervención dalgúns inteleituáis galegos nas aulas das Faculdades de Letras da Universidade de Barcelona e da Autónoma. Falaron de Lingua, Literatura e Arte de Galicia, nas cátedras dos Profs. Moles e Salvat, os escritores Ramón Piñeiro, Méndez Ferrín, Basilio Losada, Francisco Fernández del Riego, e o artista Isaac Díaz Pardo. Despóis das súas actuacións, desenvolvéronse animados coloquios cos asistentes encol da cultura galega.

ALFREDO GUISADO E O SEU "TEMPO DE ORFEU"

Unha frase do mexicano Octavio Paz, referida a Fernando Pessoa —*humorista que nunca sonríe y nos hiela la sangre*— e tirada do ensaio *El desconocido de sí mismo*, anova na memoria a xénese dun dos heterónimos do xenial lisboeta: Alberto Caeiro, que *escrevia mal o portugués*. Caeiro é o "autor" de *O guardador de rebanhos*, un clásico, hoxe, adscrito á obra compacta de Fernando Pessoa con outros dous heterónimos, Álvaro de Campos e Ricardo Reis. Pero, ¿por qué Caeiro "escribía mal" o portugués? Todo arrinca dunha das facecias de Pessoa, dos anos lampexantes de literatura e *blague* que precederon ao nacemento da revista *Orpheu*. O lisboeta xenial, co concurso de Alfredo Guisado, fixo circular a especie de que un tal Caeiro, poeta de Galicia, asediaba o Parnaso da época; Guisado daquela atopóu a Antonio Ferro e —instado por Pessoa— fixo a apoloxía do galego: *Se calhar é cualquer lepidóptero* —dixo Ferro—. *Nunca ouví falar nêle...* Mario de Sá-Carneiro, ao que tamén lle foi comunicada a nova a París, por carta de Alfredo Pedro Guisado, escribíu no 1914 a Fernando Pessoa: *O Guisado fálame dum poeta Caeiro, ou o que é, que diz mal da gente e encontrou entre galegos. Se calhar é mais um lepidóptero e provinciano!*

A anécdota depara a súa categoría e non é insinificante que este ficticio truchimán de Galicia incorpore, ao traveso dos días e sin abdicar do apelido —Caeiro, en lingua galega, val tanto como "vilego ou home da vila"— ao inquedante heterónimo que ampara *O guardador de rebanhos*. O episodio sitúanos nas calendas do *Tempo de Orfeu*, tiduo do libro de Alfredo Guisado [1] chegado ás nosas mans, intelixentemente prologado por Urbano Tavares Rodrigues. Guisado —éste sí auténtico poeta de ramo carnal galego chantado en Lisboa— é un dos supervivintes da xeneración de *Orpheu*, coetáneo de Fernando Pessoa. Inxerido naquela *mescla de tendências mal desenhadas* (João Gaspar Simões) que tece o entramado mental co que Pessoa se atopóu arredor do 1912, milita na tropa xuvenil congregada cabo do futuro autor de *Mensagem*: Sá-Carneiro, Luis da Silva Ramos, Ponce de León, Antonio Cobreira, Ferro, Mario Beirão... Elemento representativo da revista *Orpheu*, está no sumario do primeiro número con *Treze sonetos*. Era, á sazón, propietario do restaurante *Irmãos Unidos*, no Rossio lisboeta —coma don Pío Baroja fórao en Madrid dunha panadería da rúa de Capellanes— onde o cenáculo de *Orpheu* adoitaba xuntárese.

A aparición do libro de Alfredo Guisado, de que damos serodia nova pola bochornosa incomunicación da literatura peninsuar en lingua non castelá, traduz, co seu tiduo —*Tempo de Orfeu*— e coa súa esultante sustancia, a configuración dunha etapa da cultura ibérica na que ésta acada un ápice de europeísmo ao día deica o momento non igualado en curiosidade i emoción. Xurden

[1] *Tempo de Orfeu* (1915-1918). Poesía. Com um estudo de Urbano Tavares Rodrigues. (Portugalia Editora. Lisboa, 1969).

daquela as manífícas demitificacións —"D'Annunzio, don Juan en Patmos; Shaw, tumor frío do ibsenismo; Kipling, imperialista da chatarra"— que operan sincrónicamente noutros meridiáns e posibilitan a resposta en grande escada do herdo do XIX.

Orpheu sai en Lisboa, reparemos ben no acontecemento, cando Apollinaire pubrica *Alcools;* cando Einstein ten preparada a *Teoría da Relatividade;* Kafka ultima *O Proceso;* Freud dá á imprensa *Totem e Tabú;* Joyce redaita *Xente de Dublín;* Gaudí ergue en Barcelona a *Sagrada Familia;* Strawinsky compón *A consagración da Primavera;* Marinetti dispara os seus *Parole in libertá;* Proust entrega o primeiro volume de *En percura do tempo perdido* e Picasso, ¡ah!, Picasso, *¿Quén saberá da sorte da liña, / da aventura da cór?,* que dixo Alberti.

Supérstite de *Orpheu,* este libro de Alfredo Guisado ergue o poder da evocada época e deposita en nós, conmovedor i enérxicamente, o peso das alamedas inmateriáis percorridas por Fernando Pessoa. Lembra Tavares Rodrigues na donairosa introdución: *É mais na revolução sintáctico-psicológica (que Fernando Pessoa levaría às suas últimas consequências) do que nos requintes verbais duma arte esotérica que o melhor de Alfredo Guisado transparece.*

X. LANDEIRA YRAGO

O CONDE ASESINO DE SOBRADO E OUTROS GRABADOS, por Luis Seoane[1]

O grabado que dá nome a este álbum, e co que se enceta a serie dos que nel figuran, representa o fantástico retrato dun persoaxe medieval. Trátase de Vasco Nunes de Seixas, que matóu á súa muller fai séculos e fuxíu despóis a Portugal. A muller está enterrada na capela gótica da Madanela de Sobrado, e a cabeza do teimoso cabaleiro represéntase nun dos medallóns da claustra do mosteiro. Pero, como o propio artista confesa, non tivo en conta esa figuración e fixo a que maxinóu. Chámase o álbum, *O Conde asesino de Sobrado e outros grabados.* Porén, non é que Seoane considere superior o grabado do conde, "senón porque éste responde a unha realidade con nome e andanza, a desa historia ou lénda".

De certo xeito —engádese na presentación— os outros grabados lembran realidades, cabezas, mozas e mozos, e o autor deixa ceibe o seu reconocemento, a invención da anécdota, ao gosto e máis á fantasía do contemprador. Veñen ser "testas de persoaxes antigos, e de hoxe, fundíndose nun mismo tempo. Tamén de esceas de mozos barbazáns e de longos pelamios, cas súas mozas ou soios, cas mochilas ás costas, de calquer xeito, ceibos, e pelengríns das fés máis contraditorias".

Velahí, pois, o temario desta fermosa carpeta de xilografías. O retrato imaxinario de Vasco Nunes de Seixas é o pórtico que abre a serie. Pero é tamén a arreda pra tracexar a liña, e pra que a madeira váiase traballando sotilmente. Os outros grabados que se suceden, son rexas cabezas de consistencia case románica, figuracións de mozos dos días de arestora, parexas tamén do noso tempo, estudos de movimento ou danza...

Comprácese ún na contemplación destas láminas, nas que Seoane —como decote— amosa unha visión do ser galego e das xentes do país. Engaiola o arte sotil destes grabados, no que a forza interpretativa e a sabencia do grafismo revélanse tan xurdias, tan caletrantes, tan naturalmente intelixentes. E no que a imaxinación reverque, fermosa unhas veces, viva e dramática outras, e sempre frescamente nova. Hai nas láminas todas unha liña incisiva máis fonda que a propia gubia que as labróu nos tacos orixináis. E o artista atinóu a lles dar nidia trasparencia nos perfiles.

[1] Edicións Cuco Rey. A Cruña-Buenos Aires, 1971.

As cabezas grabadas son, de primeiras, técnicamente impecables. Pero, sobre de todo, amosan un feitío da máis depurada condición artística. Revelan, asemade, a un creador de gosto seguro, orientado nunha dirección moi de seu e moi de arestora. En calisquera caso, por debaixo da espresión do arte, alenta unha espresión humá, que se reflexa o mesmo nas testas que nos corpos, no aceno como na escordadura. A serie do Conde ven representar así unha fonda preocupación polo humán, que tan dende vello leva sentindo Seoane. I esa preocupación saliéntase nesta derradeira creación súa, tanto nas facianas dos persoaxes de hoxe e de onte, coma nos corpos de mozos e mozas que xogan un papel na escea grabada.

Dexergando as láminas da carpeta que andamos a comentar, vénsenos ás mentes o criterio que encol do grabado, ten esposto nalgures Luis Seoane. Pra el, o grabado foi de sempre un dos xéneros artísticos que millor servíu pra unha comunicación direita entre o artista e o seu pobo. Mesmo dende ante de se encetar a historia: Cando aquél grababa a pedra no meio da fraga, ou a peneda que a mar lamina, ou o óso dun esquelete animal, ou o tronco dun albre que o tempo petrificóu. Mesmamente, falando así, evocóu en ocasións diferentes os sinos prehistóricos que dexergara graburados nas rochas da beiramar da súa nenez. Non estraña, poriso, que tras da viva modernidade do arte de Seoane —nas súas variegadas manifestacións— latexe un a xeito de acento rupestre, unha candura primitiva, o rexurdimento de moi antergas estructuras e o acendérese de cromatismos populares.

Nesta serie do "Conde asesino" onde tanto loce a mestura de intelixencia, fantasía e sensibilidade, está presente tamén —inda que xa en tempos da historia— a nosa recuada tradición. Os grabados son, de certo, producto dunha evidente axilidade mental, reveladora, á súa vez, dunha capacidade de adaitación pra o difícil labor de facer plástico, gráfico, un tema, unha figura ou un ambente. Seoane testemuña dese xeito —con instinto e sinceridade— o esistir perene do seu pobo. E fáino axudándose do mito e da fe, poisque ambos son elementos necesarios na creación dun arte universal.

Os grabados dos que falamos reflexan a maiores, algo que está presente na obra toda do autor: Un estilo de seu. Porque o estilo non é algo que se anda a percurar degorosamente co cerebro ou coa erudición artística; é un ritmo interno, coma biolóxico, que se iñora, que non se nota. Pero que é o úbedo manantío de toda a intensidade, armónica, unitaria —e nas súas consecuencias perfeitamente intelixible— propia das verdadeiras creacións.

En resume, *O Conde asesino de Sobrado e outros grabados*, de edición tan limitada como representativa, é unha nova proba cabal da persoalidade de Luís Seoane como grabador. Creador polifacético, Seoane é un artista que vive o seu tempo, e que sabe aproveitárese do seu azar, do seu drama e da súa aventura. Pra moitos, esta condición sería dabondo pra o xustificar. Mais a derradeira raizame do arte de Seoane vai alén daquela condición; hai que a percurar na súa adscrición ao mundo do país nutricio, a unha historia tanto persoal como coleitiva. E como sempre sucede, a obra do artista atopa así a súa forza, na pura acentuación de carácter, no local universal, no alumamento de cousas moi sentidas i esperimentadas.

S. LORENZANA

LECTURAS GALEGAS [1]

Sábese ben que a implantación da lingua galega nas nosas escolas é unha vella arela galega. O ensino da lingua galega, e o mesmo ensino en galego, é pra nós unha necesidade humá, sicolóxica, pedagóxica, sociolóxica e cultural. Non se iñora que unha manchea dos tangarafios que nos eivan aos galegos,

[1] Instituto de la Lengua Gallega. Galaxia. Vigo, 1972.

individual e colectivamente, teñen o seu fondo no conflicto lingüístico en que se debate Galicia enteira. E xa vai sendo do común o pensamento de que este conflicto se ten de resolver precisamente dándolle á lingua galega un tratamento científico i eficaz. Nesta angueira lerióuse arreo. Mais a lingua galega aínda non foi tratada nas escolas de Galicia nin científica nin eficazmente.

¿Atrancos?. Faise pé decote en dous: por unha banda, a negativa oficial; pola outra, a falla de esperiencias docentes e máis de material escolar. Neste intre a custión oficial está medio arranxada ao establecer a *Ley General de Educación* o uso escolar das linguas nativas. E as esperiencias pedagóxicas e máis a elaboración de material escolar agroman agora con certo pulo; naturalmente, como consecuencia de terse aberto o canle legal ben que el sexa aínda feble i estremosamente difuso.

Coidamos que é neste contesto onde compre enmarcar o libro *Lecturas Galegas* 1. Un libro de lecturas dirixido aos nivéis primeiros do primeiro ensino; que, polo de pronto, é un libro necesario e oportuno.

Co gallo de valorar dalgún xeito este libro reparamos en tres aspectos que consideramos básicos: a súa presentación, o temario abranguido e o lésico empregado.

A presentación interésanos sempre; pro nun libro destinado á escola primaria, a súa presentación xoga un rol de importancia escepcional porque ela é a que fai en primeiro termo que o libro resulte ou non resulte interesante aos seus destinatarios e, a estes nivéis, a primeira condición pra que un libro resulte eficaz é xustamente que el desperte interés. A presentación de *Lecturas Galegas* 1 é axeitada. As ilustracións en cores, se ben nalgúns casos non teñan moita valía estética, acadan neste libro unha interesante calidade pedagóxica. O texto das lecturas ven disposto con espaciados e craros abondo que o fan grato á vista. As frases manuscritas ao traveso da escritura normal danlle ao libro certo ar dinámico que cadra de cheo cos intereses dos rapaces de poucos anos.

O temario que se abrangue nestas *Lecturas Galegas* 1 en principio é correcto. Trátanse nel aspectos variegados da realidade inmediata dos nenos galegos. Os pais, a casa, os veciños, os alimentos, as galiñas, os coellos, as patacas, os paxaros, os peixes, os barcos, as cántigas, as festas... son temas que atinxen ben de perto aos nenos galegofalantes, a quenes vai lóxicamente dirixido este libro, que son en maioría os nenos do noso mundo rural (campesiños e mariñeiros).

O seu contido lesicográfico non hai dúbida que corresponde ao vocabulario básico dos escolares que teñen de usar estas *Lecturas Galegas* 1. No tocantes á morfoloxía desde lésico e máis á ortografía empregada vemos que se siguen os criterios do *Instituto de la Lengua Gallega* esplicitados no *Gallego* 1 que, máis ou menos conformes con eles, entendemos noustante que é un acerto respetar, cando menos polo de hoxe, en todos os libros que vaian encamiñados ao ensino pola razón práctica de evitar que cheguen aos rapaces diverxencias ou desemellanzas sempre perturbadoras.

En resume, e nunha ollada de conxunto, entendemos que no *Lecturas Galegas* 1 confluien as adquisicións sicolóxicas e pedagóxicas máis de actualidade verbo da confección de material didáctico. Temos pra nós que unha das millores gabanzas que se poden facer a estas alturas dun material didáctico é a de que este teña sido arrincado da realidade que circula realmente aos seus destinatarios. Esta condición, coidamos que se cumple certamente no manualiño que comentamos.

O que sí nos solprende unha miga é o seu tiduo que, pesie a figurar no mesmo a palabra "Lecturas", semállanos que éste non é un libro de lectura, cando menos no senso tradicional: máis ben consideramos a estas *Lecturas Galegas* 1 como un libro de traballo que, ademáis da lectura, pode ser motivador de numerosas actividades escolares. Un libro que, incluso, ten certa fasquía orixinal. Libro que, sendo perfeccionable e sendo necesario o seu perfeccionamiento, sitúa os libros escolares galegos á altura dos libros escolares nas demáis linguas peninsulares.

E, por todo o dito, xa se bota de ver que nos felicitamos cumpridamente da saída deste libriño ao rueiro do mundo docente galego. Se el é o primeiro dunha serie, como parece desprenderse dese 1 do seu tíduo, ficamos con debezo á agarda dos seguintes.

X. L. FERNÁNDEZ CASTRO

HISTORIA DA LITERATURA GALEGA, por F. Fernández del Riego [1]

Fonda satisfación nos producíu ista nova edición da *Historia da Literatura Galega* de Fernández del Riego. Vinte anos xa van aló dende a primeira; vinte anos cheos de securas, xeadas e outros fenómenos atmosféricos, pero o suficientemente vizosos para amostrarnos cómo a vida é máis forte ca todo; vinte anos de irreversible frolecer literario que deixan ben patente a vitalidade xuvenil e a profunda reigamia do ser galego. Vinte anos de fonda satisfacción para o seu autor e aqueles, que, con limpa dedicación e a constancia dos vellos petrucios, arrimando con serenidade e clarividencia o lombo ao arado, sulcaron os brañales.

¿Qué nos trae de novo, entón, iste remozado manual? Moitas cousas, das que eu, apenas, suliñaréi algunha.

A primeira é, por certo, ben siñificativa: está escrito en galego. ¿Quererá decirnos isto que a tempada das aspirinas infantiles fica xa no arquivo das curiosidades, e que a concencia galega vai recobrando o vigor e a fasquía por algún tempo emborrallados?

Prácticamente a primeira edición remata a súa historia nos anos da guerra. Apenas se insinúan algúns nomes, casi inéditos por aquel entón, e que acadaron a súa madurez nos anos cincoenta. Tamén os tartamudos —como xa se soe decir—, recobraron por ises anos a súa vocalización normal.

Desta xeneración abonda con nomear na prosa, por exemplo, ao Cunqueiro, creador dun dos máis finos realismos da literatura universal; e ao Fole de quén, por todo comentario decíase na primeira edición que era "un fino creador de bellas narraciones y trabajos literarios en los que alienta un estilo de intenso lirismo". Hoxe o lector aprenderá moitas máis cousas. No ensaio, Rof e García-Sabell non se nomeaban no ano 51. Dende entón con R. Piñeiro, "joven intelectual dedicado a cuestiones filosóficas...", e Fernández de la Vega, "que hizo una versión gallega de la Antología Céltica de Pokorny...", crearon a millor aportación ao pensamento galego dende a xeneración "Nós". E para qué falar da monumental obra de Carballo Calero...

A novísima xeneración é unha realidade tan espranzadora como probada xa. Ferrín, X. Torres, Franco Grande, Casares, Bodaño, etc., etc. ¿Non é para pensar noutra albada literaria coma a de fai cen anos? Nela temos que resaltar, sobre todo, dous xéneros literarios de menor tradición nas nosas letras, que iles lle van dando un forte pulo: o teatro e a literatura infantil; e non cabe duda que os premios "Castelao" e "O Facho" tiveron gran parte nesta nova sementeira.

En fin, o autor trata de darnos un práctico manual de información dende unha acougante seriedade de valoración nidiamente formal; é decir: atendendo aos valores formales e propios do facer literario e ao seu siñificado histórico. Nada máis lonxe das estafantes cribas ideolóxicas, dos panfletos de "Boas e malas lecturas", do sectarismo privativo.

A distribución xeneral da obra, seguindo un criterio xeneracional, e, dentro del, a visión conxunta de cada autor nos períodos xa clásicos, cambea, dende a xeneración "Nós", para cinguirse aos xéneros literarios —sempre sin saírse

[1] Galaxia. 2.ª edición. Vigo, 1971.

do plan xeneracional—, que, apesares de difuminar certos autores polifacéticos, dado o carácter da obra, parécenos acertado.

É de louvar a introdución dos autores galegos de obras casteláns como a obra galega dos autores foráneos. Agás de ter unha máis ampla e conxuntada visión dos autores bilingües, o resaltar aos esclusivamente casteláns, crea automáticamente no lector unha curiosidade de contrastar obras e actitudes, lingüísticas dentro do panorama literario do noso país, que non deixa de ser moi interesante.

Derradeiramente, na bibliografía atopamos un gran enriquecimento tamén respecto á anterior edición. Gramáticas, dicionarios, estudos monográficos, escolmas..., etc., constátanos novamente a gran fecundidade das nosas letras en todas as súas leiras.

Resumindo; parécenos un traballo acabado. Hastra a súa impresión e formato, tan manexable, resulta acertado, e coidamos que a súa utilidade responda perfectamente á súa finalidade antre os interesados cada vez máis numerosos polas letras galegas.

E para rematar temos que facer notar unha lagoa importante nesta *Historia da Literatura Galega*: unha páxina que fale dun tal Paco Fernández del Riego, alias Salvador Lorenzana, lugués afincado en Vigo, que dende os seus anos mozos —máis mozos, quero decir—, traballa polo país e polas letras galegas, concretamente, coa constante e xenerosa fecundidade do que cree, espera e ama o ser galego, desas persoas que latexan tras ise, xa non sei que decir, nome de galegos.

X. M. R. P.

EL TRAJE REGIONAL DE GALICIA, por Nieves de Hoyos [1]

Estamos diante dunha nova e valiosa aportación á historia do traxe rexional galego escrita con agarimo e abondoso material de primeira man pola señorita Nieves de Hoyos, especialista en traballos de indumentaria popular das difrentes rexións de España.

O material a que nos referimos foi acadado por seu pai, don Luis de Hoyos, un dos primeiros e máis ilustres profesores e introductores dos estudios etnográficos en España dende a súa cátedra da Escola Superior do Maxisterio, con ocasión da primeira esposición do traxe rexional celebrada fai anos en Madrid e que foi a base e o comenzo do "Museo del Traje", por il fundado e dirixido, o cal pasóu logo a ser "Museo del Pueblo Español", orgaizado e montado por Nieves de Hoyos e José Pérez Vidal.

A autora diste estudio do traxe rexional galego, publicado como Anexo XIX dos "Cuadernos de Estudios Gallegos", é pois unha especialista no tema. Con anterioridade ten publicadas varias monografías sobre o traxe manchego, o de Estremadura e o da provincia de Santander, entre outros.

Nieves de Hoyos conoce Galicia *de visu* e sempre estivo en boas e constantes relacións cos etnógrafos e folkloristas galegos dende o seu cárrego de conservadora do devandito "Museo del Pueblo Español".

Do traxe popular da nosa terra di que é o máis rexional de todos porque as súas características xeráis son comúns a toda Galicia, dentro das variedades correspondentes a cada bisbarra, polo que se pode afirmar que hai un traxe galego namentras non é esato decir que hai un traxe aragonés ou andaluz, dada a diferencia esistente, por exemplo, entre os traxes do Pirineo aragonés e os de Albarracín ou de Zaragoza.

Mais, aínda tendo sempre o traxe galego as mesmas prendas, esto non quer decir que sexa uniforme, senón que dentro do xeral feitío hai variantes que

[1] Anexo XIX de "Cuadernos de Estudios Gallegos".

dependen non somente do gusto persoal do que o leva senón tamén da bisbarra onde se usa.

Tendo esto en conta establece varias zonas de traxes galegos, como son: as Mariñas, Bergantiños, o Noroeste da Cruña, as Rías Baixas, Santiago, Ordes e Arzúa. Na provincia de Lugo distingue tres zonas: a marítima, a central e a do Sul, que comprende, además, a provincia ourensán.

Do traxe de cada unha destas bisbarras fai un estudio detallado con indicacións dos panos que se empregaban e con deseños dos patróns das difrentes prendas que o compoñen, a máis de 24 fotograbados que son outros tantos documentos pra o mellor conocemento do traxe galego.

Remata o libro cunha interesante bibliografía referente ao tema nil tratado e cun vocabulario de grande utilidade pra os leitores non galegos.

J. R. F. O.

CINCUENTENARIO DE "NÓS" *

En outubro de 1920 apareceu a revista "Nós", da que Vicente Risco era o director literario e Castelao o director artístico. Nos 15 anos que abrangue o período da súa publicación, foi o órgano máis importante da cultura galega. E non só pola alta calidade intelectual do seu contido senón tamén polo feito de ser a primeira revista cultural dese estilo escrita totalmente en galego. A súa aparición marca un paso decisivo na evolución histórica da nosa cultura, pois representa a consagración do galego como lingua de cultura. Pódese decir que é o primeiro gran froito cultural da revolución espritoal operada polas "Irmandades da Fala"; o segundo xurdiría tres anos máis tarde coa creación do "Seminario de Estudos Galegos". Sin eses antecedentes, insistamos que ambos e dous fillos inmediatos das "Irmandades da Fala", non sería posible o panorama actual da nosa cultura. As "Irmandades da Fala", a "xeración Nós" e máis o "Seminario de Estudos Galegos" son, no orde cultural, o verdadeiro fundamento da Galicia do século XX. No ano 50, ou sexa, na mesma raia da segunda mitade do século, Galaxia leva a cabo un labor de promoción e anovamento cultural semellante ao que arredor do ano 20 realizaran aquelas tres entidades, pro con bó coidado de recoller e actualizar o herdo delas recibido.

No ano 1970 cumpríronse os cincuenta anos da fundación da revista "Nós". Este importante cincuentenario non pasóu en silencio. En varias cidades galegas celebráronse diversos actos conmemorativos. Mas compre reconocer que, entre todas as iniciativas que foron xurdindo e que denotan unha crecente sensibilidade para os propios valores, quizáis a máis atinada sexa a realizada pola Real Academia Gallega ao publicar un número póstumo da revista nutrido con traballos dos colaboradores de "Nós" que en 1970 siguen activamente fieles á nosa cultura. A iniciativa académica tivo boa acollida e, salvo media dúcea dos antigos colaboradores que por unhas razóns ou por outras non enviaron os traballos que lles foron pedidos con ese fin conmemorativo, o resto responderon con entusiasmo facendo posible a publicación dun número realmente interesante para a comprensión do esprito inspirador da revista e tamén para percibir a eficacia do seu infruxo nas xeracións máis mozas de aqueles anos. Tanto o contido informativo como a forza evocativa das colaboracións dan ben o refreixo de ambas cousas.

A maiores de todo esto, o número ofrece un valiosísimo instrumento de traballo para quenes queiran ou precisen manexar a colección da revista "Nós": un índice completo da colección dividido en tres apartados, un correspondente ao índice xeral, por números, outro correspondente ao índice de materias e o terceiro correspondente ao índice de autores, traballo utilísimo debido ao antigo colaborador de "Nós" Xosé Ramón e Fernández-Oxea.

R. P.

* Homenaxe da Real Academia Gallega. A Cruña, 1970.

DOS VOCES INDÍGENAS EN NUEVAS INSCRIPCIONES GALAICO-ROMANAS

No tomo XXXIX de "Emerita", Revista de Lingüística e de Filoloxía Clásica, pubrica Isidoro Millán González-Pardo, con Fernando Acuña Castroviejo e Alfredo García Alén, un traballo do meirande interés co tido "Dos voces indígenas en nuevas inscripciones galaico-romanas". Istas dúas voces aparecen nunha ara con testo métrico atopada en San Orente de Entimes, no concello de Outes, Muros, e nunha estela de Santa Comba, Negreira. No capido que a esta derradeira se refire, o prof. Millán refírese tamén a unha inscripción galego latina de Mosteiro de Ribeira, en Xinzo de Limia.

A ara de San Orente de Entimes, erixida por un cazador, seguramente a Diana, co gallo dunha victoria venatoria. Millán lé: "Decies victor aram posui ruo", métricamente un senario. O cazador, que trunfóu moitas veces na caza —a verba latina "decies" valerá por "moitas veces"—, adica a ara co gallo dunha nova espléndida victoria. Cál é a peza, a grande peza cobrada? Pois un "ruo". O profesor Millán fai unha demorada pesquisa etimolóxica e semántica, —que non é do caso dar eiquí—, pra amosar a congruencia semántica de certas raíces coa presunta disiñación dunha peza, perigosa, de caza maior na ara de San Orente de Entimes, e tamén a esistencia de derivados de tales raíces, con siñificados mui prósimos aos que postula, afíns ao sustrato prelatino suposto na Gallaecia, e finalmente, "la verosimilitud fonética y morfológica en ese idioma prerromano de Gallaecia de una forma léxica indígena igual, o parecida, a la que menciona nuestro epígrafe". De resultas disa inquisición etimolóxica e semántica de que falamos, en "ruos" teríamos, asegún o ilustre filólogo, "un epiteto descriptivo de aquella pieza de caza, que la definiría como animal que se arroja o abalanza; acometedor, asaltante..., o como animal que se revuelve, escarba, hoza. Pocas características habría, en conjunto, más afortunadas para designar un jabalí, fiera que nos consta que no sólo en la antigüedad y en Hispania, sino en Galicia hasta casi nuestros días, constituyó trofeo codiciado y predilecto de grandes jornadas venatorias. Ninguno de los dos rasgos —acometer o escarbar—, ni su asociación, se apropiarían al lobo o al oso, que con *o porco bravo,* fueron los tres blancos posibles en Galicia, hasta la tardía deforestación, en aquellas grandes monterías". De dúas raíces en idiomas célticos, xa a que dá a acción de abalanzarse, xa a que da a acción de fozar, ou coma producto da confusión de delambas, puido orixinarse na lingua prerromana da Gallaecia a voz RUOS pra nomear o porco bravo. Vulgarizando e abreviando, ruos sería unha verba prerromana galega, céltica, pra nomear o porco bravo.

A estela de Santa Comba, en Negreira —unha enorme estela no granito do país. Un fillo, Appius Flaccus, fillo de Appius Gemaellus, adica a estela. No testo aparez a verba SESIA —ou SESIS—, "faciendum curavit saesiam suo eius filius Appius"... Non é de aquí, como dixemos de ruo, dar a pesquisa do profesor Millán ate chegar a probar que SAESIAM está na estela, e hai que ler así, e que é verba que viría a siñificar proxenitor, sementador. Appius Flaccus, pois, chámalle a seu pai "sementador seu". Voz ista, Sesia, cuio eco atopamos en voces da prole ou descendencia familiar goidela e bretona.

Finalmente, refírese o mestre Millán á inscripción de Mosteiro de Ribeira: "CROUGIN TOUDIDAGOE RUFONIA SEVERI", é decir, léndo: "Piedra votiva al dios tutelar de la tribu puso Rufonia hija de Severo". Pro o CROUGIN da inscripción é o corrente galego de hoxe, CROIO, COIO en algunhas partes. Millán refírese ao profesor Tovar, quen foi o que identificóu o termo crougin coa voz irlandesa cruach, montón, outeiro, e coa galesa crug, cippus, túmulo. Agás dos feitos de vocabulario, que son sorprendentes pro non terminantes, a ecuación morfolóxica que propón Millán,

Galeco CROUGIN (acusativo)
Proto-goidelo KROUKM (dativo)
Goidelo CRUAICH (acusativo)

pode sere un ábrete-sésamo da identificación do sustrato lingüístico galeco. Mi-

llán engade que nunca víu aducido, confirmando a averiguación de Tovar, o feito de que no romance galego actual se conserven vivos derivados, indubidables, ao que parez, daquela voz de sustrato.

Veleiquí, pois, en pedra —que é irrefutábel—, en tres inscripcións latinas, tres verbas do sustrato lingüístico galego —catro si TOUTADIGOE ten que ver con Teutates, deus nacional galo, resultado haplolóxico, asegún Poyorny, dun Teutotatis, pai da tribu ou do país. Toudadigoe, o teónimo de Xinxo de Limia, viría de un TEUTATIKOS. "Un tatis o tetis, es, pues, restituible en el habla prerromana de Gallaecia, o en el fondo lingüístico de que esta misma procede".

Un traballo iste de Isidoro Millán González-Pardo, que firman con el Acuña Castroviejo e García Alén, que amosa o saber estraordinario do noso gran filólogo; traballo que supón unha aportación fora de serie ás inquisicións sober da fala prerromana da Gallaecia, e aos entronques dista co celta histórico, nas súas diversas formas.

A. L.

FOLLAS DE VAGAR, por Eduardo Moreiras [1]

Non é corrente —tan afeitos aos contos, poesías, novelas— ver aparecer na nosa literatura unha obra como a que ven de saír do prelo: *Follas de Vagar*. ¿Qué libro nos dá a mestura enguedellada deste xornal?.

Non considero o libro coma un diario dos días, sinón, —ao estilo de Camus e outros escritores europeos— coma un diario de apuntes, sentimentos, visións, estados de ánimo que o poeta escribe pra se recrear máis fondamente na vida. Unhas veces é a paisaxe de Vigo, Baiona, ou a terra de Quiroga ou do Caurel, que tan ben coñece, o que se nos mostra nunha poética panorámica; outras, a honradez e fraternidade do labrego galego, como aquel Xosé de Roxío, tipo común do home da terra, cuias anécdotas aparécennos antre as follas do libro, espalladas polas anotacións, refleisións filosóficas, coma seguindo o seu vieiro deica a súa morte naquel outono de 1960.

É un libro xunguido ao pobo galego. En moitas das follas do xornal aparecen vivencias esistenciáis, galegas como vimos de anotar. É ben bonito aquelo da "ahimsa" (forza da verdade por sí mesma) dos hindús, que relaciona co pacifismo galego, pobo aldraxado que camiñóu sempre ca testa ergueita inda cando vai buscar que comer en países alleos.

> "Na vida práitica non sempre a "ahimsa" pode dar solución aos problemas dun pobo asoballado. Fai cinco séculos que os galegos praiticamos a non-violencia enxebre e ¿con qué resultado?", páx. 10.

Aínda que sobor desto habería moito que falar, xa que pola ausencia de Cultura, o noso pobo non chegóu a ese misticismo practicado polos pacifistas de tipo Gandhi ou Luter King.

A terceira dimensión do libro é a poesía íntima, onde os persoaxes están retratados cunha visión de infindo, e as anécdotas máis sinxelas fan sentir a vida dos persoaxes retratados.

Pasan polo libro "putiñas", poetas, pintores; esa raza de xente que non é normal, que non se conforma co de cada día, e busca noutros mundos as vivencias dun espertar diferente aos dos seres que se consideran situados.

Ás veces, ollando un cadro dun amigo, ou ao ler un libro dun autor morto xa, podemos sentir o seu fluír vital e sírvenos de novas revelacións nos tempos presentes. É por eso que a semblanza de Pimentel, ao que chama "home de corazón nobre e sinxelo", polas terras do Xistral, a de Laxeiro —que eu coñe-

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1972.

cín falando dos héroes deformes e da súa nenez onda aquel abó que tanto influíu na súa vida—, coma un home unido aos máis míseros, homildes e aos máis desfarrapados, aparecen como presentes diante nosa nas anécdotas do xornal, Alvaro Cunqueiro que según o autor "escribe igual que cantan os grilos", ou a visión que nos dá de Ánxel Fole.

O libro está moi perto, por non decir pertece, das ideias da Escola da Autoexpresión, encetada polos irmáns Yüan a fináis do século dazaseis, chamada tamén Escola de "*Hsingling*" (Hsing "natureza persoal" e Ling "alma" ou "esprito vital").

Esta escola esixe a espresión dos sentimentos, dos pensamentos, amores, odios, temores... propios do escritor, sin engano: non ocultando o mal e presentando o ben. Os escritores da Escola da Autoexpresión gostan do párrafo máis característico nun ensaio, da súa frase máis notoria, dun párrafo e da súa espresión nunha frase. Describindo ou narrando unha escea, un sentimento ou un feito, ven ás mentes a escea que ve o mesmo escritor, o sentimento que sinte e o feito interpretado por el mesmo.

Cada un é libre de interpretar este libro dende o seu punto de vista, que pode estar moi alonxado do que acabo de darlle; de todos os xeitos, ahí queda eso. O que sí debe estar claro pra todos é que o valor do libro pra a literatura galega é de ser *algo novo* que ven abrir un vieiro polo que poden seguir outros escritores do País.

MARIA-CAMIÑO

CONSIDERACIONES EN TORNO A LA GEOGRAFÍA DEL RODIL
LA CUENCA DEL RODIL: SUS PASTIZALES, por Ezequiel Carreira Álvarez

O río Rodil é cecáis o afluente máis importante do Eo. Nace nas terras de Fonsagrada polas que corre facendo un gran arco rumbo Norte deica Vilaframil pra seguir logo cara o poñente en precura da Pena Castelo e coller despoixas cara o Sul pra se axuntar co Eo. A súa cunca ten unhos 30 Kms. de longo por 25 de ancho i é terra montañosa na súa mor parte si ben de clima tépedo e húmido que favorecen os abondosos pastadeiros nela formados.

Sobor da Xeografía do Rodil fixo dous valiosos estudios o profesor Ezequiel Carreira Álvarez quen, por ter nado no Val de Burón, é un perfeito conocedor da súa terra.

No primeiro diles titulado "Consideraciones en torno a la Geografía del Rodil" fai un acabado esamen das penedas que compoñen aquil terreo, principalmente cuarcitas, pizarras e calizas, das que nos di que cas lousas das pizarras grises tirando a verdosas fanse os tellados das casas e cas laxas duras fabrícanse grandes mesas de comedor capaces pra unha ducia de comensales. As calizas do Val de Burón, dun gris azuado son moi estimadas por ademitiren un bon pulimento.

En relación con cada un distes terreos estudia a Flora que niles se dá, pra nos falar dispoixas do relevo do chan e da hidrografía do Rodil abondosa en ríos e regatos de nomes enxebres i evocadores como son os regatos de Penide, de Azoreiras, de Cerdeiras, de Lodos, Dablaira, de Lamazais, de Lameiroas, de Piagos e moitos outros máis que farán as delicias do "Seminario de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia".

No seu segundo traballo *La cuenca del Rodil*: *Sus pastizales* adica a primeira parte ao estudio distes distinguindo entre pastizales e prados.

Dos primeiros fai unha clasificación atendendo á súa outura xeográfica, á súa precocidade, á posición que teñen con respeito do sol, e tamén pola humidade, pola vexetación, pola composición do terreo, polo orixe, polo xeito de esplotación, distinguindo, ademáis, os naturáis dos artificiáis.

A segunda parte diste traballo está adicada á Flora de que se compoñen os pastadeiros do Rodil describindo en detalle ata máis de vintecinco familias herbáceas e arbustivas.

Dino de loubanza é o coidado que puxo o autor en recoller os nomes galegos das prantas estudiadas.

Istes dous importantes traballos do profesor Carreira Álvarez van ilustrados con varios grabados e cada seu mapa no que todos os topónimos están coidadosamente recollidos e ben postos, o que estimamos non somente un acerto senón tamén unha mostra de probidade científica dina de imitanza polos que se non coidan distes detalles esenciáis nos seus traballos científicos.

J. R. F. O.

UN HOME SINXELO

Na aldea de Pousada, en terras estradanses, producíuse a morte, aos noventa e cinco anos de edade, dun home galego, labrego i escritor. Noventa e cinco anos sostidos sinxelamente en costante profesión de fe e de amor ao país onde nacera. Falamos de Manuel García Barros, quen, antre outras cousas, escribíu os libros *Contiños da terra* e *Aventuras de Alberte Quiñón*, co seudónimo de "Ken Keirades". Poucos coma el, tan humilde, outimista e sinxelo, teñen consagrado máis afervoadamente unha longa vida a enaltecer os costumes e a fala do seu país .

Veleiquí un aldeán, apegado barudamente á súa raizame, que exercéu a docencia en escolas ruráis, cultivóu o xornalismo e fixo contos populares na lingua labrega por el tan amada. En certo xeito, "Ken Keirades" veu ser así coma un heroi da nosa caste, dentro da súa humildade. Non vestíu armadura, nin poseía forteza; a súa arquiteitura —case probe, flebe— era, mesmamente, vulgar. E, noustante, atraguía pola súa enerxía indómita, un sereo estoicismo, un aplomado estar, tan austeiros e xustos, que impoñían o silencio e o respeto.

Na súa pequena aldea, por onde inflúen a paisaxe ullá e a zona de montaña, García Barros mantivo viva a ilusión dunha Galicia millor, do porvir da súa lingua e dos valores do seu esprito. Alternando os traballos campesiños coas leituras de libros galegos, seguíu a nutrir o seu ideal cos fortes alimentos que lle proporcionaba o contato coa terra e coas súas xentes. Cada migalla do seu sentir era un apertado e magro feixe freboso, e nada se desgonzaba nel, nada se lle indiscipriñaba no servicio a unha sana emoción. Habería que ollar así, neste home agora desaparecido —ao marxe de calisquera pintoresquismo trasnoitado—, a espresión de todo un carácter, rexo, fondo, temperado, destemido; dun carácter rotundo e cabal. Carecente de xestos inuteis, pero co alento aquecido por unha baril atitude de cerne galeguidade. Outros desexos solicitan aos homes no vivir cotián: o arrodeo dediante das dificultades, o barullo, a cambadela. En "Ken Keirades", nembargante, nada se escudía. O vello labrego, modesto, flebe, probe de corpo, axigantábase, fase ás nubes sin deixar enxamáis a terra que tripaba e que amóu con baruda decisión. Nin pra despóis da morte esquecéu a súa identificación co país natal. Revélano as emotivas palabras do seu testamento: "Fago profesión dun entrañábel amor a Galicia, esta doce terra na que nacín e vivín, i en cuio seo teréi a dita de acougar o sono eterno. Foi Galicia o ouxeto e ilusión de toda a miña vida, e a ela adiquéi as miñas forzas e a miña produción literaria. Por ela loitéi e sofrín. Dende o máis íntimo do meu corazón deséxolle no porvir días de prosperidade e ventura".

Eis, pois, o seu segredo: a chea posesión dunha moral idealista, a vocación ética, a dignidade irrevocábel. Condicións todas que constitúen un vello tesouro, pero que, por estar moitas vegadas ausentes da nosa aitualidade, resultan edificante exemplo pra segundar. Manuel García Barros é merecente, así, no intre do seu pasamento, da gratitude e homenaxe de quenes aínda crén nos valores humáns e na eficiencia das condutas.

S. L.

TRES PERSPECTIVAS KAFKIANAS

Foron tracexadas por Rodolfo E. Modern, e reproducímolas agora verquidas á nosa fala. Eis:

Estivera a tarde toda matinando en Kafka. El tamén era abogado. E despóis deitóuse e soñóu que lle poñía un pleito inacabábel ao seu pai, onde os argumentos eran contrallos e sustituíbeles. Pra se distraguer metéuse (en soños) nun cine. Cabo del, na butaca veciña, puido percibir, no meio da semiescuridade, un perfil anguloso. Cando se acenderon as luces o veciño interpelóuno: Vostede é corpudo e teimudo, coma o meu pai. Ademáis coido que nunca me entendéu, e así hálle ser imposíbel gañar o pleito. Decontado calóu e denantes de que o seu intercolutor puidera respostar, tiróu un revólver do portafolios que gardaba riba dos seus xoenllos, e disparóu. O seu veciño (el) derrubóuse, mentras o sangue íalle cobrindo toda a faciana. O outro era Kafka.

★

Esaminaba a fisonomía de Kafka. Fascinábano o deseño triangular da cara, todo ancos, a fronte estreitísima, como traslúcida, as orellas puntiagudas, de tísico, o curto, ascético narís. Pero, sobre de todo, o abiso que chamaba tras deses ollos escuros, en cuio fondal remoto, alén das xeneracións que se contabilizan, gardábanse a sabencia e o conocemento esacto do que é real. Pensóu logo en Francis Lederer, un actor de segunda fila que xa non esiste, cuio rosto asemellábase ao de Kafka, hoxe práticamente esquecido. Tocóu máis tarde unha perilla do televisor. Anunciaron unha vella película de Hollywood, "A ponte de San Luis Rei", baseada nunha novela de Thornton Wilder. Antre os persoaxes figuraba un par de xemeos, ambos os dous encarnados por Francis Lederer. Ao xurdir na pantalla as dúas fisonomías, advertíu que esistía unha pequenísima diferencia. Un era Francis Lederer actor de orixe checo; o outro identificóuse pra sempre con Kafka.

★

Tratábase de dous servidores que gaveaban por unha costa irada. No cume, antre a neboíña, aduviñábase un verde lugar reparador, con salgueiros beireándoo. Máis aló, o redor borroso dun castelo. A medida que se esforciaban, semellaban estaren cada vegada máis lonxe da meta. Daquela, case esgotados, acometéronse a arrempuxóns antre sí, coas derradeiras forzas castigáronse con trallas. Enriba, dende o inacesíbel curuto, un terceiro servidor albiscaba o espeitáculo. Levaba asimesmo unha longa tralla na man, sin dúbida pra manter alonxados aos que viñan rubindo. Ao cabo dun tempo, os dous servidores apareceron enriba, e o que estivera alí atopábase ocupado en gavear dende moi embaixo. O xogo seguíu así. E ninguén puido (nin soupo) detelo.

O GAITEIRO DE SOUTELO

Finóuse no lugar natal, Avelino Cachafeiro, o sonado gaiteiro de Soutelo de Montes, creador do grupo de gaitas que tanto prestixio acadara aló pola segunda década do século. Con motivo do trunfo que outiveran en Compostela, onde os tres irmáns foran procramados "Os millores gaiteiros de Galicia", escribíu Castelao no xornal "Galicia" de Vigo do 10 de agosto de 1924, o seguinte:

"Namentras acolá en baixo rebulen as xentes con acontecimentos inventados polos homes, eiquí na montaña as xentes siguen rebulindo cos acontecimentos da Natureza. Un día de choiva fai falar máis que un troque de réximen político.

No concurso de gaitas de Santiago presentábase o gaiteiro de Soutelo i este acontecimento estraordinario preocupóu ás xentes como se fose un acontecimento da Natureza. E falábase moito e facíanse pronósticos.

—Hoxe é o día e o gaiteiro baixóu onte xa.

Un feirante dubidóu do trunfo, cicáis porque alá nos seus tempos escoitóu a Ventosela... E as xentes descorazoadas prepararon o esprito pra recibir a nova dunha inxusticia.

—Os premios danse por empeños e o gaiteiro non os ten.

O día rendéu moito e todos tiñamos un concurso de gaitas nos miolos. ¡Qué regalía dos ollos se poidésemos destapar as cacholas de toda ista xente!, porque compre non esquecer que os máis orixináis decorados críanse na maxinación inocente do pobo aldeán.

—¿E se Avelino se corta? Mirái que tocar alí non vos é o mesmo que tocar en Soutelo.

E no serán do seguinte día velahí ven Avelino cos seus irmáns —todos vestidos ao xeito enxebre— tocando unha muiñeira que lle erguía o rabo ao mesmo canciño de San Roque. O pai do gaiteiro, na porta da casa, botóu un foguete.

Avelino ganara o primeiro premio.

—Ben o deciamos: non hai quén poida co gaiteiro de Soutelo.

E as xentes da montaña alentaron con fachenda.

Eu entréi con todos na casa do gaiteiro e sentín que tamén me tocaba parte do trunfo porque o arrufio da emoción corríame polas costas. O pai, a nai e a irmá, dende a sorrisa dos seus beizos, dixeron a unha:

—Contade.

E o irmán pequeno contóu:

—Eu tamén ganéi o terceiro premio. Deixáronme tocar e toquéi. ¡Se vise, meu pai, qué ben me saíu a alborada!

—Pois ganaches un traxe, rapaz.

Aquela noite escoitéi dende a cama como as mozas cantaban:

Toca, gaiteiriño, toca,
meniñas, corréi a vélo
que é moita gaita a gaitiña
do gaiteiro de Soutelo".

Castelao

AS RAÍCES LINGÜÍSTICAS DE GALICIA

Isidoro Millán González-Pardo dixo na Coruña unha interesante lección encol do tema "As raíces lingüísticas de Galicia". Suliñóu que estas raíces, ás que el se refería, non eran, como poidera somellar, as do entronque que hoxe se pode atopar antre o galego, como lingua románica, e a súa nai filolóxica, o latín; sinón, concretamente, de cómo se podían tirar arestora as raigañas, tronzadas, do idioma ou idiomas nativos na Galicia denantes do asoballamento por Roma.

A propia conquista polas lexións romás dá testemuño histórico da esistencia dunha ou varias falas prerromás na Galicia; e, por outra banda, os estudos científicos do idioma galego de hoxe en día evidencian tal esistencia, fundamentalmente no feito lingüístico do sustrato. Así, pódese facer un análise fenomenolóxico do sustrato galego de agora e, en tal senso, compre en primeiro termo realizar unha delimitación lingüística do problema do sustrato.

Atópanse, neste primeiro traballo delimitador, unha poboación de sustrato e unha lingua de sustrato. Non sirven pra nada os argumentos basados no silencio: arqueolóxicos, antropolóxicos, etc., para a resolución do problema. Polo tanto, os canles únicos do idioma ou idiomas prerrománs haberá que os percurar por dúas vías, a textual e a oral, os documentos e a tradición lingüística viva no pobo.

Os datos a ouservar véñennos da man por dous camiños: os onomásticos —antropónimos, teónimos, topónimos, etc.—, e os propiamente gramaticáis —fonéticos, morfolóxicos e sintácticos—. Calisquera outros criterios, históricos ou etnográficos, son subsidiarios dos que se deixan especificados, e, polo tanto, o seu valor ven pola vía esperimental ou de corroboración. Despóis de sinalar os lindeiros espaciáis e cronolóxicos da restauración sustratística, pasóu direitamente á deliñación do xeito en que se subsumen os restos do sustrato nas linguas conocidas, establecendo, así ben, uns corolarios metódicos sobre do céltico. Logo de realizado este deslinde lingüístico, Millán González-Pardo fixo a revisión das diferentes teorías encol do idioma ou dos idiomas prerrománs na Galicia —dende o iberismo de Humboldt deica as recentes posicións teóricas de Tovar e de Schmoll— con agudeza crítica e crara esposición concetual.

De remate, e xa restrinxindo o seu análise concretamente á lingua galega, espuxo as diversas amosas e indicios do sustrato céltico e da celticidade do noso idioma; así, o abondoso reparto. antre os topónimos, dos poscompoñentes *bre-*

briga, que, polo estendido dos mesmos, evidencian tal esistencia, o mesmo que moitos outros casos curiosos de teónimos e apelativos comúns. Dándolle cabo á súa disertación, fixo o prof. Millán unha diseción gramatical da lingua galega, da que agromaron exemplos corroboradores da tese mantida ao longo da conferencia; e dirixíuse especialmente aos estudosos pra que, percorrendo os camiños abertos, cobriran as xeiras científicas aínda por cobrir.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Co gallo de festexar as Letras Galegas este ano celebráronse actos culturáis diversos en numerosas localidades de Galicia. En Ourense estas manifestacións culturáis galegas tiveron un senso especial por razón de se adicar este ano o *Día das Letras Galegas*, precisamente a honrar a persoalidade do ourensán Valentín Lamas Carvajal: alí interviñeron a "Real Academia Gallega", a "Agrupación Cultural Auriense", a "Agrupación Cultural Breogán", o "Instituto de Estudios Orensanos" e máis a Coral "De Ruada"; pronunciando conferencias don Ramón Otero Pedrayo, Sebastián Martínez-Risco, Enrique Chao Espina, Xosé Filgueira Valverde e Eduardo Blanco-Amor. En Ribadavia celebróuse unha mostra de libros galegos, orgaizada pola "Agrupación Abrente".

En Vigo, a "Asociación Cultural" orgaizóu unha mostra do libro galego actual que se espuxo ao público nunha sala de arte da cidade, e máis tamén unha conferencia de Eduardo Blanco-Amor, que se celebróu nos locáis do "Círculo Mercantil", actuando además neste acto a "Coral Casablanca" que apadriña o mesmo Círculo Mercantil; a "Caixa de Aforros Municipal" orgaizóu unha conferencia de Ricardo Carballo Calero no seu Auditorio; na Cultural de Beade (unha parroquia na mesma soleira de Vigo) falóu Emilio Álvarez Blázquez; en Moaña, o seu Ateneo celebróu un concurso de redacións entre os escolares daquela vila.

En Pontevedra, a asociación "Amigos da Cultura" orgaizóu unha conferencia de Ricardo Carballo Calero no Instituto Femenino da cidade do Lérez.

En Santiago, a conmemoración deste día celebróuse a traveso dun concurso de traballos sobre Lamas Carvajal, convocado pola Universidade de Compostela, cuios primeiro e segundo premios foron axudicados a J. J. Durán e Carlos Casares, respectivamente.

En Coruña, a agrupación cultural "O Facho", con representantes da "Real Academia Gallega", celebraron un acto cultural galego no Instituto Eusebio da Guarda con representacións teatráis e conferencia de Guillermo Roxo.

En Carballo falóu Xosé Manteiga Pedrares.

En Fene celebróuse unha semá da cultura galega con mostras do libro galego e cerámicas de Sargadelos e o Castro, además dunha conferencia de María Victoria Armesto.

En Lugo, orgaizaron os actos correspondentes a estas festas das letras o "Club Valle-Inclán" e o "Círculo de las Artes": con mostra do libro galego máis moderno, actuación de grupos musicáis e de canto, e conferencias de Antón Santamarina, Manuel María, Xesús Alonso Montero e Manuel Espiña Gamallo.

En Sarria, esposición-venda de libros galegos, con actuación da agrupación "Meigas e Trasgos".

Polo que se ve, e estamos certos que non temos noticia de todos os actos celebrados con este motivo, a Festa das Letras Galegas vaise facendo popular en Galicia.

NOTAS

NUNHA das máis modernas sáas de Río de Janeiro, Lolly Hime, da "New Style", celebróuse unha mostra de múltiplos coordenada polo crítico Walmir Ayala. A esposición, que se inaugurou o día 28 de marzo, contóu con traballos de trece artistas: Roberto Moriconi, Cleber Machado, Yutaka Toyota, Carlos Vergara, Rubem Breitann, Paulo Roberto Leal, Osmar Dillon, Raimundo Colares, Ascanio M. M. M., Ubi Bava, Marcia Barroso do Amaral e Nelson Leirner. Según Lolly Hime, a principal motivación de "New Style", conxunto de "design" internacional e galería de arte "é unha coordinación total entre todos os elementos que compoñen unha ambientación moderna".

VAISE conmemorar, con especial solenidade, en Leningrado e Moscú o Sesquicentenario de Dostoiewski. Tamén na localidade siberiana de Semipalatinsk, onde Dostoiewski viviu do 1854 ao 1859, e onde escribíu *Stepanshikovo e os seus habitantes, O Sonho do tío,* e comenzóu a súa *Lembranza da Casa dos mortos.* En Leningrado será inaugurado un novo museu na casa onde o escritor morou os derradeiros meses da súa vida, e onde escribíu *Os irmáns Karamazov.*

CELEBRÓUSE en Niza, no mes de maio, un Festival Internacional do Libro. Tivo por finalidade presentar un panorama dos meios de cultura que o libro ofrece no mundo moderno; facilitar os contatos entre escritores, editores e profesionáis do libro responsables pola leitura e cultura de todas as nacións; organizar un confronto internacional antre cantos colaboran no mundo bibliográfico. O motivo foi o Ano Internacional do Libro, patrocinado pola "Unesco".

O INSTITUTO "José Cornide" de Estudios Coruñeses, publicóu un número de "Revista" en homenaxe a don Ramón Menéndez Pidal. Colaboran Higinio Anglés, Blecua, Cela, Díaz-Plaja, Filgueira Valverde, Gamallo Fierros, Griera Gaja, Salvador de Madariaga, Martínez - Barbeito, Pensado Tomé, Pérez de Urbel e Rodríguez Moñino.

EN Edicións do Centro Cultural, de París, saíu o primeiro tomo dunha serie de *Poetas e prosistas portugueses.* Selección e tradución de Sophia de Mello Breyner. Trátase dunha especie de escolma, na que aparecen, Camões, Cesario Verde, Mario Sá Carneiro e Fernando Pessoa. Camões está representado con 16 sonetos, redondillas, Babel e Siam, a máis de Adator, do seu poema épico. De Cesario Verde, figuran "Cristalizações" e "Manhás brumosas". De Mario de Sá Carneiro, traduciu Sophia Breyner "O resgate", "A escola", "O lord" e "Desquite". Ao cabo, Fernando Pessoa ten unha boa representación, na que se inxiren poemas que publicara cos varios heterónimos: Alberto Caeiro, Ricardo Reis, Alvaro de Campos.

JERZY Kosinski é polaco pero escribe en inglés e radicóuse nos Estados Unidos. É conocido internacionalmente por *O pazaro pintado* —comparado co *Xornal,* de Ana Frank— e por *Os pasos.* A súa terceira obra publicóuse recentemente en Francia. Trátase de *La Présence,* narración irónica animada por un probe infeliz chamado Sorte; non sabe lér nin escribir e vive recluído na súa casa, coidando do seu xardín e ollando a televisión. Obrigado a deixar a súa morada, ao saír á rúa atropéllao un coche, cuio dono, un persoaxe importante, recólleo. Confusións e malentendidos levan a Sorte a se trocar nunha figura nacional, nunha especie de oráculo. O seu laconismo, sobre todo, impresiona, e confúndese coa máxima sabencia. A sátira de Kosinski apunta a moitos figuróns do mundo contemporáneo, entronizados gracias á súa inorancia.

NA Sección galega do Instituto Nacional de Literatura e Lingüística de Cuba veñen de se incorporar á súa Biblioteca uns 800 títulos de interés galego. Proceden do que foi Centro Galego da Habana, fundado hai máis de noventa anos. Esta coleción, ámais dunha chea de libros, contén series completas, encadernadas, de revistas como "El Eco de Galicia", "A Gaita gallega", "Galicia Histórica", "Follas Novas", "Galicia Moderna", "Revista

Galaica", "Galicia", "La Tierra Gallega", "Cultura Gallega", "Airiños da miña terra", "La antorcha gallega", "Galicia humorística", "La raza", "Suevia", "A Terriña", etc. Tamén abrangue autógrafos, obras inéditas, algunhas pezas musicáis e as voluminosas Memorias do Centro Galego.

DE Robert Lowell, un dos máis importantes poetas norteamericáns, tense publicado a súa adaptación de *Prometeo encadeado*, de Esquilo. Dende os seus primeiros poemas, Lowell foi, en certo senso, un escritor dramático, rasgo que aquí se pon de manifesto con frecuentes acertos. Noustante —apunta o crítico do Suplemento do Times—, "hai algo profuso i elaborado", certa superabundancia inteleitual que o oposto ao dramático. *Prometheus Bound* estrenóuse no teatro Mermaid, de Londres.

PRA nós, os galegos, é de interés especial a biografía de Sir Francis Drake, que, escrita por George Malcolm, ven de publicar Secker and Warburg. O pirata é pra o biógrafo "one of England's greatest heroes". Na biografía inxírense estudos encol das súas tempadas na mar. E na mar de Vigo e da Coruña. Moitas ilustracións. E antre elas, un retrato do Conde de Gondomar.

CO tiduo de *Habia un rei na Irlanda unha vez*, Myles Dillon publica cinco contos procedentes da tradición oral irlandesa. Myles Dillon trasladóu eses contos ao inglés, conservando as repeticións dos narradores, o ritmo, os incisos, as esprícacións... Semella que se trate dun novo e máis completo xeito de recoller narracións da boca do pobo. Traballóu Dillon na costa oeste da Irlanda, e nestes contos óllase "o chocalleiro, a salvaxe imaxinación, o voo da fantasía, os infantís soños, e todo o que fixo o pasado e fai o presente na costa ocidental do Eire".

NADO en Londres no 1912, durante un viaxe dos seus país ao "vello país", Patrick White é o primeiro escritor australiano. Estudóu en Inglaterra e percorréu Europa, familiarizándose coas letras francesas e alemás. Despóis de participar na segunda guerra mundial, voltóu ao seu país pra que "o aguillón do tempo atopado" o salvara da esterilidade do "cemiterio inteleitual" de Londres. Escribíu novela, conto e teatro. A súa técnica narrativa é a das novelas do século XIX, pero os temas —soedade, fracaso, repetición, incomunicación— son característicos da literatura contemporánea.

O ESCRITOR italián Leonardo Sciascia deu a conocer un volume de ensaios tiduado *La corda bassa*. Trátase dunha coleción de escritos sobre autores e cousas siciliáns; a partir do Quiñentos, pasa por Pirandello e chega deica os nosos días con *I Giardini*, de Bruno Caruso. O seu primeiro libro, *Le parrocchie di Regalpetra*, data do 1956. As obras de Sciascia teñen como tema a historia contemporánea ou antiga de Sicilia.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venda e suscripción

Número solto	70 ptas.
Extranxeiro	85 "
Suscripción anual, 4 números	240 "
Estranxeiro	280 "

Redacción e Administración

Editorial Galaxia. — Reconquista, 1 — Vigo

Impreso nos Talleres ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Burgos, 96 (interior) - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

EDITORIAL
GALAXIA, SA